

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 23 de DECEMBRO de 2016**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 23 de decembro de 2016, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

*Declaración institucional sobre a supresión das excepcións normativas que posibilitan actos de crueldade con animais como o tiro ao pombiño.

Actas

1.-Aprobación das actas das sesións anteriores seguintes: extraordinaria número 11/16, do 18 de novembro e ordinaria número 12/16, do 25 de novembro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da número 27901 á número 31100, de 2016.

Comisión de Cultura e Normalización Lingüística

3.-Concesión de subvención nominativa á Asociación Cultural da Cruña Alexandre Bóveda para financiar a celebración do 40 aniversario da ACAB e aprobación do correspondente convenio.

4.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo correspondente á subvención nominativa concedida para financiar os Cursos de Verán na sede da Coruña no ano 2016.

5.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a Programación cultural do ano 2016.

6.-Concesión da subvención nominativa á Asociación de Actores e Actrices de Galicia para financiar os Premio María Casares 2016 e actividades paralelas e aprobación do correspondente convenio.

Comisión de Deportes e Mocidade

7.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Hockey Club Liceo de La Coruña correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a participación na OK Liga e na Copa de Europa de Hockey sobre patíns do ano 2016.

8.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Rácing Club Ferrol correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a "escola deportiva: promover, difundir e apoiar o fútbol base".

9.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Praia de Pantín correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a realización do Campionato do mundo "Pantín Classic Galicia Pro 2016" .

Comisión de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero

10.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Lucha contra las enfermedades del riñón de A Coruña para financiar o “Programa de exercicio físico e psicosocial para persoas con enfermidades crónicas e familiares. Bule con Alcer 2016”.

11.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Narón para financiar o “Programa de erradicación do chabolismo en 2016”.

Comisión de Promoción Económica e Emprego

12.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Cámara de Comercio da Coruña para financiar o proxecto “EXPORPYMES 2016”.

13.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela para financiar os números 21 e 22 da Revista de Facenda Pública Urbana.

14.-Proposta de ratificación do ditame do expediente correspondente ao convenio entre a Deputación da Coruña e a Mancomunidade de Concellos de Serra do Barbanza para financiar o proxecto “Adquisición camiós recolectores de residuos sólidos urbanos”.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

15.-Toma de coñecemento da tramitación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cabana de Bergantiños para a xestión da atención de visitantes ao Dolmen de Dombate e actividades culturais complementarias de posta en valor do Dolmen de Dombate e a cultura megalítica, ano 2017.

16.-Toma de coñecemento da tramitación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Capela para a xestión da atención de visitantes e outras actividades culturais no Mosteiro de Caaveiro, ano 2017.

17.-Proposta de modificación do convenio formalizado co Concello de Arteixo o 4 de decembro de 2014 (Núm. 297/2014) para a cesión de infraestruturas, servizos e parcelas do Polígono de Sabón e aprobación da modificación do Plan director.

18.-Aprobación da rectificación do inventario de bens da Deputación Provincial da Coruña.

19.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Refuxio de Animais para financiar os gastos de funcionamento no ano 2016.

20.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Eu son Mazaricos para financiar o proxecto “A esencia MZ”.

21.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ordes para financiar o Festival de Arte urbana DesOrdes Creativas.

Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente

22.-Aprobación inicial da segunda fase do Plan de travesías da anualidade 2016.

23.-Aprobación do Plan de conservación de vías provincias 2016, sexta fase.

24.-Aprobación do Plan de sendas peonís 2016, sexta fase.

25.-Aprobación do Plan de investimento de vías provinciais 2016, quinta fase.

26.-Aprobación do proxecto complementario nº 1 da obra “Reurbanización e mellora da seguridade viaria na DP 1704, PK 10,480 ao 11,310 (Carral)” do Plan de travesías 2015, código 2015.1130.0011.0.

27.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela para o financiamento dunha actividade investigadora sobre a especie invasora vespa velutina (avespa asiática).

28.-Aprobación da 2ª fase do Plan provincial de medio ambiente 2016 (PMA-2016).

29.-Aprobación do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a entidade Asociación Ferrolá de drogodependencias ASFEDRO para o financiamento do programa de intervención no lecer nocturno “Educando no Lecer”.

30.-Aprobación do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña para financiar o Programa de erradicación do chabolismo e infravivenda 2016.

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico

31.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Capela para o financiamento da obra de “Saneamento e abastecemento de auga para o novo centro de saúde As Neves”

32.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cerdido para o financiamento da obra de “Reformas na piscina municipal do Castro”

33.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Corcubión para o financiamento da obra de “Dotación dun aseo na Capela do Pilar”

34.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ordes para o financiamento da obra de “Prolongación beirarrúas Rúa dos Lagartos”

35.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de San Sadurniño para o financiamento da obra de “Aglomerado e formación de beirarrúas no camiño do Inxerto”

36.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Colectivo de Cociñeiros da Coruña para o financiamento do proxecto “Actividades de promoción turística da provincia a través de eventos gastronómicos”

37.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Diocese de Mondoñedo-Ferrol para o financiamento do proxecto “Obras na igrexa de San Lorenzo de Doso. Narón”

38.-Aprobación da modificación da solicitude de participación do Concello de Betanzos no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

39.-Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de novembro de 2016 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación e polo Consorcio Provincial Contraintendidos e Salvamento da Coruña entre o 1 e o 30 de novembro de 2016.

40.-Aprobación do informe sobre o estado de execución orzamentaria a 30.11.2016 e proxección a 31.12.2016.

41.-Aceptación da delegación de competencias do Concello de Boimorto en materia de control financeiro sobre as subvencións outorgadas en réxime non competitivo.

42.-Toma de coñecemento do informe final da execución do Plan de auditorías sobre as subvencións pagadas no exercicio 2013, as ampliadas a outros exercicios e as tramitacións por denuncia.

43.-Proposta de desestimación da reclamación presentada por Ricardo Babio Arcay como decano do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos contra o cadro de persoal para 2017.

44.-Proposta de resolución das reclamacións presentadas contra a relación de postos de traballo para o 2017 por:

a.Ricarbo Babio Arcay como decano do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos.

b.Alberto Cadaveira Mahía como secretario da sección sindical da CIG na Deputación Provincial da Coruña.

c.José-Ramón Villalibre Fernández como presidente da Unión Provincial da Coruña da Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSIF-F).

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

-Moción da Marea Atlántica sobre a necesaria supresión das excepcións normativas que posibilitan actos de crueldade con animais como o tiro ao pombiño na provincia da Coruña.

[-Moción Do Grupo Provincial Socialista e o Grupo do BNG-Asembleas Abertas da Deputación Provincial da Coruña sobre a reinversión do superávit.](#)

ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 23 DE DECEMBRO DE 2016

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 23 de decembro de 2016, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO

PSOE

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

D. JAVIER CAÍNZOS VÁZQUEZ	PP
D. JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
D ^a . CLAUDIA DELSO CARREIRA	MAREA ATLÁNTICA
D. DANIEL DÍAZ GRANDÍO	MAREA ATLÁNTICA
D. JUAN JOSÉ DIESTE ORTIGUEIRA	PP
D. MANUEL DIOS DIZ	COMPOSTELA ABERTA
D. BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO	PSOE
D ^a M ^a ROCÍO FRAGA SÁENZ	MAREA ATLÁNTICA
D ^a . M ^a ÁNGELA FRANCO POUSO	BNG
D. GUMERSINDO PEDRO GALEGO FEAL	PP
D ^a ROSA M ^a GALLEGRO NEIRA	PP
D. JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO	PP
D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
D ^a . SUSANA GARCÍA GÓMEZ	PP
D. JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
D. ANGEL GARCÍA SEOANE	ALTERNATIVA VV.
D. AGUSTÍN HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ DE ROJAS	PP
D. ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
D. MANUEL MUIÑO ESPASANDIN	BNG
D. JOSÉ LUIS OUJO POUSO	PP
D ^a MARIEL PADÍN FERNÁNDEZ	PP
D. EDUARDO JOSÉ PARGA VEIGA	PP
D. JUAN VICENTE PENABAD MURAS	PSOE

D. JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
D. XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
D. MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
D. LUIS RUBIDO RAMONDE	PP
D. JULIO SACRISTÁN DE DIEGO	PSOE
D ^a . M ^a GORETTI SANMARTIN REI	BNG
D. XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supevia, Secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. Presidente

Imos empezar antes do Pleno cun minuto de silencio polas vítimas da violencia machista destes días en Santiago e Vigo.

(A Corporación garda un minuto de silencio)

Sr. Presidente

Este minuto vai dedicado, evidentemente, agora que rematamos o ano, non só ás vítimas de violencia dos últimos días, senón ás case cen vítimas da violencia machista de todo o exercicio, e tamén como mostra de tolerancia cero da provincia da Coruña contra as decenas de miles de denuncias por ese tipo delitivo.

Sr. Secretario

Os grupos políticos con representación na Deputación da Coruña (Alternativa dos Veciños, BNG-Asembleas Abertas, Compostela Aberta, Marea Atlántica, PSdeG-PSOE e Partido Popular) presentan a seguinte

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PARA A SUPRESIÓN DAS EXCEPCIÓNS NORMATIVAS QUE POSIBILITAN ACTOS DE CRUELDADE COS ANIMAIS COMO O TIRO AO POMBIÑO

O denominado ‘tiro ao pombiño’ é unha práctica anacrónica e cruenta que consiste na matanza sistemática de pequenas pombas para divertimento dunha minoría que semella desfrutar da morte de aves ás que se lle recurtan parte das ás ou das colas para que, así, sexa máis sinxelo “atinar na diana”. Animais aos que se mutila por mero divertimento grazas a unha ignominiosa excepción normativa que, na Lei de

Protección dos Animais de 1993 se introducíu como forma de cesión cara un lobby que nada ten que ver coa actividade cinexética nen coa sensibilidade maioritaria da cidadanía.

Ducias de milleiros de sinaturas recollidas por organizacións como a Asociación Animalista Libera ou a entidade internacional Fondation Franz Weber, lémbrennos a necesidade de que os poderes públicos tomen decisións a prol do benestar animal e contra a violencia e crueldade que se exercen, ou exercían, en determinadas actividades. Podemos dicir que as pelexas de galos e de cans pasaron á Historia por seren consideradas actos de violencia, máis todavía seguimos arrastrando determinadas prácticas, incluído o ‘tiro ao pombiño’, onde a morte de animais fluctúa como eixo central dunha estrana modalidade de ocio.

No último ano temos comprobado que os outrora grandes patrocinadores destes eventos de crueldade onde se desenvolve dita actividade, desvincularon a súa actividade comercial do apoio ao campionato de ‘tiro ao pombiño’, e como o propio goberno galego, a través da Fundación Galicia Deporte, subsidiou, tal e como denunciaron as entidades animalistas, aos organizadores con centos de euros para promover algo rexeitado pola inmensa maioría da sociedade galega.

O maltrato animal non debería gozar de excepción algunha nun marco normativo moderno, e aproveitando o desenvolvemento dun novo Proxecto de Lei de Benestar Animal, o pleno da Deputación de Coruña quere marcar posición sobre unha situación de extrema violencia, que non representa a Galicia e que só se produce por obra e graza dos grupos de presión que introducen “enmendas” á protección dos animais para manter certos privilexios e subsidios.

Por todo isto, a Deputación da Coruña:

- 1.- Insta á Xunta de Galicia e á Fundación Galicia Deporte a non apoiar economicamente, ou de calquera outra forma, a realización de campionatos de ‘tiro ao pombiño’ nen as organizacións que promoven estas prácticas cruentas cos animais.
2. Insta á Xunta de Galicia a continuar a tramitación do anteproxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, mantendo o texto coa prohibición de celebración de competicións do Tiro ó Pombiño.”
3. Comprométese a non colaborar, patrocinar ou apoiar a realización de campionatos de ‘tiro ao pombiño’ por consideralos actos de crueldade contra os animais.
4. Esta declaración trasladarase ao presidente da Xunta de Galicia.

**1.-APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES SEGUINTE:
EXTRAORDINARIA NÚMERO 11/16, DO 18 DE NOVEMBRO E ORDINARIA
NÚMERO 12/16, DO 25 DE NOVEMBRO.**

Sr. Secretario

Se ninguén o contradí, corrixase na acta da sesión ordinaria do 25 de novembro, no punto sétimo, un erro mínimo referido á partida orzamentaria que se

imputa ao financiamento do convenio coa Federación Galega de Bandas de Música Populares, concretamente á parte referida á clasificación por programas, que debe de ser 3343, como se deduce do propio orzamento e do informe da Intervención que se achegaba ao expediente, e non a 3341, como por erro figuraba no borrador da acta.

ACORDO

Por unanimidade, apróbanse as actas anteriores: extraordinaria número 11/16, do 18 de novembro e ordinaria número 12/16, do 25 de novembro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA NÚMERO 27901 Á NÚMERO 31100, DE 2016.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da número 27901 á número 31100, de 2016.

3.-CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN CULTURAL DA CRUÑA ALEXANDRE BÓVEDA PARA FINANCIAR A CELEBRACIÓN DO 40 ANIVERSARIO DA ACAB E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 16 de novembro de 2016.

2.- Aprobar a concesión de subvención nominativa á Asoc. Cultural da Cruña Alexandre Bóveda para financiar a *celebración do 40 aniversario da ACAB*, por importe de 30.000 €, cun orzamento subvencionado de 37.500 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2017, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asoc. Cultural da Cruña Alexandre Bóveda para financiar a *celebración do 40 aniversario da ACAB*.

Na Coruña

REUNIDOS

Dona Goretti Sanmartín Rei, deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área

Don Xosé Manuel Sánchez Rei, presidente da Asoc. Cultural da Cruña Alexandre Bóveda.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- A Asoc. Cultural da Cruña Alexandre Bóveda é unha entidade sen ánimo de lucro fundada no ano 1976 na que se integran un total de 235 persoas asociadas.

2.- Son fins desta entidade *promover, espallar e potenciar a lingua e a cultura galegas, en todas ás súas manifestacións, así como o pensamento e a figura de Alexandre Bóveda.*

3.- Este ano a Asoc. Cultural da Cruña Alexandre Bóveda celebra os seus primeiros corenta anos.

4.- A Deputación Provincial da Coruña e a Asoc. Cultural da Cruña Alexandre Bóveda coinciden no seu común interese en realizar este proxecto cultural e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asoc. Cultural da Cruña Alexandre Bóveda (NIF: G15036981) para financiar **a celebración do 40 aniversario da ACAB.**

A Agrupación ten disposto levar a cabo un conxunto de eventos durante todo o ano 2016, dedicando cada mes a un dos seus grupos máis representativos. As principais actividades pensadas para daren conta desas celebracións son as seguintes:

- 40 anos de historia en fotografía
- Gravación dunha curta sobre o papel da muller no mundo asociativo
- Os titiriteiros
- Arredor da lingua e da literatura
- A música, banda sonora da nosa historia
- A recuperación da memoria histórica
- O nacemento da ACAB e o nacemento das Irmandades da Fala
- Celebración do 20º Memorial de Teatro Amador "Ibán Toxeiro"
- Celebración da Gala do XL Aniversario da AC Alexandre Bóveda

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Asoc. Cultural da Cruña Alexandre Bóveda desenvolverá as actividades programadas, segundo se define na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Gastos Directos

Contratación do persoal de apoio para realizar as actividades	8.000,00 €
Contratación externa de servizos	10.500,00 €
Contratación grupos	15.000,00 €

Gastos Indirectos

Gastos Xerais da entidade	4.000,00 €
---------------------------	------------

TOTAL **37.500,00 €**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **80,00 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asoc. Cultural da Cruña Alexandre Bóveda obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asoc. Cultural da Cruña Alexandre Bóveda.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asoc. Cultural da Cruña Alexandre Bóveda, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 €, con carácter previo á contratación, a Asoc. Cultural da Cruña Alexandre Bóveda deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asoc. Cultural da Cruña Alexandre Bóveda.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Asoc. Cultural da Cruña Alexandre Bóveda unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscripta polo representante legal da Asoc. Cultural da Cruña Alexandre Bóveda, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2016.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2016, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asoc. Cultural da Cruña Alexandre Bóveda deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2017**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asoc. Cultural da Cruña Alexandre Bóveda para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asoc. Cultural da Cruña Alexandre Bóveda da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asoc. Cultural da Cruña Alexandre Bóveda.

Se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Asoc. Cultural da Cruña Alexandre Bóveda terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Asoc. Cultural da Cruña Alexandre Bóveda deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Asoc. Cultural da Cruña Alexandre Bóveda destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asoc. Cultural da Cruña Alexandre Bóveda deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asoc. Cultural da Cruña Alexandre Bóveda poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asoc. Cultural da Cruña Alexandre Bóveda queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei

9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asoc. Cultural da Cruña Alexandre Bóveda serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asoc. Cultural da Cruña Alexandre Bóveda será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2017** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2016.

2.- Previa solicitude da Asoc. Cultural da Cruña Alexandre Bóveda, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

4.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE INTERNACIONAL MENÉNDEZ PELAYO CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA PARA FINANCIAR OS CURSOS DE VERÁN NA SEDE DA CORUÑA NO ANO 2016.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, Marea Atlántica e Compostela Aberta e a abstención de Alternativa dos Veciños, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 18 de novembro de 2016.

2.- Aprobar o convenio coa Universidade Internacional Menéndez Pelayo (NIF Q2818022B) correspondente á subvención nominativa, por importe de 80.000 €, concedida para financiar os *Cursos de Verán na sede da Coruña no ano 2016*, cun orzamento subvencionado de 100.830,00 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2017, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo para financiar os *Cursos de Verán na sede da Coruña no ano 2016*.

Na Coruña,

REUNIDOS

Dona Goretta Sanmartín Rei, deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área

Don César Nombela Cano, reitor magnífico da Universidade Internacional Menéndez Pelayo, no seu nome e representación

EXPOÑEN

Que, segundo o disposto no convenio de cooperación suscrito o 10 de xullo de 1982, a Deputación da Coruña ven colaborando económica e institucionalmente coas actividades docentes e culturais que a Universidade Internacional Menéndez Pelayo desenvolve cada ano na Coruña.

Que, como parte da súa política de fomento en materia de educación e, de acordo co disposto no art. 118.d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, o Pleno da Deputación, aprobou incluír no EMC 4/2016 unha subvención nominativa para o financiamento dos *Cursos de Verán na sede da Coruña no ano 2016*.

Para tal efecto e dado o interese coincidente de ámbalas dúas partes, a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo (NIF: Q2818022B) para financiar os ***Cursos de Verán na sede da Coruña no ano 2016*** de acordo co seguinte programa:

1. En la frontera de la publicidad 3.0

A Coruña

Do 19 ao 21 de outubro

Director: Valentín A. Martínez Fernández

2. Consecuencias fiscales de los pactos sucesorios de derecho civil de Galicia

A Coruña

28 de outubro

Director: César García Novoa

3. E-juristas: más allá de la tecnología legal

A Coruña

3 e 4 de novembro

Director: Carlos A. Gómez Otero

4. Los derechos a la intimidad, honor y a la propia imagen ante internet y las redes sociales

A Coruña

7 e 8 de novembro

Director: Ramón Herrera Campos

5. Protocolo, comunicación e imagen de las instituciones y la empresa

A Coruña

10 e 11 de novembro

Director: Fernando Ramos Fernández

6. Actuaciones urbanas sostenibles

A Coruña

Do 14 ao 16 de novembro

Director: Arturo Franco Taboada y José R. Garitaonandía de Vera

7. Pequeña y mediana empresa y consumo

A Coruña

Do 21 ao 23 de novembro

Director: José Luis Pérez-Serrabona González

8. Comunicación integral en medicina

Santiago de Compostela

24 e 25 de novembro

Director: Rafael López López

9. Nuevas perspectivas del derecho de autor en la Unión Europea.

A Coruña

Do 28 ao 30 de novembro

Director: Eduardo Serrano Gómez

Este programa poderá ter variacións que deberán ser comunicadas previamente á Deputación Provincial da Coruña.

II.- Orzamento da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

As actividades realizaranse de acordo co seguinte orzamento:

Gastos

Directos:

Honorarios de profesores	41.020.-
Aloxamento e manutención	17.484.-

Viaxes de profesores	30.691.-	
Tradución simultánea	800.-	
Publicidade e difusión	735.-	
Reprografía e material	1.100.-	
Outros gastos	300.-	
Total directos	92.130.-	
Indirectos:		
Comunicacións (telefónicas, postais, etc)	600.-	
Limpeza	600.-	
Persoal actividades	7.500.-	
Total indirectos	8.700.-	
Total gastos		100.830.-
Ingresos:		
Ingresos dispostos por matrículas	11.700.-	
Total ingresos		11.700.-

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **80.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **79,34 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado é suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,34 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3269/42390, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Universidade Internacional Menéndez Pelayo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Universidade Internacional Menéndez Pelayo, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Universidade Internacional Menéndez Pelayo unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita pola persoa responsable da sede da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2016.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2016**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2017**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Universidade Internacional Menéndez Pelayo para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidade Internacional Menéndez Pelayo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidade Internacional Menéndez Pelayo na documentación aportada; e se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Universidade Internacional Menéndez Pelayo deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do

Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Universidade Internacional Menéndez Pelayo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidade Internacional Menéndez Pelayo serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Universidade Internacional Menéndez Pelayo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2017** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2016.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2017 autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Universidade Internacional Menéndez Pelayo, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

5.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A REAL ACADEMIA GALLEGA DE BELLAS ARTES DE NUESTRA SEÑORA DEL ROSARIO CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA PARA FINANCIAR A PROGRAMACIÓN CULTURAL DO ANO 2016.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 30 de novembro de 2016.

2.- Aprobar o convenio coa *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario* correspondente á subvención nominativa, por importe de 18.000 €, concedida para financiar as *Programación cultural do ano 2016*, cun orzamento subvencionado de 22.500 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2017, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario* para financiar a *Programación cultural do ano 2016*.

Na Coruña,

REUNIDOS

Dona Goretti Sanmartín Rei, deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área

D. Manuel Quintana Martelo, presidente da *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario*.

MANIFESTAN

Que ámbalas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

A *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario*. fundouse por Real decreto do 31 de outubro de 1849. A súa finalidade primordial é o cultivo das belas artes en todas as súas varias manifestacións dentro da Comunidade Autónoma de Galicia. Os estatutos vixentes foron aprobados por Decreto 141/2004, do 25 de xuño.

Nos fins da *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario* resaltan o estudo, salvagarda e promoción das artes e, por conseguinte, do patrimonio cultural galego. Funcións especificadas nos seus estatutos e desenvoltas a través dos plenarios e en actividades, polos académicos numerarios, de honra e correspondentes, todos eles profesionais e especialistas de recoñecido prestixio nas seccións de Pintura, Gravado, Arquitectura, Arqueoloxía e Museoloxía, expertos nas Artes e Artes da Imaxe.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario* coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario* (CIF: Q1568002H) para financiar a *Programación cultural do ano 2016*.

Este ano centrarase prioritariamente en aspectos organizativos, tales como, a catalogación de fondos académicos, a celebración de comisións, sesións, informes e peritaxes, impresión de materiais e páxina web, a conservación do patrimonio artístico académico, actividades culturais, conferencias, cursos e material de difusión e publicacións.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Gastos de persoal (nóminas e Seguridade social)	7.000.-
Contratación de organización actividades	6.000.-
Honorarios técnicos, expertos, relatores	5.000.-
Material gráfico e difusión	2.000.-
Gastos xerais (gastos indirectos)	2.500.-
Total	22.500 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **18.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **80 %**.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é incompatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario* obteña para a mesma finalidade.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario*.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario*, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 €, con carácter previo á contratación, a *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario* deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario*.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario* unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario*, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2016.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2016**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario* deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2017**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario* para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario* da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56^a.6^o das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario* na documentación aportada.

Se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario* terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario* deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario* destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario* deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario* poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a *Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario* queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario* serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario* será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicatoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2017** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2016.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2017, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario*, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

6.-CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN DE ACTORES E ACTRICES DE GALICIA PARA FINANCIAR OS PREMIO MARÍA CASARES 2016 E ACTIVIDADES PARALELAS E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa á Asoc. de Actores e Actrices de Galicia para financiar os *Premios María Casares 2016 e actividades paralelas*, por

importe de 15.000 €, cun orzamento subvencionado de 18.750,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de novembro de 2016.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2017, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asoc. de Actores e Actrices de Galicia para financiar os Premios María Casares 2016 e actividades paralelas.

Na Coruña

REUNIDOS

Dona Goretti Sanmartín Rei, deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

Dona María Isabel Rivera Torres, vicepresidenta da Asoc. de Actores e Actrices de Galicia.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- A Asoc. de Actores e Actrices de Galicia é unha entidade privada na que se integran un total de 291 persoas asociadas.

2.- Son fins desta entidade agrupar actores e actrices para a defensa dos seus intereses profesionais, ademais da celebración de accións xerais de fomento das artes escénicas e audiovisuais dirixidas ao conxunto da sociedade galega, elaboración de propostas de mellora, modernización e racionalización das políticas culturais en Galicia e, en xeral, calquera actividade que contribúa a estimular as prácticas e os consumos escénicos e audiovisuais en Galicia.

3.- A Asoc. de Actores e Actrices de Galicia ten o propósito de conmemorar a vixésima edición dos Premios María Casares.

4.- A Deputación Provincial da Coruña e a Asoc. de Actores e Actrices de Galicia coinciden no seu común interese en realizar este proxecto cultural e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asoc. de Actores e Actrices de Galicia (NIF: G15089410) para financiar **os Premios María Casares 2016 e actividades paralelas.**

A asociación aproveitando a efeméride do vixésimo aniversario, realizará unha serie de actividades co obxectivo de reivindicar e difundir a figura desta actriz galega de prestixio internacional:

- Proxección no CGAI
- Coa voz de María Casares
- Coloquio sobre María Casares e material audiovisual
- A poesía de María Casares
- Colaboración con Cineuropa
- Colaboración ca Escola Superior de Arte Dramática

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Asoc. de Actores e Actrices de Galicia desenvolverá as actividades programadas, segundo se define na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Salarios		11.100,00
Persoal XX aniversario	9.600,00	
Persoal AAGG administración	1.500,00	
Contratacións externas		4.200,00
Colaboracións persoal artístico. Recital poético	1.500,00	
Colaboracións lectura fragmentos Diario cultural	300,00	
Colaboracións Coloquios Cineuropa	400,00	
Colaboracións CGAI+Coloquio	200,00	
Dirección e coordinación actividades	1.800,00	
Gastos desprazamentos		1.250,00
Persoal contratado	350,00	
Relatores	400,00	
Xunta Directiva	500,00	
Dereitos de autor (dereitos de imaxe)		1.200,00
Gastos correntes (teléfonos, seguros RC, Asesoría)	850,00	
Impresións materiais (plotters, carteis, dosieres)	150,00	
TOTAL		18.750,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **15.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **80,00 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado é suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asoc. de Actores e Actrices de Galicia obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asoc. de Actores e Actrices de Galicia.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asoc. de Actores e Actrices de Galicia, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 €, con carácter previo á contratación, a Asoc. de Actores e Actrices de Galicia deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asoc. de Actores e Actrices de Galicia.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Asoc. de Actores e Actrices de Galicia unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asoc. de Actores e Actrices de Galicia, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2016.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2016, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asoc. de Actores e Actrices de Galicia deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2017**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asoc. de Actores e Actrices de Galicia para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asoc. de Actores e Actrices de Galicia da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asoc. de Actores e Actrices de Galicia.

Se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Asoc. de Actores e Actrices de Galicia terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Asoc. de Actores e Actrices de Galicia deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Asoc. de Actores e Actrices de Galicia destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asoc. de Actores e Actrices de Galicia deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asoc. de Actores e Actrices de Galicia poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asoc. de Actores e Actrices de Galicia queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co

límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asoc. de Actores e Actrices de Galicia serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asoc. de Actores e Actrices de Galicia será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2017** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2016.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2017 autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Asoc. de Actores e Actrices de Galicia, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na

Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

7.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O HOCKEY CLUB LICEO DE LA CORUÑA CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA PARA FINANCIAR A PARTICIPACIÓN NA OK LIGA E NA COPA DE EUROPA DE HOCKEY SOBRE PATÍNS DO ANO 2016.

INTERVENCIÓNS

Sr. Díaz Grandío

Bo día. En primeiro lugar, felicitar as festas tanto ás traballadoras e traballadores desta casa como ás deputadas e deputados dos Grupos que conforman este Pleno.

Recoñezo que esta, que será unha das últimas intervencións deste Grupo deste ano 2016, é unha intervención dolorosa. A primeira vez que este Grupo tomou a palabra nos plenos de 2016 foi porque unha entidade moi importante para a cidade da Coruña como foi e como é a Orquestra Sinfónica de Galicia estaba a pasar por malos momentos, e agora pechamos o ano falando do mesmo, pero cambiando neste caso de protagonista.

Pouco se pode dicir que non se saiba do Liceo, equipos masculino e feminino de elite e na elite, un equipo con máis de vinte títulos internacionais, sete ligas da mellor liga do mundo, nove Copas do Rei, seis Copas de Europa e cinco Copas Intercontinentais, un equipo que disputa a mellor liga do mundo, como xa dixeran, a OK Liga, a máxima competición nacional e tamén a mellor competición de liga de todo o mundo, unha competición na que temos que recalcar que compite en desigualdade de condicións. Dos dezaseis clubs que forman parte desta OK Liga, catorce son equipos ou clubs cataláns, un madrileño e o outro, o único de Galicia tras o descenso do Cerceda, do Patín Cerceda neste último ano. Iso fai que este club teña que competir, ano tras ano, en desigualdade de condicións, dedicando un orzamento en desprazamentos que en moitos casos chega a ser un orzamento superior a calquera dos outros clubs que compiten nesta competición.

Pedimos pois aos Grupos que apoiem este punto polo importante que pode ser para a institución, pedimos ás administracións que apoiem, polo importante que pode ser para a institución, pero tamén pedimos responsabilidade ao club, ás contas do club que parecen non estar pasando polo seu mellor momento e isto chama e clama por unha mellor xestión, chama por unha redución da débeda e chama por un saneamento das arcas do club.

Reitero que imos votar a favor e reiteramos tamén a solicitude ao resto dos Grupos. Grazas.

Sr. García Seoane

Eu aquí vou votar en contra, xa o manifestei na Comisión, eu estou en contra de que os diñeiros públicos sexa para financiar os xogadores de calquera equipo, sexa de primeira, de segunda ou de terceira, se son os de arriba deben de moverse e vemos como está pasando no país que as contas non cadran e en moitas desas sociedades hai gastos de loucura e polo tanto, eu son dos que aposto porque o diñeiro público sexa para axudar realmente ás pequenas entidades, aos que realmente manteñen neste país o deporte vivo, que son os pequenos clubs en axudas de transporte, aquí podía decidir cambiar o meu voto se fose un diñeiro para transporte, pero para pagar soldos eu négome rotundamente, simplemente, así que o meu voto vai ser negativo.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG e 3 de Marea Atlántica)

Votan en contra: 1 deputados (Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: 1 deputado (Compostela Aberta)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Marea Atlántica, a abstención de Compostela Aberta e o voto en contra de Alternativa dos Veciños, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 30 de novembro de 2016.

2.- Aprobar o convenio co Hockey Club Liceo de La Coruña correspondente á subvención nominativa, por importe de 85.000 €, concedida para financiar a participación na OK liga e na Copa de Europa de Hockey sobre patíns do ano 2016, cun orzamento subvencionado de 106.500 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2017, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Hockey Club Liceo de La Coruña correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a participación na OK liga e na Copa de Europa de Hockey sobre patíns do ano 2016

Na Coruña,

REUNIDOS

D. José García Liñares, deputado de Deporte e Mocidade, en virtude das resolucións da Presidencia número 2015/15671 e 2015/16642, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa area.

D. Eduardo Lamas Sánchez, presidente do Hockey Club Liceo de La Coruña

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte.

Que o **Hockey Club Liceo de La Coruña** é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Hockey Club Liceo de La Coruña**, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o **Hockey Club Liceo de La Coruña** (CIF:G15075278) para financiar **a participación na OK liga e na Copa de Europa de Hockey sobre patíns do ano 2016**

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

O **Hockey Club Liceo de La Coruña** desenvolve as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Soldos e salarios (deportistas e técnicos)	58.500,00 €
Desprazamentos e competicións (viaxes, estadías, traslados)	17.000,00 €
Gastos federativos (dereitos de participación, xestión, etc.)	16.000,00 €
Técnicos deportivos (coordinador deportivo, outros profesionais)	6.000,00 €
Gastos xerais e de administración	6.000,00 €
Atencións médicas (seguros médicos e outros profesionais)	1.000,00 €
Material deportivo (roupa, sticks, guantes, xeonlleiras, etc.)	1.000,00 €
Gastos categorías inferiores (desprazamentos, licenzas, mutualidades)	1.000,00 €
Total	106.500,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **85.000€**, o que representa unha porcentaxe do **79,81%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **79,81%**, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0612/341.1/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.-A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponden **ao Hockey Club Liceo de La Coruña**. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas **ao Hockey Club Liceo de La Coruña**, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o **Hockey Club Liceo de La Coruña**, deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.No caso de que o **Hockey Club Liceo de La Coruña**. tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- Publicidade e financiamento provincial.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Hockey Club Liceo de La Coruña**.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada ao **Hockey Club Liceo de La Coruña**, unha vez que se presente a seguinte documentación:

.- Memoria de actuación (asinada en todas as follas), subscrita polo representante legal do **Hockey Club Liceo de La Coruña** xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

.- Relación clasificada dos gastos realizados, (con IVE e sen IVE) no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

.- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2016.

.- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, descritas na cláusula PRIMEIRA, teñen efectos retroactivos e están comprendidas desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2016.

2. Unha vez rematadas as actividades, **o Hockey Club Liceo de La Coruña** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do día **31 de outubro de 2017**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao **Hockey Club Liceo de La Coruña** para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **Hockey Club Liceo de La Coruña**, da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56 das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Hockey Club Liceo de La Coruña**, na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, **ao Hockey Club Liceo de La Coruña**, terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.

1. O **Hockey Club Liceo de La Coruña** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. O **Hockey Club Liceo de La Coruña**, destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€ nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, ao **Hockey Club Liceo de La Coruña**, deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o **Hockey Club Liceo de La Coruña** poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Hockey Club Liceo de La Coruña** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€ Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Real Federación Española de Fútbol, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Hockey Club Liceo de La Coruña**, será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de outubro de 2017**.

Terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poden realizarse dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2016.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2017, autorice o correspondente Orzamento.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente do **Hockey Club Liceo de La Coruña** respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento. ”

8.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN RÁGING CLUB FERROL CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA PARA FINANCIAR A ”ESCOLA DEPORTIVA: PROMOVER, DIFUNDIR E APOIAR O FÚTBOL BASE”.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, Marea Atlántica e Compostela Aberta e a abstención de Alternativa dos Veciños, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 2 de decembro de 2016.

2.- Aprobar o convenio coa Fundación Racing Club Ferrol correspondente á subvención nominativa, por importe de 30.000 €, concedida para financiar a realización da “escola deportiva: promover, difundir e apoiar o fútbol de base”, cun orzamento subvencionado de 38.050 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2017, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Racing Club Ferrol correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a “escola deportiva: promover, difundir e apoiar o fútbol de base”.

Na Coruña,

REUNIDOS

D. José García Liñares, deputado de Deporte e Mocidade, en virtude das resolucións da Presidencia número 2015/15671 e 2015/16642, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa area.

D. Isidoro Silveira Cameselle, presidente da Fundación Racing Club Ferrol.

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que a **Fundación Racing Club Ferrol** é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a **Fundación Racing Club Ferrol**, coa finalidade de fixar as condicións da súa

colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a **Fundación Racing Club Ferrol** (CIF:G15884257) para financiar a “**escola deportiva: promover, difundir e apoiar o fútbol de base**”.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A **Fundación Racing Club Ferrol** desenvolve as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Material deportivo	3.000,00 €
Material de oficina	100,00 €
Material farmacéutico	250,00 €
Arrendamentos e canons	2.500,00 €
Transportes	20.000,00 €
Primas de seguros (mutualidade, RC)	1.700,00 €
Outros servizos (limpeza e mantemento campos)	1.500,00 €
Soldos e salarios-persoal non deportivo	7.200,00 €
Seguridade Social con cargo a entidade	1.800,00 €
Total	38.050,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000€**, o que representa unha porcentaxe do **78,84%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **78,84%**, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0612/341.1/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.-A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponden á **Fundación Racing Club Ferrol**. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á **Fundación Racing Club Ferrol**, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a **Fundación Racing Club Ferrol**, deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.No caso de que a **Fundación Racing Club Ferrol**. tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- Publicidade e financiamento provincial.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da **Fundación Racing Club Ferrol**.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á **Fundación Racing Club Ferrol**, unha vez que se presente a seguinte documentación:

.- Memoria de actuación (asinada en todas as follas), subscrita polo representante legal da **Fundación Racing Club Ferrol** xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

.- Relación clasificada dos gastos realizados, (con IVE e sen IVE) no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

.- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2016.

.- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, descritas na cláusula PRIMEIRA, teñen efectos retroactivos e están comprendidas desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2016.

2. Unha vez rematadas as actividades, a **Fundación Racing Club Ferrol** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do día **31 de maio de 2017**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento a **Fundación Racing Club Ferrol** para que a presente no prazo improrrogable de **QUINCE DÍAS**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación

aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á **Fundación Racing Club Ferrol**, da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56 das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **Fundación Racing Club Ferrol**, na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a **Fundación Racing Club Ferrol**, terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.

1. A **Fundación Racing Club Ferrol** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. A **Fundación Racing Club Ferrol**, destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€ nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, á **Fundación Racing Club Ferrol**, deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia, a **Fundación Racing Club Ferrol** poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **Fundación Racing Club Ferrol** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€ Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Real Federación Española de Fútbol, serán remitidas á

Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **Fundación Racing Club Ferrol**, será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de outubro de 2017**.

Terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poden realizarse dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2016.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2017, autorice o correspondente Orzamento.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da **Fundación Racing Club Ferrol** respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento. ”

9.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CLUB PRAIA DE PANTÍN CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA PARA FINANCIAR A REALIZACIÓN DO CAMPIONATO DO MUNDO "PANTÍN CLASSIC GALICIA PRO 2016" .

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 9 de decembro de 2016.

2.- Aprobar o convenio co Club Praia de Pantín correspondente á subvención nominativa, por importe de 75.000€, concedida para financiar a realización do Campionato do mundo "Pantín Classic Galicia Pro 2016", cun orzamento subvencionado de 99.767,69 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2017, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Praia de Pantín correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a realización do Campionato do mundo "Pantín Classic Galicia Pro 2016" ”

Na Coruña,

REUNIDOS

D. José García Liñares, deputado de Deporte e Mocidade, en virtude das resolucións da Presidencia número 2015/15671 e 2015/16642, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa area.

D. Miguel Ángel Galeiras Piñón, presidente do **Club Praia de Pantín**

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que o **Club Praia de Pantín** é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Club Praia de Pantín**, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o **Club Praia de Pantín** (CIF:G70177910) para financiar a realización do **Campionato do mundo "Pantín Classic Galicia Pro 2016"**

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

O **Club Praia de Pantín** desenvolve as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Premios evento Pantín classic	69.189,21 €
Montaxe evento e aluguer de maquinaria	13.378,48 €
Emisión en directo do evento	14.700,00 €
Imaxe gráfica e deseño do evento	2.500,00 €
Total	99.767,69 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **75.000€**, o que representa unha porcentaxe do **75,17%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **75,17%**, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0612/341.1/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que

existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.-A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponden **ao Club Praia de Pantín**. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas **ao Club Praia de Pantín**, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, **ao Club Praia de Pantín**, deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaía sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.No caso de que o **Club Praia de Pantín** . tramite e aprrobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- Publicidade e financiamento provincial.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Club Praia de Pantín**.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada ao **Club Praia de Pantín**, unha vez que se presente a seguinte documentación:

.- Memoria de actuación (asinada en todas as follas), subscrita polo representante legal do **Club Praia de Pantín** xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

.- Relación clasificada dos gastos realizados, (con IVE e sen IVE) no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

.- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2016.

.- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, descritas na cláusula PRIMEIRA, teñen efectos retroactivos e están comprendidas desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2016.

2. Unha vez rematadas as actividades, o **Club Praia de Pantín** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do día **31 de outubro de 2017**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao **Club Praia de Pantín** para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **Club Praia de Pantín**, da sanción que, de conformidade co disposto

na Lei de subvencións e na base 56 das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Club Praia de Pantín**, na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, **ao Club Praia de Pantín**, terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.

1. O **Club Praia de Pantín** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. O **Club Praia de Pantín**, destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€ nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, ao **Club Praia de Pantín**, deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o **Club Praia de Pantín** poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que

foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Club Praia de Pantín** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€ Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Club Praia de Pantín**, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Club Praia de Pantín**, será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de outubro de 2017**.

Terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poden realizarse dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2016.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2017, autorice o correspondente Orzamento.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente do **Club Praia de Pantín** respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento. ”

10.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA LAS ENFERMIDADES DEL RIÑÓN DE A CORUÑA PARA FINANCIAR O “PROGRAMA DE EJERCICIO FÍSICO E PSICOSOCIAL PARA PERSOAS CON ENFERMIDADES CRÓNICAS E FAMILIARES. BULE CON ALCER 2016”.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Exceptuar para a tramitación do presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións, e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 9 de decembro de 2016 que consta no expediente.

2. Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Lucha contra las enfermedades del riñón de A Coruña NIF (G15058647), para financiar o “Programa de exercicio físico e psicosocial para persoas con enfermidades crónicas e familiares. Bule con Alcer 2016”, cunha achega da Deputación de 36.000,00 €, que supón unha porcentaxe do 41,49 % do orzamento subvencionado, que é de 86.766,00 €, importe que será aboado conforme ao previsto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio, e con cargo á partida 0611/23121/481 do orzamento vixente.

3. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2017 tendo en conta que a vixencia do convenio se estende ata o 31 de maio de 2017.

Nº 2016/

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE A CORUÑA (ALCER) PARA O FINANCIAMENTO DO “PROGRAMA DE EJERCICIO FÍSICO E PSICOSOCIAL PARA PERSOAS CON ENFERMEDADES CRÓNICAS E FAMILIARES. BULE CON ALCER 2016”

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña,

Dunha parte Dña. Ánxela Franco Pouso, deputada de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade, en virtude das Resolucións da Presidencia nº 15671/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega competencia para asinar convenios na súa área.

D. Rafael Ramón Rodríguez Martínez, presidente da Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de A Coruña (ALCER)

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

A Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de A Coruña (ALCER) ten como fins a atención en procesos de rehabilitación psicosocial e inclusión laboral e

social das persoas con discapacidade xerada por doenzas crónicas susceptibles de transplante, así como a execución de actividades culturais, de ocio e deportivas que faciliten a participación e a atención socio-sanitaria do colectivo. Esta asociación desenvolve as súas actividades no ámbito da provincia da Coruña.

É competente a Deputación, para o previsto no convenio, conforme á Lei de bases de réxime Local 7/85, art. 36, e a de Admón. Local de Galicia, 5/97, art. 109 a 119, para a colaboración no financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración.

A Deputación ten competencia para colaborar no financiamento de actividades no ámbito socio-sanitario consistentes en aumentar á autonomía, paliar as limitacións ou sufrimentos e facilitar a inserción social de enfermos crónicos (Lei 8/2008 do 10 de xullo de saúde de Galicia), sempre que os ditos servizos os presten entidades de iniciativa social, (sen ánimo de lucro), como é o caso da Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de A Coruña (ALCER), e suplindo ou completando as competencias das administracións públicas. Neste caso consta a colaboración expresa de varios concellos que fan unha colaboración económica para o resto do cofinanciamento do programa.

Segundo a Lei de servizos sociais 13/2008, art. 62 e 63, os concellos deben colaborar no fomento dos servizos que prestan as entidades de iniciativa social, e a Deputación é competente para dar apoio aos concellos nas prestacións dos servizos sociais. Neste caso está claro o interese provincial da actividade posto que do servizo poderanse beneficiar usuarios/as procedentes e derivados/as dos concellos sinalados no obxecto deste convenio.

Dado o interese coincidente da Deputación e da entidade, ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de A Coruña (ALCER), CIF G15058647, para o financiamento do “Programa de exercicio físico e psicosocial para persoas con enfermidades crónicas e familiares. Bule con Alcer 2016”, para promover a actividade física e a interacción social para persoas con enfermidade crónica, á espera de transplantes, transplantadas e aos seus familiares.

O ámbito territorial é a provincia da Coruña e o programa xa se desenvolve en: Ferrol, A Coruña, Boiro, Melide, Arteixo, Culleredo, Santiago de Compostela, Ortigueira, Teo, Narón e Cedeira, abrangendo así un espazo xeográfico da provincia que vai dende a parte norte (Ortigueira), pasando polo centro (Santiago de Compostela) ata chegar o sur (Boiro).

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE A CORUÑA (ALCER)

A Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de A Coruña (ALCER), levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Persoal técnico	Salario anual	Bruto	% Destinado	Importe
1.1 Traballador social	26.088,00 €		30 %	7.826,40 €
1.2. Licenciado en INEF	26.088,00 €		100 %	26.088,00 €
1.3. Xestor administrativo	26.088,00 €		50 %	13.044,00 €
1.4. 11 Monitores da actividade física	31.968,00 €		100 %	31.968,00 €
Desprazamentos	Importe Km	Km mensuais	Meses	Importe
Equipo técnico	0,19	2000	12	4.560,00 €
Autoestrada				2.595,60 €
Voluntarios	0,19	300	12	684,00 €
Total				86.766,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **36.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **41,49%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **41,49 %** da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **41,49%**, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0611/23121/481**, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de A Coruña (ALCER), obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de A Coruña (ALCER). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de A Coruña (ALCER), nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de A Coruña (ALCER) deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos (dípticos, carteis, notas de prensa...), radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet (na súa páxina web...), carpa e accesorios, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de A Coruña (ALCER) .

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de A Coruña (ALCER), unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de A Coruña (ALCER), xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos/as usuarios/as atendidos por concello e actividade, e dos resultados obtidos.

- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os/as acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, **realizaranse entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 31 de decembro do 2016.**

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de A Coruña (ALCER) deberá presentar a xustificación documental antes do **31 de maio de 2017.**

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de A Coruña (ALCER) para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de A Coruña (ALCER) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56^a.6 das de execución do orzamento da Deputación, pódalle corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de A Coruña (ALCER) na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de A Coruña (ALCER) terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. A Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de A Coruña (ALCER) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das devanditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de A Coruña (ALCER) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de A Coruña (ALCER) deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de A Coruña (ALCER) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de A Coruña (ALCER) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a

cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIONES

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de A Coruña (ALCER) serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de A Coruña (ALCER) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación de gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2016, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio de 2017**, todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.

2. Para o caso de que a Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de A Coruña (ALCER) non poida ter presentada a xustificación antes do día 31 de maio de 2017, deberá solicitar polo menos dous meses antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2017**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Asociación de Lucha Contra Enfermedades del Riñón de A Coruña (ALCER) perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da

dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día de de
E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

11.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE NARÓN PARA FINANCIAR O “PROGRAMA DE ERRADICACIÓN DO CHABOLISMO EN 2016”.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Exceptuar para a tramitación do presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións, e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de data 9 de decembro de 2016 que consta no expediente.

2. Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Narón NIF P1505500G, para financiar o “Programa de erradicación do chabolismo no 2016” cunha achega da Deputación de 33.424,07 €, que supón unha porcentaxe do 52,70 % do orzamento subvencionado, que é de 63.424,07 €, importe que será aboado conforme ao previsto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio, e con cargo á partida 0611/23121/46201 do orzamento vixente.

3. Condicionar o presente gasto a existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2017 tendo en conta que a vixencia do convenio esténdese ata o 31 de maio de 2017.

Número: /2016

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE NARÓN PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ERRADICACIÓN DO CHABOLISMO NO ANO 2016

Na Coruña, o ____ de _____ de _____ na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dna. Ánxela Franco Pouso, deputada de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade e Política de Igualdade, en virtude das Resolucións da Presidencia número 1567/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega competencia para asinar convenios na súa área.

D. José Manuel Blanco Suárez, alcalde-presidente do Concello de Narón.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97 , art. 109 e 119, así como coa Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008 e no Decreto 99/2012 do 16 de marzo.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación da Coruña para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen as ditas actividades.

Os concellos, en virtude do establecido na vixente Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no artigo 60, apartado 1b), teñen atribuídas competencias para a creación, xestión e mantemento dos servizos sociais específicos sen prexuízo do establecido no artigo 59^{ai}).

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello de Narón ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Narón, CIF P1505500G, para o financiar o Programa de erradicación do chabolismo, mediante financiamento do persoal e servizos externos e conseguir a promoción da integración xitana desde o recoñecemento á súa identidade cultural desenvolvendo accións en diversos ámbitos: laboral, cultural, vivenda, etc.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA.

O Concello de Narón levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO		IMPORTE
Gastos de persoal	Salarios	47.279,00 €
	Seguridade Social	12.721,00 €

CONCEPTO	IMPORTE
Servizos Externos	3.424,07 €
TOTAL GASTOS	63.424,07 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 33.424,07 €, o que representa unha porcentaxe do 52,70 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 52,70 %, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando o Concello de Narón que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Para a anualidade 2016 existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de Narón que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao Concello de Narón o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2.No procedemento de contratación, o Concello de Narón axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.No caso de que o Concello de Narón tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Narón.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1 - Coa posibilidade prevista no disposto na base 57ª das de execución do orzamento para o ano 2016 ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagábel, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Narón, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionábel unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- O Concello de Narón estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2 - Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Concello de Narón, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Narón na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Narón terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, realizaranse entre o **2 de xaneiro e o 31 de decembro de 2016**.

2. Unha vez realizada a actividade, o Concello de Narón deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta, **antes do 31 de maio de 2017**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ó Concello de Narón para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Narón da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Narón na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Narón terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Narón deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello de Narón destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Narón poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Narón queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de

sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Narón serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Narón será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 2 de xaneiro do 2016, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio de 2017**, todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.

2.Para o caso de que o Concello de Narón non poida ter presentada a xustificación **antes do día 31 de maio de 2017**, deberá solicitar, polo menos, dous meses antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada , co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente

para o pago do segundo prazo pola contía do 50% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2017**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Narón perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Narón, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por o día
_____ de _____ de _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

Sra. Fraga Sáenz

Só é un apuntamento respecto da denominación do termo chabolismo, por propoñer que cando se poida se modifique por outro tipo de palabra, tipo asentamentos precarios, ou outro tipo de denominación que non sexa chabolismo.

12.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA PARA FINANCIAR O PROXECTO “EXPORPYMES 2016”.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Excepcionar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no informe que consta no expediente.

2º.- Apréciense no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º Condicionar a eficacia do presente convenio á consignación, no orzamento da Corporación para o exercicio 2017, de crédito adecuado e suficiente con que facer fronte á achega provincial prevista no convenio.

4º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e coa CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA CIF Q 1573002 A para financiar o proxecto “EXPORPYMES 2016”

5º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 30.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 20 %.

6º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/433/481, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2016.

7º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

8º O texto do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Señor D. Valentín González Formoso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte Don Marcelo Castro-Rial Schuler, con DNI núm. 732755760 B, en representación da CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA

A Coruña

Que a Deputación provincial da Coruña e CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA
A Coruña

1. Consideran de grande interese para a provincia a realización do evento que “Exporpymes 2016” é un evento de promoción internacional organizado directamente pola Cámara de Comercio da Coruña para aglutinar nun único espazo a empresas exportadoras e importadores estranxeiros que poidan manter reunións bilaterais de negocio que permitan ás nosas empresas ampliar os seus mercados internacionais.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA CIF Q-1573002-A, para o financiamento do proxecto Programa de “Exporpymes 2016”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

GASTOS	IMPORTE
Gastos de profesionais: Captación de importadores: Contratación das Cámaras de Comercio españolas en diferentes países e consultoras especializadas (inclúe os honorarios profesionais, viaxe, estadía e manutención de 1 persoa por organismo e 1 ou 2 representantes de cada empresa importadora)	110.000,00 €
Gastos correntes: <ul style="list-style-type: none"> • Alugueiro Expocoruña • Seguro de responsabilidade civil • Decoración, montaxe, limpeza, catering, coordinación, etc.) • Publicidade, deseño imaxe e outros elementos 	40.000,00 €
TOTAL	150.000,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 30.000,00 € o que representa unha porcentaxe de 20% . No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 20% % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/433/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA), nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscripta polo representante legal da CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial realizaranse entre os días 1 de outubro ao 31 de decembro de 2016.

2. Unha vez rematadas as actividades, a CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da

xustificación neste prazo adicional non eximirá á CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

A CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

1. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA poderá

ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido

respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de outubro ata o 31 de decembro do ano 2016, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 30 de xuño do ano 2017 sempre e cando exista crédito para tal fin

2. Para o caso de que a CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 31 de maio de 2017, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das

institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ____ E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O representante da entidade

Valentín González Formoso

CÁMARA DE COMERCIO DA
CORUÑA”

13.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR OS NÚMEROS 21 E 22 DA REVISTA DE FACENDA PÚBLICA URBANA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1. “Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.
2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal dos créditos, de acordo co establecido no art. 176 do Real decreto legislativo 4/2004, polo que se aproba o Texto refundido das facendas locais.
3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, CIF Q1518001A, para regular unha achega de 12.000 €, para cofinanciar a edición dos núms. 21 e 22 da Revista de Facenda Pública Urbana, cuxo orzamento subvencionado ascende a 15.000 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 80 %.
4. Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220160038960, do 17.11.2016 (referencia 22016007772), da partida 0520/3269/45390, do vixente Orzamento Xeral para 2016.
5. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA O COFINANCIAMENTO DA EDICIÓN DA “REVISTA DE FACENDA PÚBLICA URBANA”

A Coruña, de do dous mil dezaseis

REUNIDOS

Dunha parte, D. Valentín González Formoso, que intervéñ neste acto en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme as competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Juan Viaño Rey, que intervéñ neste acto en nome e representación da Universidade de Santiago de Compostela, CIF Q1518001A, con domicilio social na Praza do Obradoiro, s/n, CP 15782 Santiago de Compostela, na súa calidade de reitor magnífico e conforme competencias que ten atribuídas.

Os dous actúan para e por conta das entidades que representan, no exercicio das funcións e poderes que legalmente posúen e mutuamente recoñécense e,

EXPOÑEN

A Deputación da Coruña vén colaborando coa Universidade de Santiago de Compostela dende o ano 2006 na edición dunha revista especializada en artigos e traballos de investigación orixinais e inéditos, abarcando temas relativos ás políticas de xestión de carácter local, facendas locais, aproximacións de carácter institucional, recensións e noticias de teses doutorais, denominada “Revista Facenda Pública Urbana (Urban Public Economics Review)”, e o obxecto do presente convenio é darlle continuidade á citada colaboración.

Dado o interese coincidente da Deputación e Universidade de Santiago de Compostela, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela (en diante USC) para:

1. O cofinanciamento da edición dos números 21 e 22 da Revista Facenda Pública Urbana (Urban Public Economics Review), de carácter semestral, a entregar no 2016, cunha tiraxe de 200 exemplares. Nela publicaranse, fundamentalmente, artigos e traballos de investigación orixinais e inéditos, abarcando temas relativos ás políticas de xestión de carácter local, facendas locais, aproximacións de carácter institucional, recensións e noticias de teses doutorais.

2. A dirección da revista estará a cargo do director do Departamento de Economía Aplicada da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC, D. Luis Caramés Viéitez. As tarefas de planificación, organización e coordinación dos traballos que vaian ser publicados, así como a maquetación da revista, serán realizados polo consello de redacción que designará o seu director.

3. Os artigos e traballos que se publiquen serán realizados por técnicos, profesores universitarios e científicos, en castelán, galego e/ou inglés.

4. Igualmente, a USC, a través do Departamento de Economía Aplicada da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, colaborará coa Deputación cando esta o solicite, prestándolle asesoramento sobre cuestións relacionadas co:

- a) Desenvolvemento de políticas de xestión local
- b) Preparación de proxectos de interese comunitario
- c) Elaboración de informes sobre a situación financeira local
- d) E, en xeral, na preparación de proxectos de actuación provincial no que se considere de interese o citado asesoramento

II. ORZAMENTO SUBVENCIONADO DE GASTOS

O orzamento da edición dos dous números ten o seguinte detalle:

<u>CONCEPTO DE GASTO</u>	<u>2016</u>
- Edición, web, deseño e maquetación	4.450,00
- Tradución	2.625,00
- Distribución	650,00
- Publicidade	781,25
- Honorarios colaboracións	750,00
- Reunións (incluída aport.seminario anual)	4.018,75
- Xestión	<u>1.725,00</u>
	15.000,00

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación financiará a confección e edición dos números 21 e 22 da citada revista cunha achega de 12.000 euros, conforme co orzamento de gastos citado, o que representa unha porcentaxe de financiamento do 80,00 %. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

2. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria partida **0520/3269/45390**, do Orzamento Xeral para 2016.

3. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

4. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle á USC o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, a USC axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. A USC fará constar de forma expresa o patrocinio da Deputación en todos os exemplares da revista que se publiquen, así como na publicidade que con tal motivo se faga.

2. Coa conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Despois da sinatura do convenio, o importe do cofinanciamento provincial referido na cláusula III, será transferido á USC despois da presentación da seguinte documentación:

- 10 exemplares da revista
- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se é o caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula II.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentación xustificativa polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e sociais referidas na cláusula VIII
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula V, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. O aboamento da achega provincial materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola USC e se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a USC terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula I, realizaranse dende o 1.08.2015 e deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula XIII.

2. Unha vez rematadas as actividades, a USC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á USC para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á USC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A USC deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente ou mediante a presentación dos correspondentes certificado. Coa subscripción do presente convenio, a USC autoriza á Deputación á obtención telemática das citadas certificacións.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A USC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00

€, nos que non resulte imposíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a USC poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a USC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o retraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o retraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da USC serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á USC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web “www.dacoruna.gal”.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 30.06.2017, con efectos retroactivos dende o 1.08.2015.

2. Previa a solicitude da USC, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de

dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que este convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do dedo 2016

E en proba de conformidade, as dúas partes asinan o presente convenio por cuadruplicado na data que se indica na cabeceira.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA,

Valentín González Formoso

O REITOR MAGNÍFICO DA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA

Juan Viaño Rey”

14.-PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DO DITAME DO EXPEDIENTE CORRESPONDENTE AO CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DE SERRA DO BARBANZA PARA FINANCIAR O PROXECTO “ADQUISICIÓN CAMIÓN RECOLECTORES DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS”.

INTERVENCIONS

Sr. García Seoane

Non me vou estender no que dixen na Comisión, este tipo de empresas que prestan servizos aos concellos hai que poñerlles couto, ás veces cando poñen os concellos entre a espada e a parede, se non pagas ou se non fas isto suspéndoche a recollida do lixo, créannos problemas aos concellos, aquí na comarca da Coruña xa o sufrimos máis dunha vez, pero onte, antonte, acabamos de ver unha sentenza clarísima que nos dá a razón a un Consorcio, neste caso falamos dunha mancomunidad, pero un Consorcio que no seu día denunciou certas actitudes dunha empresa destas espoliadoras dos fondos dos concellos e que, por tanto, esa é a vía á que temos que ir. Non vou entrar en todo o que expuxen na Comisión, que está xa entendido, e anunciar o meu voto en contra.

VOTACION

Votan a favor: 26 deputados (13 do PP, 8 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: 4 deputados (3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE e BNG, a abstención de Marea Atlántica e Compostela Aberta e o voto en contra de Alternativa dos Veciños, acorda:

“Examinados o texto do ditame aprobado pola Comisión de Promoción Económica e Emprego o 15 de novembro de 2016 relativo ao “Convenio de colaboración entre a Deputación e Mancomunidad de Municipios da Serra do Barbanza para financiar a

adquisición de camiões recolectores de residuos sólidos urbanos e a certificación do acordo adoptado pola Xunta da Mancomunidade de Municipios da Serra do Barbanza o 29 de novembro de 2016.

Toda vez que queda acreditado no expediente e no acordo adoptado por unanimidade pola Xunta da Mancomunidade, que manteranse as prestacións e obrigas que ha realizar a empresa adxudicataria do contrato, e que os camiões que son obxecto do convenio, non van ser utilizados para realizar prestacións fora do ámbito territorial da provincia da Coruña:

Ratificar o seguinte ditame emitido pola comisión de Promoción Económica e Emprego o 15 de novembro de 2016 no seus propios termos.

1º.- Excepcionar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no informe que obra no expediente.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA, con CIF P6507201-I para financiar a subministración “Adquisición de camiões recolectores de residuos sólidos urbanos”

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 500.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 94,169 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/16211/76301.

6º Condicionar a eficacia do presente convenio á consignación, no orzamento da Corporación para o exercicio 2017, de crédito adecuado e suficiente con que facer fronte á achega provincial prevista no convenio.

7º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio

8º O texto do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza

A Coruña

Reunidos

Dunha parte, o señor D. Valentín González Formoso, como presidente da Deputación Provincial de A Coruña,

Doutra parte, dona M^a Teresa Villaverde Pais, presidenta da Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e da Mancomunidade de Concello da Serra do Barbanzas, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA, CIF P6507201-I, para o financiamento da adquisición da subministración que se describe deseguido:

ADQUISICIÓN DE 2 CAMIÓNS E 1 RECOLECTOR DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN

Segundo o presuposto que achega o MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA, o orzamento máximo para a adquisición ascende a 531.000,00 €.

Tipo vehículo	Custo unitario	Custo total
2 recolectores bicoompartimentados	182.000,00 €	364.000,00 €
1 recolector caixa estreita	167.000,00 €	167.000,00 €
TOTAL		531.000,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 500.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 94,16 % A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 94,16 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración e instalación do ben moble.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/16211/76301, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de adquirente, corresponderalle ao MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA, o outorgamento do correspondente contrato de subministracións.

2. No procedemento de contratación, o MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA, axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Adquirido o ben, o MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA, deberá rotular o ben en lugar visible de xeito que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista na base 57ª das de execución do orzamento para o ano 2016, ata o 40 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación do contrato de subministracións, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adjudicación definitiva do contrato de subministracións, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos:
 - Persoa adjudicataria
 - Importe do contrato
 - E prazo de execución

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA, estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o disposto na cláusula V.-2 de publicidade.

2. Formalizado en documento público ou contrato, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Factura e certificación acreditativa do pago do ben.

- Acta de recepción

- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA,, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

- Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 50% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA, na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA, terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A adquisición do ben ou equipamento que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, se realizaran entre o día 1 de abril de 2016 ata o 31 de xullo do ano 2017.

2. . Unha vez realizada a adquisición, o MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DECIMO TERCERA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA, para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA, da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA, na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA, terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA, será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro do ano 2017, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das

institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

MANCOMUNIDADE DE
CONCELLOS DA SERRA DO
BARBANZA,

Valentín González Formoso

Mª Teresa Villaverde Pais”

15.-TOMA DE COÑECEMENTO DA TRAMITACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS PARA A XESTIÓN DA ATENCIÓN DE VISITANTES AO DOLMEN DE DOMBATE E ACTIVIDADES CULTURAIS COMPLEMENTARIAS DE POSTA EN VALOR DO DOLMEN DE DOMBATE E A CULTURA MEGALÍTICA, ANO 2017.

O Pleno toma coñecemento da tramitación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cabana de Bergantiños para a xestión da atención de visitantes ao dolmen de Dombate e actividades culturais complementarias de posta en valor do Dolmen de Dombate e a cultura megalítica, ano 2017.

16.-TOMA DE COÑECEMENTO DA TRAMITACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CAPELA PARA A XESTIÓN DA ATENCIÓN DE VISITANTES E OUTRAS ACTIVIDADES CULTURAIS NO MOSTEIRO DE CAAVEIRO, ANO 2017.

O Pleno toma coñecemento da tramitación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Capela para a xestión da atención de visitantes e outras actividades culturais no Mosteiro de Caaveiro, ano 2017.

17.-PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO CONVENIO FORMALIZADO CO CONCELLO DE ARTEIXO O 4 DE DECEMBRO DE 2014 (NÚM. 297/2014) PARA A CESIÓN DE INFRAESTRUTURAS, SERVIZOS E PARCELAS DO POLÍGONO DE SABÓN E APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PLAN DIRECTOR.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Aprobar a modificación da cláusula 3 do CONVENIO DE COLABORACIÓN 297/2014 ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE

ARTEIXO PARA A CESIÓN DE INFRAESTUTURAS, SERVIZOS E PARCELAS DO POLÍGONO DE SABÓN, e que quedará da forma que se indica:

Nº	Capítulo	Nº	Actuación	PTO. OBRA (IVE incluído)	IMPORTE QUE SE HA SUBVENCIONAR
1.	ABASTECIMENTO				3.040.788,71
		1.1	Reposición tubaxe de fibrocemento en polietileno	241.898,57	241.898,57
		1.2	Finalización rede interior polígono auga potable en polietileno	0,00	0
		1.3	Rede contraincendio con hidrantes	82.981,44	82.981,44
		1.4	Mellora da captación do encoro do Rosadoiro e da ETAP fase II	1.210.000,00	405.912,36
		1.5	Novo colector de abastecemento ao Concello de Arteixo para servizo á rede xeral, ao polígono industrial de Sabón e ao porto exterior e conexión de saneamento ao porto exterior	5.179.149,59	2.309.996,34
2.	SANEAMENTO				411.789,33
		2.1	Reposición tubaxe de formigón en PVC	134.369,00	134.369,00
		2.2	Reforma integral do pozo de bombeo situado na Avda. do Embalse. Polígono Industrial de Sabón. Arteixo – A Coruña	277.420,33	277.420,33
		2.3	Cámaras de descarga automática en arranque de colectores	0,00	0
3.	ILUMINACIÓN				524.673,82
		3.1	Substitución luminaria a leds	524.673,82	524.673,82
4.	-----	-----	-----		-----
5.	PAVIMENTOS				296.427,13
		5.1	Reforzo de firmes no polígono de Sabón	296.427,13	296.427,13
6.	ZONAS VERDES E ESPAZOS LIBRES				848.190,00
		6.1	Adecuación espazos libres e zonas verdes	848.190,00	848.190,00
			TOTAL		5.121.868,99
			Mellora da captación de auga do encoro do Rosadoiro e da ETAP (Fase I)	627.591,99	627.591,99
			Substitución das bombas do bombeo de Rañal	169.810,02	169.810,02
			TOTAL		797.402,01

IMPORTE TOTAL**5.919.271,00 €**

2º.- Aprobar a modificación do Plan director de actuacións nos termos indicados no apartado anterior

3º.- Aprobar a modificación da cláusula 2 no sentido

ONDE DI:

REFERENCIA CATASTRAL (TANQUE DE TORMENTAS)
0778602NH4907N0001LB

DEBE DICIR:

REFERENCIA CATASTRAL (TANQUE DE TORMENTAS)
1062308NH4916S0001LG

E ratificar os deslindes de data 3-12-2014 da citada parcela que figuraba cunha superficie estimada de 1.000 m² e que quedará da seguinte forma:

REFERENCIA CATASTRAL	PARCELA	SUPERIFICIE	USO
1062308NH4916S0001LG	TANQUE DE TORMENTAS (Situado na parcela nº 1)	738,3 m ² (534 m ² correspondentes ao Tanque de Tormentas e 204,3 m ² correspondentes ao transformador de enerxía eléctrica e a torre metálica do mesmo servizo)	TANQUE DE TORMENTAS CENTRO DE TRANSFORMACIÓN ACCESO RODADO

4º.- Aprobar a modificación da cláusula 4 no sentido de incluír dúas parcelas que estaban recollidas no Acordo Plenario do 27-11-2014 e que por erro non se recolleron no convenio:

PARCELA	REFERENCIA CATASTRAL	SUPERFICIE CATASTRAL M2	VALOR CATASTRAL 2013	USO ACTUAL
111	1278201NH4917N00	11.599	955.943,18	Uso deportivo
132	A: 1168601NH4917S00 B: 1168602NH4917S00 C: 1168603NH4917S00	A: 9.916 B: 9.335 C: 8.417	A: 1.275.655,96 B: 1.200.912,51 C: 1.082.815,27	Uso deportivo

5º.- Considerar incluídas nas ZONAS VERDES (Cláusula 2.3) que foran cedidas con carácter xeral pero sen especificar, as parcelas:

- Ponte dos Brozos
- Zona común 3: Estación de Bombeo do Rañal
- Zona común 4: Punto limpo
- Zona común 5: Ref. catastral 9763901NH3996S0001PS

6º.- Conceder unha prórroga ata o 12 de decembro de 2018

7º.- Facultar ao Presidente da Corporación para a sinatura do presente convenio

8º.- Os compromisos de achegas provinciais que estende os seus efectos aos exercicios 2017 e 2018 quedan condicionados á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento provincial dos devanditos exercicios e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARTEIXO PARA MODIFICAR O CONVENIO 297/2014 PARA A CESION DE INFRAESTRUTURAS, SERVIZOS E PARCELAS DO POLÍGONO DE SABÓN

Na Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Valentín González Formoso

E doutra parte o Sr alcalde-presidente do Concello de Arteixo, Don . J. Carlos Calvelo Martínez

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanelles atribuídas

MANIFESTAN

1º.- O Pleno da Corporación provincial en sesión celebrada o 27 de novembro de 2014 aprobou o expediente de cesión de infraestruturas, servizos e parcelas do Polígono de Sabón por parte da Deputación Provincial da Coruña ao Concello de Arteixo.

2º.- O citado convenio foi subscrito pola Deputación Provincial da Coruña e polo Concello de Arteixo o 4-12-2014 (297/2014)

A Deputación provincial e o Concello de Arteixo expresaron a conformidade na valoración das posibles actuacións que se realizarán nas obras de urbanización do Polígono de Sabón para adecuar tecnicamente estas a os tempos actuais.

Así mesmo indicábase que a redacción dos proxectos técnicos corresponde ao Concello de Arteixo e supervisados pola Deputación.

A aprobación dos proxectos realizarao o órgano competente do Concello de Arteixo e na Deputación mediante resolución de Presidencia.

Na citada cláusula indicábase que as actuacións poderán ser substituídas polo Concello de Arteixo co informe favorable da Deputación provincial, por outras actuacións que sirvan para o mesmo fin de subministración de auga potable ao Polígono Industrial, aínda tendo que ser desenvolvidas fóra do ámbito do Polígono.

En todo caso a achega provincial non poderá exceder a disposta no Plan Director.

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Arteixo ambas as dúas partes

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto modificar o convenio **297/2014** PARA A CESIÓN DE INFRAESTRUTURAS, SERVIZOS E PARCELAS DO POLIGONO DE SABON nos seguintes termos:

1.- Modificar a cláusula 3 do CONVENIO DE COLABORACIÓN 297/2014 ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARTEIXO PARA A CESIÓN DE INFRAESTUTURAS, SERVIZOS E PARCELAS DO POLÍGONO DE SABÓN, e que quedará da forma que se indica:

Nº	Capítulo	Nº	Actuación	PTO. OBRA (IVE incluído)	IMPORTE QUE SE HA SUBVENCIONAR
1.	ABASTECIMIENTO				3.040.788,71
		1.1	Reposición tubaxe de fibrocemento en polietileno	241.898,57	241.898,57
		1.2	Finalización rede interior polígono auga potable en polietileno	0,00	0
		1.3	Rede contra incendio con hidrantes	82.981,44	82.981,44
		1.4	Mellora da captación do encoro do Rosadoiro e da ETAP fase II	1.210.000,00	405.912,36
		1.5	Novo colector de abastecemento ao Concello de Arteixo para servizo á rede xeral, ao polígono industrial de Sabón e ao porto exterior e conexión de saneamento ao porto exterior	5.179.149,59	2.309.996,34

2.	SANEAMENTO				411.789,33
		2.1	Reposición tubaxe de formigón en PVC	134.369,00	134.369,00
		2.2	Reforma integral do pozo de bombeo situado na Avda. do Embalse. Polígono Industrial de Sabón. Arteixo – A Coruña	277.420,33	277.420,33
		2.3	Cámaras de descarga automática en arranque de colectores	0,00	0
3.	ILUMINACIÓN				524.673,82
		3.1	Substitución luminaria a leds	524.673,82	524.673,82
4.	-----	-----	-----		-----
5.	PAVIMENTOS				296.427,13
		5.1	Reforzo de firmes no polígono de Sabón	296.427,13	296.427,13
6.	ZONAS VERDES E ESPAZOS LIBRES				848.190,00
		6.1	Adecuación espazos libres e zonas verdes	848.190,00	848.190,00
			TOTAL		5.121.868,99
Mellora da captación de auga do encoro do Rosadoiro e da ETAP (Fase I)				627.591,99	627.591,99
Substitución das bombas de bombeo de Rañal				169.810,02	169.810,02
TOTAL					797.402,01
IMPORTE TOTAL					5.919.271,00 €

2.- Aprobar a modificación do Plan director de actuacións nos termos indicados no apartado anterior

3º.- Aprobar a modificación da cláusula 2 no sentido

ONDE DI:

REFERENCIA CATASTRAL (TANQUE DE TORMENTAS)

0778602NH4907N0001LB

DEBE DICIR:

REFERENCIA CATASTRAL (TANQUE DE TORMENTAS)

1062308NH4916S0001LG

E ratificar os deslindes de data 3-12-2014 da citada parcela que figuraba cunha superficie estimada de 1.000 m2 e que quedará da seguinte forma:

REFERENCIA CATASTRAL	PARCELA	SUPERIFICIE	USO
1062308NH4916S0001LG	TANQUE DE TORMENTAS (Situado na parcela nº 1)	738,3 m2 (534 m2 correspondentes ao Tanque de Tormentas e	TANQUE DE TORMENTAS CENTRO DE TRANSFORMACIÓN

		204,3 m2 correspondentes ao transformador de enerxía eléctrica e a torre metálica do mesmo servizo)	ACCESO RODADO
--	--	---	---------------

4.- Aprobar a modificación da cláusula 4 no sentido de incluír dúas parcelas que estaban recollidas no Acordo Plenario de 27-11-2014 e que por erro non se recolleron no convenio:

PARCELA	REFERENCIA CATASTRAL	SUPERFICIE CATASTRAL M2	VALOR CATASTRAL 2013	USO ACTUAL
111	1278201NH4917N00	11.599	955.943,18	Uso deportivo
132	A: 1168601NH4917S00 B: 1168602NH4917S00 C: 1168603NH4917S00	A: 9.916 B: 9.335 C: 8.417	A: 1.275.655,96 B: 1.200.912,51 C: 1.082.815,27	Uso deportivo

5º.-Considerar incluídas nas ZONAS VERDES (Cláusula 2.3) que foran cedidas con carácter xeral pero sen especificar, as parcelas:

- Ponte dos Brozos
- Zona común 3: Estación de Bombeo do Rañal
- Zona común 4: Punto limpo
- Zona común 5: Ref. catastral 9763901NH3996S0001PS

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

De conformidade coa cláusula 3 do convenio de colaboración 297/2014 a achega provincial non excede á disposta no Plan director.

III.- PRAZO DE EXECUCIÓN

Conceder unha prórroga ata o 12 de decembro de dous mil dezaioito.

IV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do alcalde do Concello de Arteixo, respectivamente.

3.- As dúbidas que xurdan no cumprimento do presente convenio serán resoltas de común acordo entre os presidentes de ambas as dúas corporacións, previos os informes preceptivos.

Supletoriamente en todo o non disposto no presente convenio estarase ao disposto na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvención e o seu Regulamento (RD 887/2006 do 21 de xullo) e Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e Regulamento aprobado por Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro e Bases de Execución do Orzamento da Deputación.

4. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

5. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE,

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO
DE ARTEIXO

VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO

J. CARLOS CALVELO MARTINEZ”

18.-APROBACIÓN DA RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1. “Aprobar a rectificación do inventario de bens da Deputación Provincial da Coruña.
2. Remitir unha copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, en cumprimento do establecido no artigo 32.1 do Regulamento de Bens.”

19.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS PARA FINANCIAR OS GASTOS DE FUNCIONAMENTO NO ANO 2016.

INTERVENCÍONS

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Moitas grazas, bos días. Simplemente esta intervención que vou facer é para facer unha reflexión ao respecto de que o Grupo Provincial Popular abstívose na Comisión, vai votar favorablemente, pero gustaríame neste punto lembrar que no

pasado Pleno trouxemos a este Pleno, ao Pleno pasado, unha moción que precisamente o que intentaba era que a Deputación tivera unha implicación a nivel provincial na xestión deste tipo de instalacións, a través dunha rede de canceiras e un criterio homoxéneo xeral a nivel provincial para facer este tipo de achegas. Loxicamente na miña dobre condición de concelleiro de Santiago e de deputado nesta casa, obviamente na primeira delas estou absolutamente a favor desta achega que é histórica ao longo dos derradeiros anos, pero en todo caso creo que precisamente esta concesión xustifica precisamente a presentación daquela moción que lamentablemente foi rexeitada, é certo coa única abstención de Compostela Aberta. Pero en todo caso creo que esta reflicte e xustifica esa presentación desa moción.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, Marea Atlántica e Compostela Aberta e a abstención de Alternativa dos Veciños, acorda:

“1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa "FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS", CIF G-70030762, para regular a achega de 28.679,66 € que figura na Base 50ª.5 das de execución do orzamento xeral para 2016, para o cofinanciamento de parte dos gastos de funcionamento en 2016, cun orzamento subvencionado de 35.849,57 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 80 %.

3. Imputar o gasto á Partida 0520/17221/481, do vixente Orzamento Xeral para 2016.

4. Condicionar o gasto á existencia de crédito axeitado e suficiente no exercicio 2017, así como ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade presupostaria de acordo coa normativa vixente no momento, tendo en conta que o convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio económico actual.

5. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar o presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS, PARA O COFINANCIAMENTO DOS GASTOS DE FUNCIONAMENTO EN 2016

A Coruña, de de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Pequeño Castro, en representación da Deputación Provincial da Coruña, en virtude da RP 2015/15671, do 27 de xullo, modificada pola RP 2015/16642, do 30 de xullo e pola RP 15/29081, do 23 de decembro.

Doutra parte, Dna. Noa María Morales Sánchez, DNI 44846313Q, en representación da FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS, en virtude das competencias que lle son conferidas polo Padroado en sesión do 20.09.2016.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos lles están atribuídas e

MANIFESTAN

A “Fundación Refuxio de Animais” é unha entidade sen ánimo de lucro, constituída polo Concello de Santiago de Compostela no ano 2006, cuxo obxecto principal, segundo os seus estatutos, é a xestión do refuxio municipal de animais do concello, aínda que estende o seu ámbito de actuación á súa zona de influencia, sempre dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

Consonte con isto, as súas actuacións desenvólvense con suxeición aos criterios de planificación e coordinación e ás directrices de carácter xeral emanadas do citado concello, polo cal o seu padroado de goberno está presidido polo alcalde e integrado por outros membros da Corporación compostelán, aínda que tamén están representados algúns concellos limítrofes e outras entidades.

Complementariamente, realiza actividades de xestión, coordinación, asesoramento, docencia e investigación en materia de coidados e asistencia dos animais domésticos e salvaxes en cautividade, promovendo eficacia, eficiencia e seguridade dos animais e do seu contorno.

Dado o interese coincidente da Deputación e a Fundación Refuxio de Animais, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre A Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Refuxio de Animais para o **cofinanciamento de parte dos gastos de funcionamento no 2016**, segundo se detalla na cláusula II.

II. ORZAMENTO DE GASTOS

A entidade beneficiaria levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Alimentación animal	27.049,21 €
Medicamentos	8.800,36 €

TOTAL	35.849,57 €
--------------	--------------------

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento dos gastos de funcionamento, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 28.679,66 €, o que representa unha porcentaxe do 80 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 %, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento das actividades, está financiado con cargo a recursos da Fundación Refuxio de Animais, sexan propios ou alleos, para o que a entidade beneficiaria acredita ter consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/17221/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega seralle aboada á entidade beneficiaria nun único prazo, despois da presentación da seguinte documentación:

1. Memoria de actuación, subscrita polo representante designado pola Fundación Refuxio de Animais para as súas relacións coa Deputación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Relación certificada, clasificada e detallada de todos os gastos realizados comprendidos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do 2016, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se for o caso, datas de pago, indicando aqueles que sexan imputados ao presente convenio segundo a cláusula II. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula II.
3. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes dos gastos subvencionados segundo a cláusula II. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
4. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente da entidade beneficiaria.
5. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e sociais, segundo o disposto na cláusula VIII.
6. Certificación detallada de todos os ingresos de calquera natureza obtidos para o financiamento das actividades realizadas en 2016, indicando os criterios de imputación aos gastos subvencionados indicados na cláusula II.
7. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula V, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula I, deberán estar realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do 2016.
2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI no prazo máximo de DOUS

MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se fora o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da

subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2016, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data, e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro do 2017.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación antes do día 31 de agosto do 2017, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2017. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da entidade beneficiaria, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do _____ de _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

POLA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA,

D. José Manuel Pequeño
Castro

POLA FUNDACIÓN REFUXIO
DE ANIMAIS

Dna. Noa María Morales
Sánchez”

20.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN EU SON MAZARICOS PARA FINANCIAR O PROXECTO “A ESENCIA MZ”.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, Marea Atlántica e Compostela Aberta e a abstención de Alternativa dos Veciños, acorda:

“1º.- Excepcionar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes

principios se encuentran recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda corrixida a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no informe que consta no expediente.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e coa ASOCIACIÓN EU SON MAZARICOS CIF G 70041479 para financiar o proxecto “A Esencia MZ”

4º A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 20.037,60 o que supón unha porcentaxe para investimento e para actividades do 80%

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentarias 0510/414.2/481 quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2017.

6º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN EU SON MAZARICOS

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Señor D. José Luis García García, en representación da Deputación Provincial da Coruña, en virtude da RP 2015/15671, do 27 de xullo, modificada pola RP 2015/16642, do 30 de xullo, e pola RP 15/29081, do 23 de decembro

Doutra parte Dona Janet Martínez Danis, con DNI núm. 44848926-F, en representación da ASOCIACIÓN EU SON MAZARICOS.

1. Que a Deputación provincial da Coruña e ASOCIACIÓN EU SON MAZARICOS consideran de grande interese para a provincia a realización do evento “A esencia MZ” é un proxecto que pretende enxalzar os recursos existentes no rural para intentar lograr a dignificación da vida no medio rural a través da posta en valor de toda a contorna e do medio e forma de vida.

2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACIÓN EU SON MAZARICOS as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ASOCIACIÓN EU SON MAZARICOS CIF G70471479, para o financiamento do proxecto Programa de “A esencia MZ”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

ASOCIACIÓN EU SON MAZARICOS levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

GASTOS	IMPORTE
ACTIVIDADES:	
TRABALLO AUDIOVISUAL PARA O BLOQUE 3.1: <ul style="list-style-type: none"> • Reunións de preproducción para redacción de guión e coordinación de todo o bloque..... • Monitor/Animador Sociocultural voluntario da Asociación para organizar a actividade (situación, coordinación participantes, decorado, etc)..... • Persoal especializado para facer a gravación e a postproducción para a montaxe final 	0,00 € 0,00 € 300,00 €
TRABALLO AUDIOVISUAL PARA O BLOQUE 3.2: <ul style="list-style-type: none"> • Reunións de preproducción para redacción de guión e coordinación de todo o bloque..... • Monitor/Animador Sociocultural voluntario da Asociación para organizar a actividade (situación, coordinación participantes, decorado, etc)..... • Persoal especializado para facer a gravación e a postproducción para a montaxe final 	0,00 € 0,00 € 300,00 €
TRABALLO AUDIOVISUAL PARA O BLOQUE 3.3: <ul style="list-style-type: none"> • Reunións de preproducción para redacción de guión e coordinación de todo o bloque..... • Monitor/Animador Sociocultural voluntario da Asociación para organizar a actividade (situación, coordinación participantes, decorado, etc)..... • Persoal especializado para facer a gravación e a postproducción para a montaxe final 	0,00 € 0,00 € 300,00 €
TRABALLO AUDIOVISUAL PARA O BLOQUE 3.4: <ul style="list-style-type: none"> • Reunións de preproducción para redacción de guión e coordinación de todo o bloque..... • Monitor/Animador Sociocultural voluntario da Asociación para organizar a actividade (situación, coordinación participantes, decorado, etc)..... • Persoal especializado para facer a gravación e a postproducción para a montaxe final 	0,00 € 0,00 € 300,00 €
TRABALLO AUDIOVISUAL PARA O BLOQUE 3.5: <ul style="list-style-type: none"> • Reunións de preproducción para redacción de guión e coordinación de todo o bloque..... • Monitor/Animador Sociocultural voluntario da Asociación para organizar a actividade (situación, coordinación participantes, decorado, etc)..... • Persoal especializado para facer a gravación e a postproducción para a montaxe final 	0,00 € 0,00 € 300,00 €
TRABALLO AUDIOVISUAL PARA O BLOQUE 3.6: <ul style="list-style-type: none"> • Reunións de preproducción para redacción de guión e coordinación de todo o bloque..... • Monitor/Animador Sociocultural voluntario da Asociación para organizar a actividade (ubicación, coordinación participantes, decorado, etc)..... • Persoal especializado para facer a gravación e a postproducción para a montaxe final 	0,00 € 0,00 € 300,00 €
TRABALLO AUDIOVISUAL PARA O BLOQUE 3.7:	

<ul style="list-style-type: none"> • Reunións de preproducción para redacción de guión e coordinación de todo o bloque..... • Monitor/Animador Sociocultural voluntario da Asociación para organizar a actividade (situación, coordinación participantes, decorado, etc)..... • Persoal especializado para facer a gravación e a postproducción para a montaxe final 	<p>0,00 €</p> <p>0,00 €</p> <p>300,00 €</p>
TRABALLO AUDIOVISUAL PARA O BLOQUE 3.8: <ul style="list-style-type: none"> • Reunións de preproducción para redacción de guión e coordinación de todo o bloque..... • Monitor/Animador Sociocultural voluntario da Asociación para organizar a actividade (situación, coordinación participantes, decorado, etc)..... • Persoal especializado para facer a gravación e a postproducción para a montaxe final 	<p>0,00 €</p> <p>0,00 €</p> <p>300,00 €</p>
TRABALLO AUDIOVISUAL PARA O BLOQUE 3.9: <ul style="list-style-type: none"> • Reunións de preproducción para redacción de guión e coordinación de todo o bloque..... • Monitor/Animador Sociocultural voluntario da Asociación para organizar a actividade (situación, coordinación participantes, decorado, etc)..... • Persoal especializado para facer a gravación e a postproducción para a montaxe final 	<p>0,00 €</p> <p>0,00 €</p> <p>300,00 €</p>
TRABALLO AUDIOVISUAL PARA O BLOQUE 3.10: <ul style="list-style-type: none"> • Reunións de preproducción para redacción de guión e coordinación de todo o bloque..... • Monitor/Animador Sociocultural voluntario da Asociación para organizar a actividade (situación, coordinación participantes, decorado, etc)..... • Persoal especializado para facer a gravación e a postproducción para a montaxe final 	<p>0,00 €</p> <p>0,00 €</p> <p>300,00 €</p>
RECOLLIDA DE INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN PARA OS CONTIDOS DA WEB, SUBIDA E ACTUALIZACIÓN CONFORME AVANCE O PROXECTO E DEMAIS XESTIÓN DE COMMUNITY MANEGEMENT.....	<p>600,00 €</p>
DESEÑO E POSTA EN MARCHA DA PÁXINA WEB (www.eusonmazaricos.gal)+ adquisición do dominio	<p>2.000,00 €</p>
DESEÑO E MAQUETACIÓN DO CONXUNTO DO PROXECTO. PRODUCCIÓN DA GALA MZ: ESCALETADO, GUIONIZADO, PROXECTADO DOS VÍDEOS	<p>2.600,00 €</p>
ELABORACIÓN DA CAMPAÑA PROMOCIONAL PARA A REALIZACIÓN DA GALA MZ.	<p>1.000,00 €</p>
DOCUMENTACIÓN AUDIOVISUAL DO BLOQUE 3.1: -Soporte dixital: vídeo promocional, vídeo documental, vídeo sen edición tipo making off e batería de fotografías.....	<p>1.150,00 €</p>
DOCUMENTACIÓN AUDIOVISUAL DO BLOQUE 3.2: -Soporte dixital: vídeo promocional, vídeo documental, vídeo sen edición tipo making off e batería de fotografías.....	<p>1.150,00 €</p>

DOCUMENTACIÓN AUDIOVISUAL DO BLOQUE 3.3: -Soporte dixital: vídeo promocional, vídeo documental, vídeo sen edición tipo making off e batería de fotografías.....	1.150,00 €
DOCUMENTACIÓN AUDIOVISUAL DO BLOQUE 3.4: -Soporte dixital: vídeo promocional, vídeo documental, vídeo sen edición tipo making off e batería de fotografías.....	1.150,00 €
DOCUMENTACIÓN AUDIOVISUAL DO BLOQUE 3.5: -Soporte dixital: vídeo promocional, vídeo documental, vídeo sen edición tipo making off e batería de fotografías.....	1.150,00 €
DOCUMENTACIÓN AUDIOVISUAL DO BLOQUE 3.6: -Soporte dixital: vídeo promocional, vídeo documental, vídeo sen edición tipo making off e batería de fotografías.....	1.150,00 €
DOCUMENTACIÓN AUDIOVISUAL DO BLOQUE 3.7: -Soporte dixital: vídeo promocional, vídeo documental, vídeo sen edición tipo making off e batería de fotografías.....	1.150,00 €
DOCUMENTACIÓN AUDIOVISUAL DO BLOQUE 3.8: -Soporte dixital: vídeo promocional, vídeo documental, vídeo sen edición tipo making off e batería de fotografías.....	1.150,00 €
DOCUMENTACIÓN AUDIOVISUAL DO BLOQUE 3.9: -Soporte dixital: vídeo promocional, vídeo documental, vídeo sen edición tipo making off e batería de fotografías.....	1.150,00 €
DOCUMENTACIÓN AUDIOVISUAL DO BLOQUE 3.10: -Soporte dixital: vídeo promocional, vídeo documental, vídeo sen edición tipo making off e batería de fotografías.....	1.150,00 €
TOTAL BASE IMPOÑIBLE	20.700,00 €
IVE	4.347,00 €
TOTAL PROXECTO IVE INCLUIDO	25.047,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima 20.037,60 € o que representa unha porcentaxe de 80% . No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria a 0510/414.2/481 na que a Intervención provincial ten certificado que

existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN EU SON MAZARICOS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN EU SON MAZARICOS. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ASOCIACIÓN EU SON MAZARICOS, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN EU SON MAZARICOS deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaía sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a ASOCIACIÓN EU SON MAZARICOS trámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN EU SON MAZARICOS

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN EU SON MAZARICOS, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ASOCIACIÓN EU SON MAZARICOS xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se

indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A Asociación Eu Son Mazaricos deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizaran entre os días 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2016.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ASOCIACIÓN EU SON MAZARICOS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN EU SON MAZARICOS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ASOCIACIÓN EU SON MAZARICOS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN EU SON MAZARICOS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN EU SON MAZARICOS terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ASOCIACIÓN EU SON MAZARICOS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ASOCIACIÓN EU SON MAZARICOS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que ASOCIACIÓN EU SON MAZARICOS deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN EU SON MAZARICOS poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN EU SON MAZARICOS queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos

procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN EU SON MAZARICOS serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN EU SON MAZARICOS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo, para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2016, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 30 de xuño do ano 2017 sempre e cando exista crédito para tal fin

2. Para o caso de que a ASOCIACIÓN EU SON MAZARICOS non poida ter rematadas as ACTIVIDADES E O INVESTIMENTO e presentada a xustificación antes do día 31 de maio de 2017, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOCIACIÓN EU SON MAZARICOS perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN EU SON MAZARICOS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ___ E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Deputado

O representante da entidade

José Luis García García

ASOCIACIÓN EU SON
MAZARICOS”

21.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ORDES PARA FINANCIAR O FESTIVAL DE ARTE URBANA DESORDES CREATIVAS.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Excepcionar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no informe que consta no expediente.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e co CONCELLO DE ORDES, CIF P1506000G, para financiar o “*Festival de arte urbano Desordes Creativas*”

4º A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de **17.240,00** sobre un orzamento total de 21.550,00 € o que supón unha porcentaxe de financiamento do 80%

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentarias 0510/4321/46201.

6º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

7º O texto do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE ORDES

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Señor D. Xosé Regueira Varela, en representación da Deputación da Coruña en virtude da R.P. 15671 de 27/07/2015, modificada pola R.P. 16642 de 30/07/2015 e pola R.P. 29081 de 23/12/2015

Doutra parte D. José Luis Martínez Sanjurjo, en representación do CONCELLO DE ORDES

1. Que a Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE ORDES consideran de grande interese para a provincia potenciar e promocionar a vila de Ordes como destino turístico a través do seu festival de arte urbana "Desordes Creativas", evento que trata de achegar esta arte plástica aos veciños, e ofrecendo ao visitante un novo motivo para visitar o municipio.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE ORDES, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONCELLO DE ORDES**, CIF P1506000G, para o financiamento do " *Festival de arte urbana Desordes Creativas* ".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE ORDES levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	IMPORTE
Intervencións artísticas e aloxamento	8.624,00 €
Elevadores	1.677,13 €
Pintura e materiais	3.512,64 €
Cartelería e publicidade	3.138,33 €
Producción, xestión e deseño	4.597,90 €
TOTAL	21.550,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 17.240,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/432.1/462.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE ORDES obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE ORDES o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE ORDES axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE ORDES tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE ORDES.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2016, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE ORDES, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

4.- O CONCELLO DE ORDES estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE ORDES, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

4.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE ORDES na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE ORDES terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

O CONCELLO DE ORDES deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar realizadas entre o 1 de setembro e o 15 de outubro de 2016.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE ORDES deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE ORDES para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE ORDES da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE ORDES na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE ORDES terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE ORDES deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE ORDES destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só

excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE ORDES deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE ORDES poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE ORDES queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da

subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE ORDES serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE ORDES será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de setembro ata o 15 de outubro do ano 2016, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de xuño do ano 2017**, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE ORDES non poida ter presentada a xustificación **antes do día 30 de abril de 2017**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE ORDES perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se

poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE ORDES, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ____ E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Deputado,

O Representante do Concello de Ordes

Xosé Regueira Varela”

22.-APROBACIÓN INICIAL DA SEGUNDA FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS DA ANUALIDADE 2016.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Vistas as propostas de inclusión no Plan de travesías da anualidade 2016 dos proxectos de obra que máis abaixo se relacionan, no marco das Bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías 2016-2019, aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión celebrada o 29 de xullo do 2016 (BOP número 144 do 1 de agosto do 2016):

1.- Aprobar inicialmente a segunda fase do Plan de travesías da anualidade 2016, integrada polas obras que se relacionan a continuación, con indicación da súa denominación e presuposto:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO
2016.1130.0002.0	Acondicionamento da DP 1603 ao seu paso pola travesía da Ponte do Porto do PK 0,000 ao 0,330 (Camariñas)	Camariñas	440.491,11
2016.1130.0003.0	Mellora da travesía de Souto na estrada DP 4604, PK 6,680 ao 7,500 (Toques)	Toques	225.556,78
TOTAL			666.047,89

O financiamento dos proxectos incluídos nesta segunda fase do plan realizarase con cargo á partida 0410/4533/60900 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2016.

2.- Remitir un exemplar dos citados proxectos aos concellos correspondentes no prazo de 5 días contados desde a aprobación inicial da correspondente fase do Plan de travesías, co obxecto de que os concellos envíen á Deputación no prazo de 40 días naturais contados desde a data de recepción do proxecto, a documentación sinalada na Base 3.2 das de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se inclúan nas distintas fases do Plan de travesías 2016-2019”.

23.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2016, SEXTA FASE.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2016, sexta fase, integrado pola obra que se relaciona a continuación, con indicación da súa denominación e orzamento:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLOS	ORZAMENTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS)
16.1100.0042.0	Reforzo de firme na estrada DP 4604 Melide ás Pías por Toques, PK 1,110 ao 6,730	Melide e Toques	339.073,59
TOTAL			339.073,59

O financiamento deste proxecto realizarase na súa totalidade con cargo á partida 0410/4531/61900 do vixente orzamento provincial para o exercicio 2016.

2- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días hábiles poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o citado prazo sen que se presentara ningunha alegación.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.”

24.- APROBACIÓN DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2016, SEXTA FASE.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o Plan de sendas peonís 2016, sexta fase, integrado polas obras que se indican a continuación, co detalle da súa denominación e presuposto:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS) (0410/4535/60900)	VALOR DE EXPROPIACIÓN (0620/4531/600)
16.1170.0008.0	Mellora da seguridade viaria en estradas provinciais no Concello de Abegondo: -Senda peonil e pavimentación de sobreanchos de calzada na DP 0101, PK 1,500 ao 2,190, en Bordel, Sarandós -Senda peonil na DP 0105, PK 12,170 ao 12,750 en O Cerrado, Leiro	Abegondo	119.719,17	
16.1170.0009.0	Senda peonil e mellora da seguridade viaria na DP 0105, PK 0,280 ao 1,200	Bergondo e Betanzos	122.523,09	
16.1170.0010.0	Senda peonil e mellora da seguridade viaria en Aldea Grande na DP 4201 Portobravo ao Confurco, PK 3,550 ao 4,020	Lousame	304.174,01	21.356,00
TOTAL			546.416,27	21.356,00

Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución da obra do Concello de Lousame denominada “Senda peonil e mellora da seguridade viaria en Aldea Grande na DP 4201, Portobravo ao Confurco, PK 3,550 ao 4,020”, código 16.1170.0010.0.

O financiamento destes proxectos realizarase con cargo á partida 0410/45351/60900 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2016.

2.- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días hábiles poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o citado prazo sen que se presente ningunha alegación.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.”

25.-APROBACIÓN DO PLAN DE INVESTIMENTO DE VÍAS PROVINCIAIS 2016, QUINTA FASE.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o Plan de investimento de vías provinciais 2016, quinta fase, integrado polas obras que se indican a continuación, co detalle da súa denominación e orzamento:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS) (0410/4531/60900)	VALOR DE EXPROPIACIÓN (0620/4531/600)
16.1110.0010.0	Actualización do proxecto de ampliación e mellora do trazado da DP 2502 de Valdoviño a Cerdido, do PK 3,000 ao 5,600	Valdoviño	988.738,80	159.119,74
16.1110.0011.0	Ensanche e mellora da seguridade viaria na DP 9001 Présaras ao Carregal ao Lugar de Vilariño, PK 0,000 ao 0,500	Vilasantar	90.051,33	
TOTAL			1.078.790,13	159.119,74

Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución da obra do Concello de Valdoviño denominada “Actualización do proxecto de ampliación e mellora do trazado da DP 2502 de Valdoviño a Cerdido, do PK 3,000 ao 5,600”, código 16.1110.0010.0.

O financiamento destes proxectos asúmeo integramente a Deputación e realizarase con cargo á partida 0410/4531/60900 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2016.

2.- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días hábiles poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o citado prazo sen que se presente ningunha alegación.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.”

26.- APROBACIÓN DO PROXECTO COMPLEMENTARIO Nº 1 DA OBRA “REURBANIZACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 1704, PK 10,480 AO 11,310 (CARRAL)” DO PLAN DE TRAVESÍAS 2015, CÓDIGO 2015.1130.0011.0.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Vistas as “Bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015”, que se publicaron no Boletín Oficial da Provincia nº 217 do 14 de novembro do 2012

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta Deputación na sesión ordinaria do 27 de marzo de 2015, polo que se aprobou inicialmente a primeira fase do Plan de travesías da anualidade 2015, na que se inclúe a obra do Concello de Carral denominada “Reurbanización e mellora da seguridade viaria na DP 1704, PK 10,480 ao 11,310”, así como o acordo plenario provincial do 26 de xuño do 2015 polo que se aprobou provisionalmente a obra citada, e a Resolución do presidente da Deputación número 17058, do 5 de agosto do 2015, polo que se considerou definitivamente aprobada esta primeira fase do plan e, polo tanto, a citada obra do Concello de Carral.

Logo de ver o proxecto complementario desta obra, redactado polos servizos técnicos provinciais encargados da súa dirección, e a demais documentación técnica na que se xustifica a necesidade da súa redacción e o cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 171 b) do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (BOE nº 276 do 16 de novembro do 2011)

1.- Aprobar inicialmente o proxecto complementario nº 1 da obra “Reurbanización e mellora da seguridade viaria na DP 1704, PK 10,480 ao 11,310 (Carral)” do Concello de Carral, do Plan de travesías 2015, primeira fase, e a súa inclusión no Plan de travesías 2015 co código 2015.1100.0011.0, cuxos datos son os seguintes:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO DE CONTRATA
2015.1130.0011.0	Proxecto complementario nº 1 ao de Reurbanización e mellora da seguridade viaria na DP 1704, PK 10,480 ao 11,310 (Carral)	50.058,64
TOTAL		50.058,64

O financiamento deste proxecto complementario realizarase na súa totalidade con cargo á partida 0410/4533/60900 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2016.

2.- Remitir un exemplar do proxecto complementario ao concello no prazo de 5 días contados desde a aprobación inicial deste, co obxecto de que o concello envíe á Deputación no prazo de 40 días naturais contados desde a data da recepción do proxecto, a documentación sinalada na base 3.2 das de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se inclúan nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015”.

27.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O FINANCIAMENTO DUNHA ACTIVIDADE INVESTIGADORA SOBRE A ESPECIE INVASORA VESPA VELUTINA (AVESPA ASIÁTICA).

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Vistos os informes do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente, Servizo de Contratación e Secretaría Xeral, e do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro, sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo coa UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, para cofinanciar unha actividade investigadora sobre a especie invasora VESPA VELUTINA, propónse á Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente, a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.
2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, CIF Q1518001A, para regular unha achega de 137.378,82 €, para cofinanciar unha actividade investigadora sobre a especie invasora VESPA VELUTINA, cuxo orzamento subvencionado ascende a 137.378,82 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 100 %.
3. Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220160041457, do 30.11.2016 (Referencia 22016008218), da Partida 0520/3269/45390, do vixente Orzamento Xeral para 2016.
4. Condicionar o gasto á existencia de crédito axeitado e suficiente no exercicio 2017, así como ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade presupostaria

de acordo coa normativa vixente no momento, tendo en conta que o convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio económico actual.

5. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao residente da Corporación para a súa formalización e execución:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA O FINANCIAMENTO DUNHA ACTIVIDADE INVESTIGADORA SOBRE A ESPECIE INVASORA VESPA VELUTINA

A Coruña, a..... de do dous mil dezaseis

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Pequeño Castro, presidente da Comisión Informativa de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente, que intervén neste acto en nome e representación do presidente da Deputación Provincial da Coruña, e conforme as competencias que ten atribuídas en virtude da RP 2015/15671, do 27 de xullo.

Doutra, D. Juan Viaño Rey, que intervén neste acto en nome e representación da Universidade de Santiago de Compostela, CIF Q1518001A, con domicilio social na Praza do Obradoiro, s/n, CP 15782 Santiago de Compostela, na súa calidade de reitor magnífico e conforme competencias que ten atribuídas.

Os dous actúan para e por conta das entidades que representan, no exercicio das funcións e poderes que legalmente posúen e mutuamente se recoñecen,

EXPOÑEN

A Deputación da Coruña, en adiante a Deputación, vén colaborando coa Universidade de Santiago de Compostela, en adiante USC, na realización de traballos de investigación, tanto nos campos económico financeiro, de emprego, empresarial ou institucional, como en estudos de interese medioambiental.

As especies exóticas invasoras constitúen a segunda causa de perda de biodiversidade no mundo tras a modificación do hábitat. A Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, define unha especie exótica invasora como “aquela que se introduce ou establece nun ecosistema ou hábitat natural ou seminatural e que é un axente de cambio e ameaza para a diversidade biolóxica nativa, xa sexa polo seu comportamento invasor, ou polo risco de contaminación xenética”.

Un dos casos máis representativos da chegada a Galicia de especies exóticas invasoras é o do avispón asiático ou avispa negra (*Vespa velutina* ssp. *nigrithorax*), introducida en Europa cara ao ano 2004, e que desde entón ha ir asentándose por toda a cornixa cantábrica e atlántica. En Galicia detectouse a súa presenza no ano 2013.

Na provincia da Coruña, a progresiva colonización territorial da *Vespa velutina* supón un risco para o noso medio, para a actividade agrícola e, de maneira moi importante, para a produción apícola e de froita. A súa expansión tamén afecta as zonas urbanas e semiurbanas, o que incrementa considerablemente o risco para as persoas..

Dado o interese coincidente da Deputación e a USC dunha actuación coordinada fronte a vespa velutina, ambas as dúas entidades acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación e a USC para desenvolver unha actividade investigadora sobre a especie invasora *Vespa velutina*.

O traballo científico que se levará a cabo servirá de base para o desenvolvemento dunha estratexia conxunta interprovincial que implique a todos os actores interesados na loita contra esta especie invasora.

O traballo científico consistirá nunha acción coordinada a procura baseada na investigación de novos métodos para a contención da praga e a minimización do seu impacto, corno o estudo de novas estratexias de loita biolóxica, o estudo do seu comportamento e distribución territorial na nosa comunidade, así como a avaliación do seu impacto dende un punto de vista socioeconómico.

O plan de actuación da USC, dende a súa experiencia investigadora na materia, artellarase en torno a catro eixos principais:

- Estudo de novas alternativas de loita biolóxica, concretamente o estudo de opción de control da praga mediante a inoculación de parasitos autóctonos.
- Estudo da distribución xeográfica da praga na comunidade.
- Estratexias de control: desenvolvemento, obtención e testaxe dun biocida específico para a loita contra a *Vespa velutina*.
- Establecemento de criterios para avaliar o impacto económico e social da praga.
- Coordinación das colaboracións entre os diferentes actores implicados na loita conta esta especie invasora, e a procura de financiamento público para desenvolver novos estudos e investigacións sobre a *Vespa Velutina* e o seu impacto.

II. ORZAMENTO SUBVENCIONADO DE GASTOS

O orzamento do traballo científico ten o seguinte detalle:

CONCEPTO DE GASTO	IMPORTES
Persoal contratado	104.429,84€
Material funxible	12.900,00€
Viaxes e axudas de custe	6.160,00€
Servizos externos	1.400,00€
Custos indirectos (10% s/ 124.889,84)	12.488,98€
CUSTO TOTAL DA ACTIVIDADE	137.378,82€

O orzamento detallado inclúese no anexo ao convenio.

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

A Deputación financiará a realización do traballo científico cunha achega de 137.378,82€, o que representa unha porcentaxe de financiamento do 100,00 %. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria partida 0520/3269/45390 do Orzamento Xeral para 2016.

A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade. Neste caso o importe de subvención ou achega recibida minorarase por idéntico importe a achega provincial. A concorrencia de axudas ou subvencións non poderá superar o importe do gasto efectivamente dedicado á actividade.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle á USC o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación, a USC axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. A USC fará constar de forma expresa o patrocinio da Deputación en todas as actividades desenvolvidas no aspecto investigador ou no divulgativo, así como nos documentos editados e na publicidade que con tal motivo se faga.
2. Coa conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

O importe do financiamento provincial referido na cláusula III, será transferido á USC de acordo ós pagos seguintes:

1º pago: De hasta ó 50% (Ata un máximo de 68.689,41€). A USC remitirá á Deputación a documentación seguinte:

- Plan de actuación detallado.
- Designación do equipo investigador.
- Informe de execución, no que se indicará o grado de avance nas liñas de traballo previstas.
- Certificación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se é o caso, datas de pago.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentación xustificativa polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e sociais referidas na cláusula VIII

2º pago: Pola diferenza resultante de minorar o importe do Convenio co importe aprobado para o 1º pago (137.378,82€ - Importe xustificado no 1º pago). Unha vez finalizado o traballo de investigación, a USC remitirá á Deputación a seguinte documentación:

- Informe de execución final, no que se indicará, polo menos, os progresos finalmente logrados nas liñas de traballo previstas e as propostas de actuación a curto, medio e longo prazo.
- Certificación clasificada do resto dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se é o caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula II.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentación xustificativa polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e sociais referidas na cláusula VIII
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula V, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

O aboamento da achega provincial materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola USC e se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a USC terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo do xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

No caso de non achegarse documentación xustificativa do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, estarase ao disposto na cláusula VIII.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula I, deberán estar rematadas polo menos UN MES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula XIV.

2. Unha vez rematadas as actividades, a USC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIV.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á USC para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á USC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A USC deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente ou mediante a presentación dos correspondentes certificados. Coa subscripción do presente convenio, a USC autoriza á Deputación á obtención telemática de ditas certificacións.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A USC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados aínda non pagos.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a USC poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a USC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. SEGUIMENTO E VIXIANCIA

Coa finalidade de realizar o adecuado seguimento e vixilancia das actuacións desenvolvidas en aplicación deste convenio tanto na Deputación como na USC, constituirase unha Comisión composta por 2 membros de cada unha das institucións asinantes, cuxo calendario de traballo será determinado na súa primeira reunión.

XII. REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o retraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o retraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imponse no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XIII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da USC serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á USC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web “www.dacoruna.gal”.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIV. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31.11.2017, con efectos retroactivos dende o 15.09.2016.
2. Previa a solicitude da USC, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da USC, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que este convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do dedo 2016

E en proba de conformidade, as dúas partes asinan o presente convenio por cuadruplicado na data que se indica na cabeceira.

O PRESIDENTE DA COMISIÓN DE
INFRAESTRUTURAS VIARIAS, VÍAS E
OBRAS PROVINCIAIS E MEDIO
AMBIENTE

O REITOR MAGNÍFICO DA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA

José Manuel Pequeño Castro

Juan Viaño Rey

ANEXO

I. ACTIVIDADES DO PROXECTO INVESTIGADOR

1. Estratexias de control: desenvolvemento, obtención e testaxe dun biocida específico para a loita contra a Vespa velutina.

- Desenvolvemento: Conformación do equipo de traballo e procura bibliográfica. Durante os primeiros catro meses do proxecto conformarase un equipo de traballo no que participen apicultores, Administracións e outros axentes interesados, para poder enfocar os traballos segundo as necesidades e coñecemento dos interlocutores mencionados. Así mesmo, será necesaria unha intensa revisión bibliográfica para determinar cuestións como a mellor base para o cebo e a elección do biocida adecuado, debendo posuír unha acción retardada que permita a súa distribución mediante trofalaxia no niño. Nesta etapa realizaranse as actividades “Formación do equipo de traballo” e “procura bibliográfica” mencionadas no cronograma.
- Obtención: Desenvolvemento da formulación e presentación do cebo “velucida”, así como confección dos dispositivos para a súa dispensación. Coa información obtida do equipo de traballo e da bibliografía, deseñarase o cebo e estudarase a mellor forma de dispensalo. Esta será a actividade tres, tal e como aparece no cronograma.
- Deseño de protocolo e testaxe: faranse probas de campo co “*velucida*”, onde a peza fundamental será a capacitación previa dos apicultores en relación a un protocolo establecido para tal fin. No cronograma aparece como actividade 4.

Entregables:

Fito intermedio: Formación do equipo de traballo e obtención dun cebo específico.

Fito final: Estudo da eficacia do cebo “*velucida*” e protocolo de emprego deste.

2. Cartografía e distribución potencial

- Compilación, análise e harmonización de datos: Esta fase contempla a compilación de datos de presenza de individuos e niños de Vespa velutina en Galicia así como a compilación e xeneralización, en forma de datos ráster, dos parámetros ambientais que potencialmente controlan a súa distribución xeográfica. Efectuarase un exercicio de harmonización e exploración dos datos, co fin de eliminar erros e inconsistencias co fin de obter unha base de datos robusta para o seu posterior tratamento estatístico.
- Análise e avaliación de modelos estatísticos: Avaliarase a capacidade predictiva de diferentes algoritmos estatísticos co fin de determinar o mellor método para a estimación cualitativa da distribución das Vespa velutina en Galicia.
- Creación dun sistema automatizado de análise da distribución actual e futura da Vespa velutina: Crearase un sistema automatizado para a análise e predición da expansión da Vespa velutina considerando a potencial dispoñibilidade de novas observacións no futuro. Considerarase tamén a potencial expansión, tendo en conta as previsións de cambio climático. Implementarase o sistema automatizado nun servidor con capacidades de predición.

Entregables:

Fito Intermedio: informe intermedio deste paquete de traballo:

1. Análise da situación actual da presenza contrastada da Vespa velutina no territorio galego.
2. Compilación de bases de datos en formato dixital de variables medioambientais que potencialmente poderían condicionar a distribución da especie.
3. Análise conxunta de observacións e factores medioambientais para profundar no coñecemento da autoecoloxía da especie e do peso que cada un dos factores medioambientais considerados exercen na presenza da especie. Esta análise delimitará que factores poderían ser utilizados na predición da súa expansión futura.

Fito final: o informe final incluírá resultados da distribución real da especie, os factores que influencian a súa distribución e unha análise da súa autoecoloxía con base en modelos estatísticos de presenza e unha análise da variabilidade temporal da especie e o seu vínculo con condicións climáticas. Finalmente, incluírá una ferramenta informática para a monitorización da distribución da especie dun xeito automatizado con base unicamente en novas observacións e que servirá para a planificación das actuacións de control para realizar no territorio.

3. Estratexias alternativas de loita biolóxica

- **Análise de parasitos:** O primeiro paso para poder facer unha adecuada análise parasitolóxica e a recollida de mostras, para o que se fixo necesario o deseño de trampas, a captura de adultos e a mostraxe de niños. Unha vez recollidos os adultos, farase unha análise parasitolóxica dunha mostra de Vespas representativa da poboación que se expande en Galicia e doutras dúas especies de himenópteros autóctonos. Propoñemos a análise dos seguintes parasitos:
 - o Artrópodos. Ácaros dos xéneros *Varroa* e *Acarapis*. Dípteros (Conopidae)
 - o Nemátodos: *Pheromermis*
 - o Apicomplexa: *Apicystis*
 - o Tripanosomátidos: *Lothmaria* e *Crithidia*
 - o Microsporidios: *Nosema apis* e *N. Ceranae*
- **Mostraxe** As mostras consistirán en 5-10 exemplares de *V. velutina* e todos os correspondentes a outras especies de himenópteros. Lugares de captura: localidades separadas por máis de dous quilómetros e representativas da área de distribución da especie: mariña lucense, ría de Ortigueira, ría de Sada, ría de Noia-Muros, Ría de Arousa, Pontevedra e Baixo Miño.
 - o Detección de parasitos comúns: a detección dos parasitos farase combinando as seguintes técnicas: Disección e exploración macroscópica
 - o Exploración microscópica do contido do tubo dixestivo e sistema

- respiratorio.
- Análise molecular baseada na PCR de marcadores específicos para cada parasito.
- Secuenciación de nova xeración de marcadores específicos en mostras poboacionais

Entregables:

Fito Intermedio: Á metade de proxecto contarase cos resultados das análises macroscópicas dos parasitos avaliados para a *Vespa velutina* e outros himenópteros autóctonos. Emitirase un informe intermedio con estes datos.

Fito final: Ao final do proxecto espéranse acadar os seguintes resultados que serán plasmados nun informe final:

- Descrición da diversidade específica, prevalencia e incidencia das especies de parasitos que parasitan a *V. velutina* en Galicia.
- Descrición da diversidade específica, prevalencia e incidencia das especies de parasitos que parasitan outras especies de himenópteros e véspidos (e.g. *V. crabro*, *V. germanica*, *V. vulgaris*, *B. terrestris*) en Galicia.
- Relación de especies de parasitos autóctonos de himenópteros ausentes na *V. velutina* e, polo tanto, susceptibles de seren empregados para o control da poboación da especie invasora.
- Deseño dun ensaio para a exposición en condicións controladas de individuos de *V. velutina* aos organismos seleccionados e a cuantificación do seu potencial patoxénico.

4. Avaliación do impacto socioeconómico da praga

- Análise bibliográfica e preparación de documentación: Farase un estudo bibliográfico de toda a documentación científica relacionada coa *Vespa velutina* para poder identificar os custos asociados obxecto do estudo, como o sector do mel, e as perdas de produción. Asemade, farase a redacción dos cuestionarios para a recollida dos principais datos que permitirán contabilizar os custos.
- Traballo de campo. Recollida de datos: Será necesario o desprazamento dun investigador que se entreviste con apicultores e axentes afectados economicamente pola praga para poder facer un cálculo de perdas na produción de mel, entre outros.
- Contabilización de custos e informe final: cos datos recolidos, farase unha contabilización de custo das perdas de produción do sector do mel, así como o custo das estratexias de loita contra a *Vespa* (trampeo, parasitos, biocidas...), e a identificación dos custos indirectos.

Entregables:

Fito intermedio: Á metade de proxecto contarase cos resultados do estudo económico do sector do mel e as perdas de produción. Entregarase un **informe intermedio**.

Fito final: Ao final do proxecto espérase, ademais das cifras das perdas de produción, a análise do custo dos métodos de loita contra a *Vespa velutina* e a identificación de custos indirectos. Entregarase un informe final.

II. ORZAMENTO DETALLADO

Persoal contratado	
Concepto	Total
Técnico superior de apoio á investigación (Parasitos) – 8 meses	18.488,00€
Investigador en formación (Análise Económica) – 10 meses	18.504,00€
Investigador Doutor Senior (Distribución) – 9,5 meses	33.718,92€
Investigador Doutor Senior (Biocidas) – 9,5 meses	33.718,92€
Subtotal	104.429,84€
Material Funxible	
Concepto	Total
Material para trampeo e deseño de biocida: anaclines, tubos, etiquetas, marcadores, trampas, reactivos, biocidas, atraíntes, cebos, traxe protector, servizo de envío e paquetería etc...	2.900,00€
Construción de trampas, distribución e recollida, secuenciación de marcadores moleculares (Oligos, Phusion Taq, Topo TA cloning, Quiaprep kit, Seq. Sanger), diagnose molecular de presenza de parasitos (extracción de ADN de 500 mostras, PCR diagnose), plástico e material de laboratorio, servizo de paquetería	9.000,00€
Material de oficina (tónor, papelería), telefonía móbil para enquisas e citas, copistería, servizos de mensaxería	1.000,00€
Subtotal	12.900,00€
Viaxes e Axudas de custo	
Concepto	Total
Viaxes e axudas de custo para traballo de campo, recollida de mostras, trampeo, recollida de datos	6.160,00€
Subtotal	6.160,00€
Outros Gastos	
Concepto	Total

Servizos externos: <i>hosting</i> de mapas (<i>webmaps</i>) e proceso de datos - CESGA	0,00€
Subcontratación traballos AGA	1.400,00€
Subtotal	1.400,00€
Custos Indirectos (10%)	
Subtotal	12.488,98€
TOTAL GLOBAL DOS TRABALLOS	137.378,82€

III. EQUIPO DE TRABAJO

Para o desenvolvemento dos traballos contarase cun equipo multidisciplinar conformado por Profesores Titulares de Universidade de diversos grupos de investigación da USC relacionados coa materia, que serán responsables dos traballos principais do proxecto, e con apoio do persoal técnico da Oficina de Investigación e Tecnoloxía (OIT) do Vicerreitorado de Investigación e Innovación. Ademais, tense prevista a contratación, no marco do convenio de colaboración, de dous investigadores senior e dous investigadores con experiencia para apoiar a correcta execución das tarefas para desenvolver.

A selección do equipo de traballo farase pola USC de acordo coa súa propia normativa.

Para abordar a execución dos traballos propostos contarase coas contribucións da Asociación Galega de Apicultura-AGA. Tamén se establecerán liñas de colaboración con outras administracións e centros de investigación, galegos, nacionais e estranxeiros

28.-APROBACIÓN DA 2ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE 2016 (PMA-2016).

O Pleno, por unanimidade, acorda:

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de medio ambiente (PMA) 2016, aprobadas polo Pleno corporativo na sesión realizada o 27 de maio de 2016, publicadas no BOP nº 103, do 01.06.2016, modificadas mediante o acordo do Pleno corporativo do 30 de setembro de 2016 (BOP nº 190, do 5.10.2016).

Vistas as solicitudes e demais documentación presentada telematicamente polos respectivos concellos, a Corporación provincial, mediante o acordo plenario do 28.10.2016, aprobou unha 1ª fase do plan (BOP nº 208, do 3.11.2016) que comprendía as actuacións de 85 concellos, quedando as restantes pendentes de completar e corrixir.

Vista a documentación presentada polos restantes concellos, procede someter a consideración do Pleno corporativo a inclusión das súas respectivas actuacións a través dunha 2ª fase do plan, mediante o seguinte acordo:

1. Aprobar a 2ª fase do Plan provincial de medio ambiente (PMA) 2016, cuxo resumo de cifras globais dos dous apartados nos que se estrutura (PMA-INVESTIMENTOS e PMA-ACTIVIDADES) é o que se indica a continuación, e cuxa relación de actuacións figura no documento anexo a esta acordo:

APARTADO	PARTIDA	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	TOTAL
PMA-INVESTIMENTOS	0520/17221/76201	290.600,42	29.081,30	319.681,72
PMA-ACTIVIDADES	0520/17221/46201	47.466,96	101,29	47.568,25
TOTAIS		338.067,38	29.182,59	367.249,97

2. Aprobar os proxectos das obras, subministracións e actividades incluídas na 2ª fase do PMA-2016. Porén, a aprobación definitiva das actuacións que no anexo teñen indicadas condicións suspensivas (obtención de autorizacións ou licencias, completar documentación, etc.), queda condicionada ao seu cumprimento.

3.- A contratación das actuacións realizarana os respectivos concellos, de acordo coas instrucións que figuran nas bases reguladoras deste plan.

4. Dispor a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

5. Remitir o expediente para informe da Subdelegación do Goberno e da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais.

6. Remitir o expediente para informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local, para os efectos da coordinación establecida na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

7. Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e da remisión para informe sen que se presenten reclamacións ou alegacións, poderán proseguirse as actuacións.”

2ª FASE DO PLAN DE MEDIO AMBIENTE - 2016

Nº	CONCELLO	Nº EXPTE / ACTUACIÓNS	PSPTO	CONCELLO	SOLICIT. A DIPUTACIÓ N	TOTAL INVEST / ACTIVID	TOTAL SOLICITADO	ASIGNACIÓ N	DIFER ASIGN - SOLICIT	CONDICIONADO	
1	CORISTANCO	2016000010101	INVESTIMENTO: MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO DA DEPURADORA DE CONLES, A MIÑATA, CANAL E CURRAS	58.243,95	0,00	58.243,95	58.243,95	59.007,58	763,63	Pendente de presentación do informe técnico (anexo I), do informe técnico xurídico (anexo II), de acreditar a aprobación do proxecto (anexo I) e, se fora o caso, das licencias necesarias	
2	NARÓN	2016000008881	INVESTIMENTO: MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DA GÁNDARA	29.370,23	0,00	29.370,23	41.301,71	41.301,72	0,01	Pendente de corrección do proxecto, de acreditar a súa aprobación (anexo I) e de acreditar a obtención da licencia do Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia	
		2016000008879	INVESTIMENTO: LIMPEZA E ACONDICIONAMENTO DO PARQUE DO COUTO	15.128,73	3.197,25	11.931,48					
3	NEGREIRA	2016000009202	INVERSIÓN: ADQUISICIÓN DE EQUIPOS, FERRAMENTAS E CONTEDORES PARA A LIMPEZA MEDIOAMBIENTAL	34.996,13	0,00	34.996,13	55.496,13	55.496,13	0,00		
		2016000009180	ACTIVIDADE: BRIGADA MEDIOAMBIENTAL	20.500,00	0,00	20.500,00					
4	PONTECESO	2016000009801	INVESTIMENTO: REDACCIÓN PROXECTO INSTALACIÓN DUNHA REIXA PARA O SANEAMENTO EN CORME	3.412,20	0,00	3.412,20	33.706,73	50.507,13	51.066,93	559,80	
		2016000010541	INVESTIMENTO: MELLORAS NO TANQUE DE TORMENTA E NA EDAR DE CORME	15.290,53	0,00	15.290,53					
		2016000010520	INVESTIMENTO: MELLORAS E POSTA A PUNTO DA DEPURADORA DE PAZOS	15.004,00	0,00	15.004,00					
		2016000009800	ACTIVIDADE: GASTOS DE MANTENIMENTO DE ACTIVIDADES MEDIO AMBIENTAIS	16.800,40	0,00	16.800,40					
5	SAN SADURNIÑO	2016000010049	INVESTIMENTO: ADQUISICIÓN DUNHA NOVA DESBROZADORA DE BRAZO	15.300,00	0,00	15.300,00	51.599,98	61.766,54	61.766,54	0,00	
		2016000008338	INVESTIMENTO: SUBSTITUCIÓN DA CARPINTERÍA EXTERIOR DA CASA DO CONCELLO	36.299,98	0,00	36.299,98					
		2016000008243	ACTIVIDADE: BRIGADA AMBIENTAL	10.267,85	101,29	10.166,56					
6	VILASANTAR	2016000008841	INVESTIMENTO: RENOVACIÓN E MELLORA NO SISTEMA DEPURACIÓN E CONTROL AUGAS PISCINA MUNICIPAL	16.858,13	0,00	16.858,13	70.751,92	70.751,92	70.751,92	0,00	Pendente da Autorización do Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña
		2016000008842	INVESTIMENTO: RENOVACIÓN E MELLORA NAS INSTALACIÓNS DA EDAR DE PRÉSARAS	26.650,29	0,00	26.650,29					
		2016000008844	INVESTIMENTO: SANEAMENTO EN FONTECAMBA	22.589,85	0,00	22.589,85					
		2016000008843	INVESTIMENTO: DOTACIÓN DE VEHÍCULO 4X4 PARA PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL	30.537,70	25.884,05	4.653,65					

367.249,97 29.182,59 338.067,38 338.067,38 338.067,38 1.323,44

ACTUACIÓNS	ORZAME	CONCELL	DEPUTAC
INVESTIMENTOS	13	319.681,72	29.081,30
ACTIVIDADES	3	47.568,25	101,29
TOTAIS		367.249,97	29.182,59



29.-APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A DEPTUACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE ASOCIACIÓN FERROLÁ DE DROGODEPENDENCIAS ASFEDRO PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INTERVENCIÓN NO LECER NOCTURNO “EDUCANDO NO LECER”.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1. “Exceptuar para a tramitación do presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións, e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de data 14 de decembro de 2016 que consta no expediente.
2. Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a entidade Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO, NIF G15072010, para financiar o *Programa de intervención no lecer nocturno “Educando no Lecer 2016”*, cunha achega da Deputación de 18.000,00 €, que supón unha porcentaxe do 80 % do orzamento subvencionado, que é de 22.500,00 €, importe que será aboado conforme ao previsto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio, e con cargo á partida 0611/23121/481 do orzamento vixente.
3. Condicionar a vixencia do convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2017.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN FERROLÁ DE DROGODEPENDENCIAS ASFEDRO PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INTERVENCIÓN NO LECER NOCTURNO “EDUCANDO NO LECER 2016”

Na Coruña, o día de decembro de 2016 na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

D. Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Dña. Olga Basterrechea Cubeiro, presidenta da Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

A Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO ten como fins intentar significar a grave complexidade da droga e a defensa e protección do individuo e a colectividade ante o consumo, promoción e emprego das drogas tóxicas, estupefacientes e análogos. Esta asociación desenvolve as súas actividades no ámbito comarcal de Ferrolterra.

É competente a Deputación, para o prevista no Convenio, conforme á Lei de bases de réxime local 7/85, art. 36, e a de Admón. Local de Galicia, 5/97, art. 109 a 119, para a colaboración no financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración.

A Deputación colabora no financiamento dos servizos sociais especializados, como é este caso, xa que son actividades para a toma de conciencia colectiva e individual sobre o dano xerado polo emprego e uso destas sustancias, sempre que ditos servizos os presten entidades de iniciativa social, (sen ánimo de lucro), como é o caso da entidade beneficiaria, e suplindo ou completando as competencias das administracións públicas. Neste caso consta a colaboración expresa de varios concellos de Ferrolterra e arredores que ceden locais ou lugares onde realizar as actividades que ten convenio de colaboración para eses fins.

Segundo a Lei de servizos sociais 13/2008, art. 2.3, art. 60.c) e art. 63, os concellos deben colaborar no fomento dos servizos que prestan as entidades de iniciativa social, e a Deputación é competente para dar apoio aos concellos nas prestacións dos servizos sociais. Neste caso está claro o interese provincial da actividade posto que do servizo poderanse beneficiar usuarios procedentes e derivados dos Concellos de Ferrolterra, como Narón, Ferrol, Fene, Neda, Cedeira, Cariño, Ortigueira e tamén Zas, A Coruña e Cambre.

Dado o interese coincidente da Deputación e da Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFREDO, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña) e a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO, CIF G-15072010, para o financiamento do Programa de intervención no lecer nocturno "Educando no lecer 2016" co obxectivo de crear un espazo de referencia adaptado aos cambios, con capacidade de escoita e como alternativa sólida ao uso de drogas como fonte de diversión na xuventude. Aportar as ferramentas necesarias para espertar a súa actitude crítica e reflexiva a cerca das drogas.

As zonas de traballo serán prioritariamente os concellos da área de Ferrolterra e comarca, pero tamén haberá actividades abertas ao resto da poboación nova da provincia.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A Asociación Ferrolá de drogodependencias ASFREDO, levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	UNIDADES	IMPORTE
I. Persoal	1.1 Nóminas e seguridade social	18.020,00 €
II. Outros	2.1. Deseño e impresión, publicidade, información,..	480,00 €
	2.2. Material funxible e didáctico	2.000,00 €
	2.3. Auga e electricidade	1.250,00 €
	2.4. Telefono	750,00 €
TOTAL : (IVE incluído)		22.500,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **18.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **80%**. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80%**, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0611/23121/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFREDO obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFREDO. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFREDO, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos (dípticos, carteis, notas de prensa...), radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet (na súa páxina web...), carpa ou accesorios, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFEDRO.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFREDO, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFREDO, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos usuarios atendidos por concello e actividade, e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixo constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, **realizaranse entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 31 de decembro de 2016.**

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFREDO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, antes do **31 de maio de 2017.**

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFREDO, para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFREDO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56^a.6 das de execución do orzamento da Deputación, pódalle corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFREDO na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFREDO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. A Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFREDO deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFREDO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFREDO deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFREDO poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFREDO queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día

no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFREDO serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFREDO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro de

2016, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio de 2017**, todo elo condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.

2. Para o caso de que a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFREDO non poida ter presentada a xustificación antes do día 31 de maio de 2017, deberá solicitar polo menos dous meses antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano 2017. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Asociación Ferrolá de Drogodependencias ASFREDO perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día _____ de _____ de _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

A PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN FERROLÁ
DE DROGODEPENDENCIAS ASFEDRO

Asdo.: Valentín González Formoso

Asdo.: Olga Basterrechea Cubeiro"

30.-APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ERRADICACIÓN DO CHABOLISMO E INFRAVIVENDA 2016.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1. “Exceptuar para a tramitación do presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións, e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de data 19 de decembro de 2016 que consta no expediente.
2. Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña (P1503000J), que se xunta como anexo, para financiar o “Programa de Erradicación do Chabolismo e Infravivenda, Ano 2016, cunha achega da Deputación de 82.000,00 €, que supón unha porcentaxe do 60,74 % do orzamento subvencionado, que é de 135.000,00 €, importe que será aboado conforme ao previsto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio, e con cargo á partida 0611/23121/46201 do orzamento vixente.
3. Condicionar a vixencia do convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2017.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ERRADICACIÓN DO CHABOLISMO E INFRAVIVENDA, ANO 2016

Na Coruña, ____ de _____ de _____ na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dna. Ánxela Franco Pouso, deputada de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade e Política de Igualdade, en virtude das Resolucións da Presidencia número 1567/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega competencia para asinar convenios na súa área.

D. Xulio Xosé Ferreiro Baamonde, Alcalde Presidente do Concello da Coruña.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei

de Admón. Local de Galicia 5/97 , art. 109 e 119, así como coa Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008 e no Decreto 99/2012 do 16 de marzo.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación da Coruña para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen as ditas actividades.

Os concellos, en virtude do establecido na vixente Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no artigo 60, apartado 1b), teñen atribuídas competencias para a creación, xestión e mantemento dos servizos sociais específicos sen prexuízo do establecido no artigo 59^{ai}).

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello da Coruña ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña, CIF P1503000J, para o financiar o Programa de erradicación do chabolismo e infravivenda, ano 2016 mediante financiamento do persoal e servizos externos para mellorar as condicións de habitabilidade, o que leva aparellada unha normalización habitacional e un acomodo progresivo ao novo hábitat co que se fai innecesario migrar a novos espazos.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA.

O Concello da Coruña levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO		IMPORTE
Gastos de persoal	Coordinador/a do programa Traballadoras/es sociais de apoio ao programa	26.500 €
	Traballoras/es sociais de apoio ao programa	26.500 €
Gastos de accións, actuacións e actividades do programa	Proxecto piloto de xestión de residuos da Pasaxe	72.000 €
	Formación aos veciños/as sobre a separación selectiva e prevención de riscos asociados con residuos	6.000 €
	Formación sobre xestión de residuos e economía social	4.000 €
TOTAL GASTOS		135.000 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 82.000 €, o que representa unha porcentaxe de 60,74 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 60,74 %, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando o Concello da Coruña que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Para a anualidade 2016 existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello da Coruña de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao Concello da Coruña o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o Concello da Coruña axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.No caso de que o Concello da Coruña tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello da Coruña.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1 - Coa posibilidade prevista no disposto na base 57^a das de execución do orzamento para o ano 2016 ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagábel, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello da Coruña, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionábel unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo disposto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- O Concello da Coruña estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2 - Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Concello da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello da Coruña na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, que realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2016**.

2. Unha vez realizada a actividade, o Concello da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta, **antes do 31 de maio de 2017**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ó Concello da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello da Coruña na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello da Coruña deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a

presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello da Coruña poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello da Coruña queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello da Coruña serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2016, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio de 2017**, todo elo condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.

2.Para o caso de que o Concello da Coruña non poida ter presentada a xustificación **antes do día 31 de maio de 2017**, deberá solicitar polo menos dous meses antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada , co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga

solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2017**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello da Coruña perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello da Coruña, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por o día _____ de _____ de _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e _____ data indicados no encabezamento.

31.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DA CAPELA PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE “SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGA PARA O NOVO CENTRO DE SAÚDE AS NEVES”

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.-Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.-Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello da Capela para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	A Capela
DENOMINACIÓN DA OBRA	Saneamento e abastecemento de auga para o novo centro de saúde As Neves
ORZAMENTO DO PROXECTO	42.350,00 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	33.880,00 €
ACHEGA DO CONCELLO	8.470,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80,00000%
PARTIDA ORZAMENTARIA	0430/160.1/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/160.1/76201 do presuposto provincial para o ano 2016.

A aprobación deste convenio queda condicionada á obtención polo Concello da Capela da autorización solicitada á Axencia Galega de Infraestruturas.

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CAPELA PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA “SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGA PARA O NOVO CENTRO DE SAÚDE AS NEVES”

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, o deputado responsable da Área de Cooperación cos Concellos, Xosé Regueira Varela.

E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello da Capela, Manuel Meizoso López. Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello da Capela ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Capela con CIF P1501800E, para o financiamento da obra de "Saneamento e abastecemento de auga para o novo centro de saúde As Neves" tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polas arquitectas : M^a Cruz Vigo Castro, Flavia C. Piñeiro, Paula Souto Cañas e polo enxeñeiro de camiños Gael Sánchez Rivas.

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzo execución material	29.411,76
Gastos xerais (13%)	3.823,53
Beneficio industrial (6%)	1.764,71
IVE (21%)	7.350,00
Orzamento de contrata	42.350,00

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como defínese na cláusula anterior, cunha achega máxima de 33.880,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00000 %. A contía restante, ata acadar o importe total do presuposto de contrata, está financiada con cargo aos recursos propios o alleos do concello, acreditando a ENTIDADE BENEFICIARIA a consignación do crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000 %, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos por a obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de

calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación presupostaria 0430/160.1/76201 do presuposto provincial para o ano 2016. A aprobación deste Convenio queda condicionada á obtención polo Concello da Capela da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios presupostaraos correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade presupostaría.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade prevista na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2016, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibiu xustificación algunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cartón de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención paga, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para

a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei Orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2017**. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2018**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentou a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na

Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria do

E en proba de conformidade, asinan en exemplar quintuplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O deputado responsable da Área de
Cooperación cos Concellos

O alcalde-presidente do Concello da
Capela

Xosé Regueira Varela

Manuel Meizoso López”

32.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE CERDIDO PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE “REFORMAS NA PISCINA MUNICIPAL DO CASTRO”

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Cerdido para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Cerdido
DENOMINACIÓN DA OBRA	Reformas na piscina municipal de O Castro
ORZAMENTO DO PROXECTO	13.000,00 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	10.400,00 €
ACHEGA DO CONCELLO	2.600,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80,00000 %
PARTIDA ORZAMENTARIA	0430/342/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/342/76201 do orzamento provincial para o exercicio 2016.

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios

orçamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orçamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CERDIDO PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE REFORMAS NA PISCINA MUNICIPAL DE O CASTRO

Na Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, o deputado responsable da Área de Cooperación cos Concellos, Xosé Regueira Varela.

E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello de Cerdido, Benigno Galego Castro

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Cerdido ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I. Obxecto

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cerdido, con CIF P1502500J para o financiamento da obra de “Reformas na piscina municipal de O Castro”, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo ITI en electricidade Manuel A. Montero Doce. A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle, así como en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público e a súa normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria comprométese a destinala ao uso público para o cal está prevista.

II. Orzamento de execución das obras

O orzamento total da execución da contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	9.028,41 €
Gastos Xerais (13%)	.173,69 €
Beneficio industrial (6%)	541,70 €
IVE (21 %)	2.256,20 €
Orzamento da contrata	13.000,00 €

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 10.400,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00000 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula II, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resultase inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, implantacións ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/342/76201 do orzamento provincial para o ano 2016. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación e execución

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula I.
2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.
4. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. Durante a execución das obras e ata a finalización e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figuren o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI. Xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1. Coa posibilidade prevista na base 57^a das de execución do orzamento para o ano 2016, ata o 40 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pagamento a favor da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:
 - Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
 - Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e, no seu caso, polo funcionariado técnico designado pola Deputación.
 - Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
 - Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir persoal técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula V (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Acreditación do pagamento efectivo a terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable.
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, en cuxos correspondentes asentos se faga constar que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E, de transcorrerem máis de catro meses dende a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar aboarlle aos terceiros o importe xustificado do 60 % no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

VII. Termo para a finalización das obras e prazo de xustificación

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIII.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

3. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e, logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Simultaneamente, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (Real Decreto

887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, de se producir o atraso no prazo de xustificación e non exceder dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €. De exceder dun mes e non chegar a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €. E, de a extemporaneidade da xustificación exceder de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

4. De se producir o atraso no pagamento á persoa adxudicataria ou a terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seranlles remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O presente convenio de colaboración terá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2017**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios

correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do citado prazo, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, e achegar coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2019**; todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou, no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e após dos informes da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario na sesión ordinaria de

E en proba de conformidade asínano en exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O deputado responsable da Área de
Cooperación cos Concellos

Xosé Regueira Varela

O alcalde-presidente do Concello
de Cerdido

Benigno Galego Castro”

33.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE CORCUBIÓN PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE “DOTACIÓN DUN ASEO NA CAPELA DO PILAR”

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Corcubión para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Corcubión
DENOMINACIÓN DA OBRA	Dotación dun aseo na Capela do Pilar
ORZAMENTO DO PROXECTO	11.046,44 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	8.837,15 €
ACHEGA DO CONCELLO	2.209,29 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80,00000 %
PARTIDA ORZAMENTARIA	0430/93391/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo a partida 0430/93391//76201 do orzamento provincial para o exercicio 2016.

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CORCUBIÓN PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE DOTACIÓN DUN ASEO NA CAPELA DO PILAR

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, o deputado responsable da Área de Cooperación cos Concellos, Xosé Regueira Varela.

E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello de Corcubión, Manuel Insua Insua

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Corcubión ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I. Obxecto

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Corcubión, con CIF P1502800D para o financiamento da obra de “Dotación dun aseo na Capela do Pilar”, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto Antonio Martínez Domínguez

2. A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle, así como en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público e a súa normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria comprométese a destinala ao uso público para o cal está prevista.

II. Orzamento de execución das obras

O orzamento total da execución da contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	7.671,67 €
Gastos Xerais (13%)	997,32€
Beneficio industrial (6%)	460,30 €
IVE (21 %)	1.917,15 €
Orzamento da contrata	11.046,44 €

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 8.837,15 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00000 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do

Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula II, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resultase inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, implantacións ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/93391/76201 do orzamento provincial para o ano 2016. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación e execución

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula I.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprrobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. Durante a execución das obras e ata a finalización e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figuren o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI. Xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1. Coa posibilidade prevista na base 57^a das de execución do orzamento para o ano 2016, ata o 40 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pagamento a favor da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e, no seu caso, polo funcionariado técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir persoal técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula V (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, en cuxos correspondentes asentos se faga constar que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

– Acreditación do pagamento efectivo a terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E, de transcorreren máis de catro meses dende a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar aboarlle aos terceiros o importe xustificado do 60 % no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

VII. Termo para a finalización das obras e prazo de xustificación

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIII.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

3. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e, logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Simultaneamente, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56^a das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, de se producir o atraso no prazo de xustificación e non exceder dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €. De exceder dun mes e non chegar a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €. E, de a extemporaneidade da xustificación exceder de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

4. De se producir o atraso no pagamento á persoa adxudicataria ou a terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seranlles remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O presente convenio de colaboración terá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2017**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do citado prazo, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, e achegar coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2019**; todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou, no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da

subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e após dos informes da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario na sesión ordinaria de _____ e en proba de conformidade asínano en exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O deputado responsable da Área de
Cooperación cos Concellos

O alcalde-presidente do
Concello de Corcubión

Xosé Regueira Varela

Manuel Insua Insua”

34.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE ORDES PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE “PROLONGACIÓN BEIRARRÚAS RÚA DOS LAGARTOS”

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Ordes para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Ordes
DENOMINACIÓN DA OBRA	Prolongación beirarrúas Rúa dos Lagartos
ORZAMENTO DO PROXECTO	115.529,93 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	55.500,00 €
ACHEGA DO CONCELLO	60.029,93 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	48,03950 %
PARTIDA ORZAMENTARIA	0430/454.1/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/454.1/76201 do orzamento provincial para o ano 2016.

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ORDES PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA PROLONGACIÓN BEIRARRÚAS RÚA DOS LAGARTOS

Na Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, o deputado responsable da Área de Cooperación cos Concellos, Xosé Regueira Varela.

E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello de Ordes, José Luis Martínez Sanjurjo

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Ordes ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I. Obxecto

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ordes, con CIF P1506000G, para o financiamento da obra de “Prolongación beirarrúas Rúa dos Lagartos”, tal como

aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo Enxeñeiro de Camiños Julio C. Rojo Martínez.

2. A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle, así como en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público e a súa normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria comprométese a destinala ao uso público para o cal está prevista.

II. Orzamento de execución das obras

O orzamento total da execución da contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento material	execución	80.234,69 €
Gastos xerais (13 %)		10.430,51 €
Beneficio industrial (6 %)		4.814,08 €
IVE (21 %)		20.050,65 €
Orzamento da contrata		115.529,93 €

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 55.500,00 €, o que representa unha porcentaxe de 48,03950 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula II, a Deputación só achegará o importe que represente o 48,03950 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resultase inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade etc.

Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, implantacións ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/454.1/76201 do orzamento provincial para o ano 2016. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustifico.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación e execución

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula I.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprrobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. Durante a execución das obras e ata a finalización e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figuren o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI. Xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1. Coa posibilidade prevista na base 57ª das de execución do orzamento para o ano 2016, ata o 40 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se

procederá a expedir un primeiro pagamento a favor da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e, no seu caso, polo funcionariado técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir persoal técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula V (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, en cuxos correspondentes asentos se faga constar que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Acreditación do pagamento efectivo a terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E, de transcorrerem máis de catro meses dende a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar aboarlle aos terceiros o importe xustificado do 60 % no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

VII. Termo para a finalización das obras e prazo de xustificación

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIII.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

3. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e, logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Simultaneamente, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, de se producir o atraso no prazo de xustificación e non exceder dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €. De exceder dun mes e non chegar a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €. E, de a extemporaneidade da xustificación exceder de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

4. De se producir o atraso no pagamento á persoa adxudicataria ou a terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seranlles remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á

Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O presente convenio de colaboración terá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2017**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do citado prazo, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, e achegar coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2019**; todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou, no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e após dos informes da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario na sesión do

E en proba de conformidade asínano en exemplar cuadriplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O deputado responsable da Área de O alcalde-presidente do
Cooperación cos Concellos Concello de Ordes

Xosé Regueira Varela

José Luis Martínez Sanjurjo”

35.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE SAN SADURNIÑO PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE “AGLOMERADO E FORMACIÓN DE BEIRARRÚAS NO CAMIÑO DO INXERTO”

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de San Sadurniño para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	San Sadurniño
DENOMINACIÓN DA OBRA	Aglomerado e formación de beirarrúas no camiño do Inxerto
ORZAMENTO DO PROXECTO	125.711,93 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	100.000,00 €
ACHEGA DO CONCELLO	25.711,93 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	79,54695 %
PARTIDA ORZAMENTARIA	0430/454.1/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/454.1/76201 do orzamento provincial para o ano 2016.

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios

orçamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orçamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SAN SADURNIÑO PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA AGLOMERADO E FORMACIÓN DE BEIRARRÚAS NO CAMIÑO DO INXERTO

Na Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, o deputado responsable da Área de Cooperación cos Concellos, Xosé Regueira Varela.

E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello de San Sadurniño, Secundino García Casal

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de San Sadurniño ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I. Obxecto

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de San Sadurniño con CIF P1507700A, para o financiamento da obra de “Aglomerado e formación de beirarrúas no camiño do Inxerto”, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo Enxeñeiro de Camiños Igor Vergara Otero

2. A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle, así como en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público e a súa normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto,

unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria comprométese a destinala ao uso público para o cal está prevista.

II. Orzamento de execución das obras

O orzamento total da execución da contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento material	execución	87.306,02 €
Gastos xerais (13 %)		11.349,78 €
Beneficio industrial (6 %)		5.238,36 €
IVE (21 %)		21.817,77 €
Orzamento da contrata		125.711,93 €

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 100.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 79,54695 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula II, a Deputación só achegará o importe que represente 79,54695 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resultase inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, implantacións ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/454.1/76201 do orzamento provincial para o ano 2016. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación e execución

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula I.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. Durante a execución das obras e ata a finalización e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figuren o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI. Xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1. Coa posibilidade prevista na base 57^a das de execución do orzamento para o ano 2016, ata o 40 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pagamento a favor da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e, no seu caso, polo funcionariado técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir persoal técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obra, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula V (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, en cuxos correspondentes asentos se faga constar que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Acreditación do pagamento efectivo a terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E, de transcorrerem máis de catro meses dende a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar aboarlle aos terceiros o importe xustificado do 60 % no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

VII. Termo para a finalización das obras e prazo de xustificación

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIII.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

3. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación

aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e, logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Simultaneamente, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se perciban dende o día no

que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, de se producir o atraso no prazo de xustificación e non exceder dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €. De exceder dun mes e non chegar a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €. E, de a extemporaneidade da xustificación exceder de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

4. De se producir o atraso no pagamento á persoa adxudicataria ou a terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seranlles remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O presente convenio de colaboración terá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2017**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do citado prazo, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, e achegar coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2019**; todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou, no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e após dos informes da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario na sesión do

E en proba de conformidade asínano en exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O deputado responsable da Área
de Cooperación cos Concellos

O alcalde-presidente do
Concello de San Sadurniño

Xosé Regueira Varela

Secundino García Casal”

36.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN COLECTIVO DE COCIÑEIROS DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO “ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DA PROVINCIA A TRAVÉS DE EVENTOS GASTRONÓMICOS”

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento desta subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2º.- Apréciense no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a **ASOCIACION COLECTIVO DE COCINEROS DE A CORUÑA, CIF G70482757**, para o financiamento das “*Actividades de promoción turística da provincia a través de eventos gastronómicos*”.

4º.- A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 19.871,80 euros, o que representa unha porcentaxe de 80,00 %

5º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/481 prevista en el vixente orzamento provincial.

6º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

ANEXO

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACION COLECTIVO DE COCINEROS DA CORUÑA
A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Señor D. Valentín González Formoso, como presidente da Deputación Provincial de A Coruña,

Doutra parte Don, JAVIER GONZALEZ FREIJEIRO con DNI núm. 35565861H, en representación da ASOCIACION COLECTIVO DE COCINEROS DE A CORUÑA

1. Que a Deputación provincial da Coruña e a ASOCIACION COLECTIVO DE COCINEROS DE A CORUÑA consideran de grande interese para a provincia o obxectivo de vitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados coa promoción turístico-gastronómica da provincia.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACION COLECTIVO DE COCINEROS DE A CORUÑA , as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **ASOCIACION COLECTIVO DE COCINEROS DE A CORUÑA**, CIF G70482757 para o financiamento do proxecto *Actividades de promoción turística da provincia a través de eventos gastronómicos*”

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A ASOCIACION COLECTIVO DE COCINEROS DE A CORUÑA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

FÓRUM GASTRONÓMIC BARCELONA 2016

Audiovisuais e multimedia	4.900,00 €
Materia prima	2.184,92 €
Transporte materia prima	1.300,00 €
Posta en escena	3.950,00 €
Chaquetiñas (15)	2.425,00 €
Presentador	1.800,00 €
IVE	3.477,58 €

TOTAL EVENTO 20.037,50 €

FIBEGA – MERIDA 2016

Degustacións showcooking	500,00 €
Honorarios chef	600,00 €
Axudante	400,00 €
Desprazamento camión refrixerado	700,00 €
Hotel 2 hab. 3 noites	500,00 €
Degustacións stand	668,80 €
menaxe, utensilios e outros	600,00 €
IVE	833,45 €

TOTAL EVENTO 4.802,25 €

TOTAL PROXECTO	24.839,75 €
-----------------------	--------------------

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **19.871,80 €** o que representa unha porcentaxe de 80,00%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACION COLECTIVO DE COCINEROS DE A CORUÑA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACION COLECTIVO DE COCINEROS DE A CORUÑA . Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ASOCIACION COLECTIVO DE COCINEROS DE A CORUÑA , nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACION COLECTIVO DE COCINEROS DE A CORUÑA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a ASOCIACION COLECTIVO DE COCINEROS DE A CORUÑA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirille á Deputación un exemplar do proxecto

modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACION COLECTIVO DE COCINEROS DE A CORUÑA .

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACION COLECTIVO DE COCINEROS DE A CORUÑA , unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ASOCIACION COLECTIVO DE COCINEROS DE A CORUÑA , xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A ASOCIACION COLECTIVO DE COCINEROS DE A CORUÑA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar rematadas ao menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ASOCIACION COLECTIVO DE COCINEROS DE A CORUÑA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACION COLECTIVO DE COCINEROS DE A CORUÑA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACION COLECTIVO DE COCINEROS DE A CORUÑA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACION COLECTIVO DE COCINEROS DE A CORUÑA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOCIACION COLECTIVO DE COCINEROS DE A CORUÑA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ASOCIACION COLECTIVO DE COCINEROS DE A CORUÑA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ASOCIACION COLECTIVO DE COCINEROS DE A CORUÑA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACION COLECTIVO DE COCINEROS DE A CORUÑA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACION COLECTIVO DE COCINEROS DE A CORUÑA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACION COLECTIVO DE COCINEROS DE A CORUÑA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de

sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACION COLECTIVO DE COCINEROS DE A CORUÑA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACION COLECTIVO DE COCINEROS DE A CORUÑA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 24 de outubro de 2016 ata o 23 de novembro do 2016, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 23 de febreiro do 2017.

2. Para o caso de que a ASOCIACION COLECTIVO DE COCINEROS DE A CORUÑA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación

antes do día 24 de decembro de 2016, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOCIACION COLECTIVO DE COCINEROS DE A CORUÑA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da ASOCIACION COLECTIVO DE COCINEROS DE A CORUÑA , respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día____de ____de____

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O representante da ASOCIACION
COLECTIVO DE COCINEROS DE
A CORUÑA

D VALENTIN GONZALEZ FORMOSO

D. JAVIER GONZALEZ
FREIJEIRO”

37.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO “OBRAS NA IGREXA DE SAN LORENZO DE DOSO. NARÓN”

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento desta subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2º.- Apréciense no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a **DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL, CIF R1500019C**, para o financiamento das “*Obras na Igrexa de San Lorenzo de Doso. Narón*”.

4º.- A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 44.455,17 euros, o que representa unha porcentaxe do 80,00 %

5º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/3339/781 prevista no vixente orzamento provincial.

6º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

ANEXO

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Señor D. Valentín González Formoso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte Don Ramón Otero Couso, con DNI núm. 33757642J, en representación da DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL,

1. Que a Deputación Provincial da Coruña e a DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL consideran de grande interese para a provincia a rehabilitación da Igrexa Parroquial de San Lorenzo de Doso (Narón), co fin de conservar o patrimonio da devandita DIOCESE.

2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e **DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL, CIF R1500019C**, para o financiamento das “*Obras na Igrexa de San Lorenzo de Doso. Narón*”, tal como aparece definida esta no proxecto (básico ou de execución), redactado polo Arquitecto Técnico Don Severino Fernández Martínez.

2. A DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable. A situación exacta da Igrexa é a seguinte: **Lugar de Bidueiros 1, 15597, Narón, A Coruña. A referencia catastral do inmovible é 000906000NJ71G0001PT**

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Presuposto de execución material..... 45.924,76

Imposto sobre o valor engadido (21%) 9.644,20

Presuposto de execución por contrata 55.568,96

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 44.455,17 € o que representa unha porcentaxe de 80,00 % A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a

entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licencias, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/333.9/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle á DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. A contratación cos terceiros para a execución total ou parcial das obras realizarase garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

No procedemento de contratación deberá participar un funcionario provincial, designado polo presidente da Corporación, que formará parte da Comisión técnica que avalíe as ofertas dos licitadores.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo

menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, a DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Copia do contrato e do expediente de contratación
- Certificación de obra subscrita polo técnico-director e polo contratista.
- Factura expedida polo contratista. No caso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña
- Certificación de aprobación desta polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
- Coa derradeira certificación de obra, deberase aportar acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)

De conformidade co previsto no artigo 31.4 da Lei xeral de subvencións, deberase achegar unha certificación do Rexistro da Propiedade na que conste que, en virtude da afección legal esixida en dito precepto, estendeuse unha nota marxinal sobre a finca que se describe detalladamente na cláusula primeira, de xeito que a mesma deberá destinarse durante CINCO ANOS á finalidade de edificio destinado ao uso público previsto, contándose dito prazo desde a data que conste na acta de recepción das obras. En caso de incumprimento desta obriga de destino, dito inmovible quedará afecto ao pago do reintegro parcial ou total da subvención concedida, así coma aos xuros de mora que se teñan devengado desde a data de pago da subvención, calquera que sexa o seu posuidor.

A DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas ao menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as obras, a DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración e a lexislación citada anteriormente.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10

por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 01 de xullo do ano 2016, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de outubro do ano 2017**.

2. Para o caso de que a DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL non poida ter rematadas as OBRAS e presentada a xustificación **antes do día 1 de setembro de 2017**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a DIOCESE

DE MONDOÑEDO-FERROL perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E, en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O representante da DIOCESE DE
MONDOÑEDO-FERROL

VALENTIN GONZALEZ FORMOSO”

38.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE BETANZOS NO PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2016

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación, na sesión ordinaria do 27 de maio de 2016, polo que se aprobou o Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 e o seu Plan complementario no marco das Bases reguladoras aprobadas por acordo plenario do 30 de decembro de 2015 (BOP núm. 2 do 5 de xaneiro de 2016), posteriormente modificadas por novo acordo plenario do 28 de outubro de 2016 (BOP número 208, do 3 de novembro de 2016)

Logo de ver a solicitude do Concello de Betanzos para participar no PAI 2016, que destinaba o préstamo provincial asignado, que ascendía a 212.173,28 €, en parte á amortización de débeda por importe de 17.383,90 € e en parte ao financiamento do investimento que máis adiante se indica, cun orzamento de 194.789,38 €

Logo de ver a petición presentada polo Concello de Betanzos de modificar a súa solicitude inicial de participación no PAI 2016, dada a súa situación orzamentaria “con remanente de tesourería para gastos xerais axustado negativo” que lle impide executar novos investimentos no exercicio seguinte, polo que renuncia á realización do investimento inicialmente aprobado e destina integramente o préstamo provincial asignado no PAI 2016 á redución do endebedamento con entidades financeiras que pasa de 17.383,90 € a 212.173,28 €

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1º.- Aprobar, tras a petición do Concello de Betanzos, a modificación da súa solicitude de participación no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016, motivada pola súa situación orzamentaria “con remanente de tesourería para gastos xerais axustado negativo”, que lle impide executar novos investimentos no exercicio seguinte.

A solicitude de modificación consiste, por unha banda, na renuncia á realización do investimento inicialmente aprobado denominado “Mellora na eficiencia enerxética e iluminación con tecnoloxía led na rúa Venezuela e outras”, código 16.3290.0008.0, cun orzamento de 194.789,38 €, financiado integramente con préstamo provincial, e por outra, en destinar integramente o dito importe á redución do endebedamento con entidades financeiras que pasa de 17.383,90 € a 212.173,28 €, de forma que o importe total de préstamo provincial asignado ao concello non varía.

A participación do Concello de Betanzos no PAI 2016 queda como segue:

NOVA DISTRIBUCIÓN POLO CONCELLO DE BETANZOS DA ASIGNACIÓN DO PRÉSTAMO PROVINCIAL ASIGNADO NO PAI 2016			
Subtotais	Distribución inicial	Nova distribución	Diferenza
Investimentos	194.789,38	0,00	-194.789,38
Redución endebedamento municipal	17.383,90	212.173,28	+194.789,38
Total asignación préstamo provincial	212.173,28	212.173,28	0,00

CONCELLO DE BETANZOS PAI 2016 OBRA QUE SE ANULA				
Código Investimento	Denominación Investimento	Préstamo deputación	Achega concello	Total
16.3290.0008.0	Mell. efic. enerx. e ilum. led rúa Venezuela e O.	194.789,38	0,00	194.789,38

CONCELLO DE BETANZOS PAI 2016 PRÉSTAMOS MUNICIPAIS QUE SE MINORAN CON CARGO AO PRÉSTAMO PROVINCIAL				
	Código préstamo municipal	Préstamo provincial	Préstamo	Préstamo

<i>Entidade financeira</i>	<i>IBAN conta asociada ao préstamo municipal</i>	<i>aplicado á minoración de débeda municipal</i>	<i>provincial xa transferido</i>	<i>provincial pendente de transferir</i>
ABANCA	2080-0018-012374-000-00-0 ES94-2080-0018-0831-1000-0029	27.045,63		27.045,63
ABANCA	2080-0018-011641-000-00-0 ES94-2080-0018-0831-1000-0029	28.293,56		28.293,56
ABANCA	2080-3101-000303-000-00-9 ES11-2080-3101-0131-1000-0103	156.834,09	17.383,90	139.450,19
TOTAL		212.173,28	17.383,90	194.789,38

2º.- Aprobar a modificación dos datos globais de financiamento do PAI 2016 xa que como consecuencia desta modificación aumenta o importe global da asignación de préstamo provincial ao apartado PAI-Redución endebedamento municipal e minórase na mesma medida o importe global desta asignación de préstamo provincial ao apartado PAI-Investmentos, permanecendo invariable o importe de préstamo provincial total da deputación ao Plan.

Os novos datos globais do PAI 2016 son os seguintes:

<i>Apartado PAI 2016</i>	PAI 2016 NOVO FINANCIAMENTO DESAGREGADO		
	<i>Deputación</i>	<i>Concello</i>	<i>Total</i>
<i>A) REDUCIÓN DE ENDEBEDAMENTO MUNICIPAL (Anexo I)</i>	7.284.727,56	0,00	7.284.727,56
<i>B) INCREMENTOS (Anexo II)</i>	7.252.004,82	569.833,18	7.821.838,00
TOTAL PAI 2016 61 CONCELLOS	14.536.732,38	569.833,18	15.106.565,56

3º.- Dispoñer o pago, con carácter de prepagable, ao Concello de Betanzos, da cantidade de 194.789,38 € correspondentes aos tres préstamos municipais cuxos datos figuran na táboa anterior, nas contas bancarias asociadas a cada un deles, por ter solicitado o concello a súa aplicación ao financiamento de redución de endebedamento municipal, de acordo co previsto nas Bases reguladoras do PAI 2016.

O dito pago realizarase con cargo á partida 0430/9433/82120 do vixente orzamento provincial, de acordo cos datos contables que figuran no informe da Intervención a este expediente.

4º.- Dispoñer a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

5º.- Remitirlle o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

6º.- Unha vez transcorrido o dito prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentaran reclamacións ou alegacións, poderanse proseguir as actuacións.”

39.-APROBACIÓN DA INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES A QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO DE 2016 E RELACIÓN DETALLADA DE TODAS AS FACTURAS PAGADAS POLA DEPUTACIÓN E POLO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA ENTRE O 1 E O 30 DE NOVEMBRO DE 2016.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pagamento a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación provincial e no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento para o mes de novembro de 2016.

2.- Tomar coñecemento da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio contra Incendios e Salvamento da Provincia da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 30 de novembro de 2016.

3.- Unha vez remitida a información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a súa publicación na páxina web da Deputación Provincial da Coruña.”

40.-APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA A 30.11.2016 E PROXECCIÓN A 31.12.2016.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria a 30 de novembro de 2016, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2016 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevindas e imprevisibles que excedesen do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

4.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.”

41.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO CONCELLO DE BOIMORTO EN MATERIA DE CONTROL FINANCEIRO SOBRE AS SUBVENCÍONS OUTORGADAS EN RÉXIME NON COMPETITIVO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO: Aceptar a delegación relativa ao exercicio das funcións de control financeiro sobre as subvencións pagadas en concorrencia non competitiva.

SEGUNDO: Aceptar a delegación da instrución e resolución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados dos informes de control financeiro que se emitan en virtude da delegación anterior, así como a liquidación e recadación, tanto en período voluntario como en executivo dos ingresos de dereito público resultantes.

Para este efecto, resultarán tamén de aplicación a esta delegación as bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia.

TERCEIRO: Publicar o acordo, no seu caso adoptado polo Pleno provincial, no Boletín Oficial da provincia e no Diario oficial de Galicia.

Unha vez publicado o acordo someterase a información pública durante un prazo de 30 días co obxecto de que se poidan presentar as reclamacións e suxestións que se consideren oportunas, para o que estará a disposición dos interesados na Secretaría provincial.

De non se presentaren reclamacións durante o período de exposición pública entenderase aprobado definitivamente.

CUARTO: A delegación das competencias entrará en vigor unha vez sexa publicado o acordo definitivo no Boletín Oficial da Provincia, e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación de servizos de control financeiro aos concellos de menos de 5.000 habitantes da provincia, aprobadas para o efecto por esta Deputación provincial.”

42.-TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME FINAL DA EXECUCIÓN DO PLAN DE AUDITORÍAS SOBRE AS SUBVENCÍONS PAGADAS NO EXERCICIO 2013, AS AMPLIADAS A OUTROS EXERCICIOS E AS TRAMITACÍONS POR DENUNCIA.

A Corporación toma coñecemento do informe final da execución do plan de auditorías sobre as subvencións pagadas no exercicio 2013, as ampliadas a outros exercicios e as tramitadas por denuncia.

43.-PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DA RECLAMACIÓN PRESENTADA POR RICARDO BABIO ARCAJ COMO DECANO DO COLEXIO DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS CONTRA O CADRO DE PERSOAL PARA 2017.

VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta).

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños, e a abstención de Marea Atlántica e Compostela Aberta, acorda:

“1.- Desestimar a reclamación do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos e aprobar definitivamente o Cadro de Persoal para o exercicio 2017.”

44.-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS CONTRA A RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO PARA O 2017 POR:

a.Ricardo Babío Arcay como decano do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos.

b.Alberto Cadaveira Mahía como secretario da sección sindical da CIG na Deputación Provincial da Coruña.

c.José-Ramón Villalibre Fernández como presidente da Unión Provincial da Coruña da Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSIF-F).

VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta).

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños, e a abstención de Marea Atlántica e Compostela Aberta, acorda:

“1.- Estimar a reclamación do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos incluíndo a titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos para optar á praza de Técnico de Xestión de Proxectos.

2.- Estimar as reclamacións formuladas pola Confederación Intersindical Galega (CIG) e a Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSIF), e repor a situación anterior ao acordo plenario do 18 de novembro de 2016 en relación aos postos de Xefatura de negociado de Nóminas co factor “especial dedicación” e a Xefatura de Sección de Información e Actas co factor F10 “apertura sábados/horario fixo non suxeito a conciliación”.

3.- Desestimar a petición feita pola Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSIF) de supresión da observación “condución de vehículo” nos postos de traballo das zonas recatorias e nos postos de auxiliares técnicos de vías e obras.

4.- Aprobar definitivamente a Relación de Postos de Trabajo para o ano 2017 que figura a continuación.

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO 2017

CÓDIGO POSTO	POSTO	NIVEL	GRUPO/SUBGRUPO	DO T.	TP	F. PRO V.	A D M .	ESC.	TITULA CIÓN	FORMACIÓN ESPECÍFICA	OBSERVACIÓNS	C. ESPECÍFICO 2016 *
GABINETE DE PRESIDENCIA												
1.1.213.1	Secretario/a Gabinete de Presidencia	22	C1			1	N	LD		AG	3	Especial dedicación 17.558,70
1.1.211.1	Secretario/a Gabinete	22	C1			1	N	LD		AG	3	Especial dedicación 17.558,70
1.1.205.1	Secretario/a de Presidencia	22	C1			1	N	C		AG	3	Especial dedicación 17.558,70
1.1.231.3	Secretario/a Gabinete de Presidencia	22	C1			1	N	LD		AG	3	Especial dedicación 17.558,70
1.1.213.4	Secretario/a Gabinete de Presidencia	22	C1			1	N	LD		AG	3	Especial dedicación 17.558,70
1.1.8.1	Secretario/a de Vicepresidencia	22	C1			1	N	LD		AG	3	Especial dedicación 17.558,70
1.1.8.2	Secretario/a de Vicepresidencia	22	C1			1	N	LD		AG	3	Especial dedicación 17.558,70
1.1.374.1	Xefatura de negociado de prensa	22	C1			1	N	LD		AG	3	Especial dedicación 17.558,70
1.1.375.1	Xefatura de sección de protocolo	24	A1	A2		1	N	C		AG/AE	9	Especial dedicación F14 27.706,32
1.1.221.1	Xefatura de Negociado	22	C1			1	N	LD		AG/AE	3	Especial dedicación 17.558,70
1.1.15.75	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3	6.427,90
1.1.15.94	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3	6.427,90
ASESORÍA XURÍDICA												
1.1.36.1	Asesor xurídico	28	A1			1	S	C		AE	11	Especial dedicación 27.976,70
1.1.60.1	Ltrado asesor adxunto	26	A1			1	S	C		AE	11	Especial dedicación 26.814,11
1.1.60.3	Ltrado asesor adxunto	26	A1			1	S	C		AE	11	Especial dedicación 26.814,11

1.1.15.166	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		Especial dedicación	13.086,99
1.1.15.38	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F5	8.678,24
1.1.3.68	Auxiliar admón. xrl.	16	C2			1	N	C		AG	4			5.802,91

SECRETARÍA XERAL

1.1.136.1	Secretario Xeral	30	A1			1	S	LD		HN			Hab. Estatal Especial dedicación	41.070,05
1.1.22.1	Secretario/a de Secretaría Xeral	22	A2	C1		1	N	LD		AG	9/3		F5	12.517,82

OFICIALÍA MAIOR

1.1.137.1	Oficial Maior	30	A1			1	S	LD		HN			Hab. Estatal Especial dedicación F9	37.416,56
1.1.181.1	Secretario/a de Oficialía Maior	22	A2	C1		1	N	LD		AG	9/3		F5	12.517,82
1.1.15.199	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	III.3	C		AG	3		(*)	6.427,90

INFORMACIÓN E ACTAS

1.1.305.1	Xefatura de sección de información e actas	24	A1	A2		1	S	C		AG/AE	10/9		F2-F5-F6-F10	22.572,47
1.1.46.1	Técnico superior Unión Europea	22	A1			1	N	C		AE	1/7		F6	10.259,78
1.1.306.1	Xefatura de negociado I	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3		F2-F10	12.467,80
1.1.354.1	Xefatura de negociado II	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3		F10	11.154,80
1.1.204.1	Técnico coordinador normalización lingüística	24	A1			1	S	C		AE	12			10.472,93
1.1.52.2	Técnico de normalización lingüística	22	A1			1	N	C		AE	12			8.643,78
1.1.15.65	Administrativo (información e actas)	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.172	Administrativo (información e actas)	19	C1			1	N	C		AG	3		F3-F10	9.861,80
1.1.15.173	Administrativo (información e actas)	19	C1			1	N	C		AG	3		F3-F10	9.861,80
1.1.15.174	Administrativo (información e actas)	19	C1			1	N	C		AG	3		F3-F10	9.861,80

1.1.15.175	Administrativo (información e actas)	19	C1			1	N	C		AG	3		F3-F10	9.861,80
1.1.15.176	Administrativo (información e actas)	19	C1			1	N	C		AG	3		F2-F10	9.356,80
1.1.15.196	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F2-F10	9.356,80
1.1.3.156	Auxiliar administrativo (inform. e actas)	16	C2			1	N	C		AG	4		F3-F10	9.236,96
1.1.3.157	Auxiliar administrativo (inform. e actas)	16	C2			1	N	C		AG	4		F3-F10	9.236,96
1.1.3.158	Auxiliar administrativo (inform. e actas)	16	C2			1	N	C		AG	4		F3-F10	9.236,96

SERVIZOS INTERNOS

1.1.3.145	Xefatura de servicios internos	18	C2			1	N	C		AG	4		Especial dedicación	15.047,65
1.1.3.146	Subxfatura de servicios internos	16	C2			1	N	C		AG	4			5.802,91
1.1.11.2	Subalterno	13	AP			1	N	C		AG	5			5.575,51
1.1.11.3	Subalterno	13	AP			1	N	C		AG	5			5.575,51
1.1.11.6	Subalterno	13	AP			1	N	C		AG	5			5.575,51
1.1.11.7	Subalterno	13	AP			1	N	C		AG	5			5.575,51
1.1.11.8	Subalterno	13	AP			1	N	C		AG	5			5.575,51
1.1.11.9	Subalterno	13	AP			1	N	C		AG	5			5.575,51
1.1.11.21	Subalterno	13	AP			1	N	C		AG	5			5.575,51
1.1.11.22	Subalterno	13	AP			1	N	C		AG	5			5.575,51
1.1.11.23	Subalterno	13	AP			1	N	C		AG	5			5.575,51
1.1.11.24	Subalterno	13	AP			1	N	C		AG	5			5.575,51
1.1.11.26	Subalterno	13	AP			1	N	C		AG	5			5.575,51
1.1.11.28	Subalterno	13	AP			1	N	C		AG	5			5.575,51

ARQUIVO

1.1.355.1	Xefatura de sección de arquivo	24	A1	A2		1	S	C		AG/AE	10/9			14.291,72
1.1.307.1	Xefatura de negociado de arquivo	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3			9.539,41
1.1.69.1	Técnico de arquivo-biblioteca	22	A1			1	N	C		AE	13			8.643,78
1.1.15.45	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90

1.1.15.200	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	III.3	C		AG	3		(*)	6.427,90
1.1.11.25	Subalterno	13	AP			1	N	C		AG	5			5.575,51

IMPRESA

1.1.81.1	Encargado de imprenta	21	A2			1	N	C		AE	2		Especial dedicación	18.119,56
1.1.379.1	Oficial responsable de impresión e postimpresión	22	C1	B		1	III.1. A	C		AE	3/8		(*)	9.539,41
1.1.380.1	Oficial responsable Fotocomposición	22	C1	B		1	III.1. A	C		AE	3/8		(*)	9.539,41
1.1.381.1	Oficial responsable edición e diseño gráfico	22	C1	B		1	III.1. A	C		AE	3/8		(*)	9.539,41
1.1.377.1	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	N	C		AE	3/8			6.677,90
1.1.377.2	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	N	C		AE	3/8		Ocupado por oficial industrial	6.677,90
1.1.377.5	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	N	C		AE	3/8		Ocupado por oficial industrial	6.677,90
1.1.377.8	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	N	C		AE	3/8		Ocupado por oficial industrial	6.677,90
1.1.377.3	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	III.3	C		AE	3/8		(*)	6.677,90
1.1.377.4	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	III.3	C		AE	3/8		(*)	6.677,90
1.1.377.6	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	III.3	C		AE	3/8		(*)	6.677,90
1.1.377.7	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	III.3	C		AE	3/8		(*)	6.677,90
1.1.377.9	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	III.3	C		AE	3/8		(*)	6.677,90
1.1.377.10	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	III.3	C		AE	3/8		(*)	6.677,90
1.1.377.11	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	III.3	C		AE	3/8		(*)	6.677,90
1.1.377.12	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	III.3	C		AE	3/8		(*)	6.677,90
1.1.377.13	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	III.3	C		AE	3/8		(*)	6.677,90
1.1.15.24	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F8	7.148,76
1.1.410.1	Operario de imprenta	16	C2			1	N	C		AE	4			5.802,91

PARQUE MÓBIL

1.1.295.1	Xefatura de negociado parque móvil	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG	10/9/3		F9	10.440,69
-----------	------------------------------------	----	----	----	------	---	---	---	--	----	--------	--	----	-----------

1.1.411.1	Conductor coordinador	15	C2			1	N	C		AE	4		Especial dedicación F11-F12-F13	13.364,28
1.1.112.1	Conductor de presidencia	15	C2			1	N	LD		AE	4		Especial dedicación F11-F12-F13	20.712,70
1.1.112.2	Conductor de presidencia	15	C2			1	N	LD		AE	4		Especial dedicación F11-F12-F13	20.712,70
1.1.117.6	Conductor	15	C2			1	N	C		AE	4		Especial dedicación F11-F12-F13	13.364,28
1.1.109.1	Conductor	15	C2			1	N	C		AE	4		Especial dedicación F11-F12-F13	13.364,28
1.1.109.2	Conductor	15	C2			1	N	C		AE	4		Especial dedicación F11-F12-F13	13.364,28
1.1.109.4	Conductor	15	C2			1	N	C		AE	4		Especial dedicación F11-F12-F13	13.364,28
1.1.109.5	Conductor	15	C2			1	N	C		AE	4		Especial dedicación F11-F12-F13	13.364,28
1.1.109.6	Conductor	15	C2			1	N	C		AE	4		Especial dedicación F11-F12-F13	13.364,28
1.1.109.7	Conductor	15	C2			1	N	C		AE	4		Especial dedicación F11-F12-F13	13.364,28

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

1.1.356.1	Xefatura de servizo de patrimonio e contratación	28	A1			1	S	CE		AG/AE	10		Especial dedicación F9	28.877,70
1.1.308.1	Xefatura de sección I	24	A1	A2		1	S	C		AG/AE	10/9		F9	15.192,86
1.1.378.1	Xefatura de sección II	24	A1	A2		1	S	C		AG/AE	10/9			14.291,72
1.1.309.1	Xefatura de negociado I	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3		F8	10.260,27
1.1.310.1	Xefatura de negociado II	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3			9.539,41

1.1.311.1	Xefatura de negociado III	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3		F8	10.260,27
1.1.312.1	Xefatura de negociado IV	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3			9.539,41
1.1.406.2	Técnico administración xeral	22	A1			1	N	C		AG	1			8.643,78
1.1.178.5	Técnico de xestión de admón. xrl.	21	A2			1	N	C		AG	9			7.821,12
1.1.15.177	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F8	7.148,76
1.1.15.7	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.99	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.121	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.136	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.144	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.178	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.197	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.3.159	Auxiliar admón. xrl.	16	C2			1	N	C		AG	4		F8	6.523,91
1.1.3.143	Auxiliar admón. xrl.	16	C2			1	N	C		AG	4			5.802,91
1.1.394.1	Xefatura de sección de patrimonio	24	A1	A2		1	S	C		AG/AE	10/9			14.291,72
1.1.361.1	Xefatura de negociado de patrimonio	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3		F8	10.260,27
1.1.15.118	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F8	7.148,76
1.1.15.41	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90

**INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONOMICO
FINANCEIRA**

1.1.138.1	Interventor xeral	30	A1			1	S	LD		HN			Habilitación estatal. Especial dedicación	41.070,05
1.1.140.1	Viceinterventor	30	A1			1	S	LD		HN			Habilitación estatal. Especial dedicación	36.515,56

1.1.141.1	Interventor adxunto	30	A1			1	S	LD		HN			Habilitación estatal. Especial dedicación	36.515,56
1.1.141.2	Interventor adxunto	30	A1			1	S	C		HN			Habilitación estatal. Especial dedicación	36.515,56
1.1.21.1	Secretaria	22	A2	C1		1	N	LD		AG	9/3		F5	12.517,82
1.1.21.2	Secretaria	22	A2	C1		1	N	LD		AG	9/3		F5	12.517,82

SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL
FINANCEIRO

1.1.344.1	Xefatura de servizo de fiscalización e control financeiro	28	A1			1	S	CE		AG/AE	10		Especial dedicación	27.976,70
1.1.321.1	Xefatura de sección de control I	24	A1	A2		1	S	C		AG/AE	10/9		F2-F5-F6	20.956,53
1.1.345.1	Xefatura de sección de control II	24	A1	A2		1	S	C		AG/AE	10/9			14.291,72
1.1.322.1	Xefatura de negociado fiscalización subvenciones	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3		F2-F5	13.830,73
1.1.323.1	Xefatura de negociado contratos e outros gastos correntes	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3		F2-F5	13.830,73
1.1.324.1	Xefatura de negociado fiscalización plans e outros gtos con financiamento afectado	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3		F2-F5	13.830,73
1.1.325.1	Xefatura de negociado fiscalización de persoal	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3		F2-F5	13.830,73
1.1.326.1	Xefatura de negociado control de ingresos	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3		F2-F5	13.830,73
1.1.346.1	Xefatura de negociado control financeiro e auditoría de gastos	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3			9.539,41
1.1.178.8	Técnico xestión admón. xrl.	21	A2			1	N	C		AG	9		F2-F6	10.750,12
1.1.178.9	Técnico xestión admón. xrl.	21	A2			1	N	C		AG	9		F2-F6	10.750,12
1.1.32.6	Técnico de xestión económico-financeira	21	A2			1	N	C		AE	2		F2-F6	10.750,12
1.1.33.27	Técnico de xestión tributaria	21	A2			1	N	C		AE	2			7.821,12
1.1.15.3	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.80	Administrativo admón.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90

	xrl.													
1.1.15.181	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F3	8.245,90
1.1.15.182	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F3	8.245,90
1.1.15.183	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F3	8.245,90
1.1.15.184	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F3	8.245,90
1.1.15.185	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F3	8.245,90
1.1.15.187	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F3	8.245,90
1.1.15.188	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F3	8.245,90
1.1.15.189	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F3	8.245,90
1.1.15.190	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F3	8.245,90
1.1.15.191	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F3	8.245,90
1.1.15.192	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F3	8.245,90
1.1.3.160	Auxiliar admón. xrl.	16	C2			1	N	C		AG	4		F8	6.523,91

SERVIZO DE
CONTABILIDADE

1.1.245.1	Xefatura de servizo de contabilidade	28	A1			1	S	CE		AG/AE	10		Especial dedicación	27.976,70
1.1.327.1	Xefatura de sección contabilidade I	24	A1	A2		1	S	C		AG/AE	10/9		F2-F5-F6	20.956,53
1.1.328.1	Xefatura de sección contabilidade II	24	A1	A2		1	S	C		AG/AE	10/9		F2-F5-F6	20.956,53
1.1.390.1	Xefatura de sección contabilidade III	24	A1	A2		1	S	C		AG/AE	10/9			14.291,72
1.1.329.1	Xefatura de negociado I	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3		F2-F5	13.830,73
1.1.364.1	Xefatura de negociado II	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3			9.539,41
1.1.330.1	Xefatura de negociado III	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3		F2-F5	13.830,73
1.1.347.1	Xefatura de negociado IV	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3			9.539,41
1.1.348.1	Xefatura de negociado	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE				9.539,41

	V										10/9/3			
1.1.391.1	Xefatura de negociado VI	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3			9.539,41
1.1.42.5	Técnico de organización	22	A1			1	S	C		AE	10		F2-F6	11.572,78
1.1.367.11	Técnico financeiro tributario	22	A1			1	N	C		AE	1		F2-F6	11.572,78
1.1.15.61	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.71	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.90	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.111	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.193	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F1-F3	9.356,90
1.1.15.194	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F1-F3	9.356,90
1.1.15.201	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	III.3	C		AG	3		(*)	6.427,90

SERVIZO DE ORZAMENTOS E ASISTENCIA
ECONÓMICA A MUNICIPIOS

1.1.407.1	Xefatura de servizo de orzamentos e asistencia económica a municipios	28	A1			1	S	CE		AG/AE	10		Especial dedicación	27.976,70
1.1.331.1	Xefatura de sección I	24	A1	A2		1	S	C		AG/AE	10/9		F2-F5-F6	20.956,53
1.1.333.1	Xefatura de negociado I	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3		F2-F5	13.830,73
1.1.15.195	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F3	8.245,90
1.1.332.1	Xefatura de sección II	24	A1	A2		1	S	C		AG/AE	10/9		F2-F5-F6	20.956,53
1.1.408.1	Xefatura de negociado II	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3			9.539,41
1.1.367.5	Técnico financeiro tributario	22	A1			1	N	C		AE	1			8.643,78
1.1.42.6	Técnico de organización	22	A1			1	S	C		AE	10		F2-F6	11.572,78
1.1.289.3	Asesor técnico	22	A2			1	S	C		AE	2		F2-F6	10.750,12
1.1.97.12	Técnico de xestión de admón. especial	21	A2			1	S	C		AE	9			7.821,12
1.1.15.54	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90

**TESOURERÍA E XESTIÓN DE
TRIBUTOS**

TESOURERÍA

1.1.139.1	Tesoureiro provincial	30	A1			1	S	LD		HN			Habilitación estatal. Especial dedicación	38.830,99
1.1.376.1	Secretaría tesorería provincial	22	A2	C1		1	N	LD		AG/AE	9/3		F5	12.517,82
1.1.142.1	Vicetesoureiro/a	30	A1			1	S	LD		HN			Habilitación estatal. Especial dedicación	36.515,56
1.1.271.1	Xefatura de sección central de tesorería	24	A1	A2		1	N	C		AG/AE	10/9			14.291,72
1.1.145.1	Xefatura de negociado de ingresos	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3		F9	10.440,69
1.1.34.1	Xefatura de negociado de contabilidade	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3			9.539,41
1.1.15.53	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.62	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.146	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.63	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F8	7.148,76
1.1.3.139	Auxiliar admón. xrl.	16	C2			1	N	C		AG	4			5.802,91
1.1.370.1	Xefatura de unidade central de atención ao contribuínte	26	A1			1	S	C		AE	1		Especial dedicación	26.814,11
1.1.367.12	Técnico financeiro tributario	22	A1			1	N	C		AE	1			8.643,78
1.1.367.13	Técnico financeiro tributario	22	A1			1	N	C		AE	1			8.643,78
1.1.158.1	Xefatura de negociado de información	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3			9.539,41
1.1.33.14	Técnico xestión tributaria	21	A2			1	N	C		AE	2			7.821,12
1.1.33.17	Técnico xestión tributaria	21	A2			1	N	C		AE	2			7.821,12
1.1.15.73	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.87	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90

1.1.15.92	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.120	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.158	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.3.141	Auxiliar admón. xrl.	16	C2			1	N	C		AG	4			5.802,91
1.1.3.142	Auxiliar admón. xrl.	16	C2			1	N	C		AG	4			5.802,91
1.1.272.1	Xefatura de unidade de instrución de sancións municipais	24	A1	A2		1	S	C		AG/AE	10/9			14.291,72
1.1.238.1	Xefatura de negociado de procedemento administrativo e tramitación	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3			9.539,41
1.1.368.1	Xefatura de negociado de procesos masivos	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3			9.539,41
1.1.33.24	Técnico xestión tributaria	21	A2			1	N	C		AE	2			7.821,12
1.1.33.28	Técnico xestión tributaria	21	A2			1	N	C		AE	2			7.821,12
1.1.15.66	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.163	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.3.163	Auxiliar admón. xrl.	16	C2			1	N	C		AG	4			5.802,91
1.1.3.164	Auxiliar admón. xrl.	16	C2			1	N	C		AG	4			5.802,91
1.1.55.1	Inspector xefe de tributos locais	26	A1			1	S	C		AE	1		Especial dedicación	26.814,11
1.1.408.2	Xefatura de negociado	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3			9.539,41
1.1.369.1	Xefatura de negociado de coordinación	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3			9.539,41
1.1.367.9	Técnico financeiro tributario	22	A1			1	N	C		AE	1			8.643,78
1.1.367.14	Técnico financeiro tributario	22	A1			1	N	C		AE	1			8.643,78
1.1.33.2	Técnico de xestión tributaria	21	A2			1	N	C		AE	2			7.821,12
1.1.33.26	Técnico de xestión tributaria	21	A2			1	N	C		AE	2			7.821,12
1.1.107.1	Axente tributario	21	C1	B		1	N	C		AE	3/8			8.142,09
1.1.107.2	Axente tributario	21	C1	B		1	N	C		AE	3/8			8.142,09

1.1.15.70	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.125	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.129	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.160	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90

SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA

1.1.53.1	Xefatura de servizo de xestión tributaria	28	A1			1	S	CE		AG/AE	10		Especial dedicación	27.976,70
1.1.261.1	Xefatura de sección I	24	A1	A2		1	S	C		AG/AE	10/9			14.291,72
1.1.291.1	Xefatura de negociado I.I	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3			9.539,41
1.1.258.1	Xefatura de sección II	24	A1	A2		1	S	C		AG/AE	10/9			14.291,72
1.1.292.1	Xefatura de negociado II.I	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3			9.539,41
1.1.365.1	Xefatura de negociado II.II	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3			9.539,41
1.1.260.1	Xefatura de sección III	24	A1	A2		1	S	C		AG/AE	10/9			14.291,72
1.1.157.1	Xefatura de negociado III.I	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3			9.539,41
1.1.259.1	Xefatura de sección IV	24	A1	A2		1	S	C		AG/AE	10/9			14.291,72
1.1.366.1	Xefatura de negociado IV.I	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3			9.539,41
1.1.367.2	Técnico financeiro tributario	22	A1			1	N	C		AE	1			8.643,78
1.1.367.4	Técnico financeiro tributario	22	A1			1	N	C		AE	1			8.643,78
1.1.367.7	Técnico financeiro tributario	22	A1			1	N	C		AE	1			8.643,78
1.1.367.8	Técnico financeiro tributario	22	A1			1	N	C		AE	1			8.643,78
1.1.367.10	Técnico financeiro tributario	22	A1			1	N	C		AE	1			8.643,78
1.1.33.8	Técnico de xestión tributaria	21	A2			1	N	C		AE	2			7.821,12
1.1.33.11	Técnico de xestión tributaria	21	A2			1	N	C		AE	2			7.821,12
1.1.15.5	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90

1.1.15.6	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.12	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.15	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.67	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.78	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.79	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.83	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.100	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.101	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.107	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.114	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.128	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.133	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.139	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.140	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.142	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.148	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.153	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.3.99	Auxiliar admón. xrl.	16	C2			1	N	C		AG	4			5.802,91
1.1.3.126	Auxiliar admón. xrl.	16	C2			1	N	C		AG	4			5.802,91
SERVIZO CENTRAL DE RECADACIÓN														
1.1.242.1	Xefatura de servizo de recadación	28	A1			1	S	CE		AG/AE	10		Especial dedicación	27.976,70

1.1.372.1	Xefatura de sección de revisión	24	A1	A2		1	S	C		AG/AE	10/9			14.291,72
1.1.17.8	Xefatura de negociado de devolucións	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3			9.539,41
1.1.229.1	Xefatura de negociado de recursos	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3			9.539,41
1.1.371.1	Xefatura unidade central de recadación executiva (UCRE)	24	A1			1	S	C		AG/AE	1		Especial dedicación	22.023,76
1.1.294.1	Xefatura de negociado de control	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3		F9	10.440,69
1.1.233.1	Xefatura de negociado de executiva	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3			9.539,41
1.1.235.1	Xefatura de negociado de contabilidade	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3			9.539,41
1.1.148.1	Coordinador xestión recadatoria	22	A2	C1		1	N	C		AG/AE	9/3			14.291,72
1.1.293.1	Xefatura de negociado de xestión recadatoria	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3			9.539,41
1.1.367.1	Técnico financeiro tributario	22	A1			1	N	C		AE	1			8.643,78
1.1.15.59	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.68	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.110	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.123	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.126	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.143	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.151	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.157	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.159	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.141	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F9	7.329,04
1.1.15.162	Administrativo admón.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90

	xrl.													
1.1.3.55	Auxiliar admón. xrl.	16	C2			1	N	C		AG	4			5.802,91
1.1.3.148	Auxiliar admón. xrl.	16	C2			1	N	C		AG	4			5.802,91
1.1.357.1	Xefatura de sección de asistencia á xestión e procedementos tributarios	24	A1	A2		1	S	C		AG/AE	10/9			14.291,72
1.1.45.5	Técnico superior informática	22	A1			1	N	C		AE	15			8.643,78
1.1.45.13	Técnico superior informática	22	A1			1	N	C		AE	15			8.643,78
1.1.290.1	Analista programador	20	C1	B		1	N	C		AE	16			6.908,34

ZONAS
RECADATORIAS

ZONA 1

1.1.382.1	Xefatura territorial de zona 1	22	C1	B		1	III.3	C		AG/AE	3/8		Condución de vehículos.Es ppecial dedicación. (*)	20.320,88
1.1.383.1	Oficial maior de recadación	20	C1	B		1	III.1. B	C		AG/AE	3/8		Condución de vehículos.Es ppecial dedicación. (*)	15.941,58
1.1.384.3	Oficial 1ª recadación	19	C1	B		1	III.3	C		AG/AE	3/8		Condución de vehículos.Es ppecial dedicación. (*)	13.121,35
1.1.384.4	Oficial 1ª recadación	19	C1	B		1	III.3	C		AG/AE	3/8		Condución de vehículos.Es ppecial dedicación. (*). (**)	13.121,35
1.1.384.1	Oficial 1ª recadación	19	C1	B		1	III.3	C		AG/AE	3/8		Condución de vehículos.Es ppecial dedicación. (*). (**)	13.121,35
1.1.384.2	Oficial 1ª recadación	19	C1	B		1	III.3	C		AG/AE	3/8		Condución de vehículos.Es ppecial dedicación. (*)	13.121,35
1.1.385.1	Oficial 2ª recadación	17	C1	B		1	III.4	C		AG/AE	3/8		Condución de vehículos.Es ppecial dedicación. (*)	12.930,75

1.1.385.2	Oficial 2ª recadación	17	C1	B		1	III.4	C		AG/AE	3/8		Conducción de vehículos. Especial dedicación. (*)	12.930,75
1.1.385.3	Oficial 2ª recadación	17	C1	B		1	III.4	C		AG/AE	3/8		Conducción de vehículos. Especial dedicación. (*)	12.930,75
1.1.385.4	Oficial 2ª recadación	17	C1	B		1	III.4	C		AG/AE	3/8		Conducción de vehículos. Especial dedicación. (*)	12.930,75
1.1.385.5	Oficial 2ª recadación	17	C1	B		1	III.4	C		AG/AE	3/8		Conducción de vehículos. Especial dedicación. (*)	12.930,75
1.1.15.202	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90

ZONA 2

1.1.386.1	Xefatura territorial de zona 2	22	C1	B		1	III.3	C		AG/AE	3/8		Conducción de vehículos. Especial dedicación. (*)	20.320,88
1.1.383.2	Oficial maior de recadación	20	C1	B		1	III.1. B	C		AG/AE	3/8		Conducción de vehículos. Especial dedicación. (*)	15.941,58
1.1.384.5	Oficial 1ª recadación	19	C1	B		1	III.3	C		AG/AE	3/8		Conducción de vehículos. Especial dedicación. (*)	13.121,35
1.1.384.6	Oficial 1ª recadación	19	C1	B		1	III.3	C		AG/AE	3/8		Conducción de vehículos. Especial dedicación. (*)	13.121,35
1.1.384.7	Oficial 1ª recadación	19	C1	B		1	III.3	C		AG/AE	3/8		Conducción de vehículos. Especial dedicación. (*)	13.121,35
1.1.385.6	Oficial 2ª recadación	17	C1	B		1	III.4	C		AG/AE	3/8		Conducción de vehículos. Especial dedicación. (*)	12.930,75

1.1.385.7	Oficial 2ª recadación	17	C1	B		1	III.4	C		AG/AE	3/8		Conducción de vehículos. Especial dedicación. (*)	12.930,75
1.1.385.8	Oficial 2ª recadación	17	C1	B		1	III.4	C		AG/AE	3/8		Conducción de vehículos. Especial dedicación. (*)	12.930,75
1.1.385.9	Oficial 2ª recadación	17	C1	B		1	III.4	C		AG/AE	3/8		Conducción de vehículos. Especial dedicación. (*)	12.930,75
1.1.385.10	Oficial 2ª recadación	17	C1	B		1	III.4	C		AG/AE	3/8		Conducción de vehículos. Especial dedicación. (*)	12.930,75
1.1.385.11	Oficial 2ª recadación	17	C1	B		1	III.4	C		AG/AE	3/8		Conducción de vehículos. Especial dedicación. (*)	12.930,75
1.1.385.12	Oficial 2ª recadación	17	C1	B		1	III.4	C		AG/AE	3/8		Conducción de vehículos. Especial dedicación. (*)	12.930,75
1.1.33.19	Técnico de gestión tributaria	21	A2			1	N	C		AE	2			7.821,12
1.1.33.22	Técnico de gestión tributaria	21	A2			1	N	C		AE	2			7.821,12
1.1.15.55	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.203	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90

ZONA 3

1.1.387.1	Recadador/a	24	A1			1	I.1	C		AG/AE	1		Conducción de vehículos. Especial dedicación. (*)	22.023,76
1.1.383.3	Oficial mayor de recadación	20	C1	B		1	III.1. B	C		AG/AE	3/8		Conducción de vehículos. Especial dedicación. (*)	15.941,58
1.1.384.8	Oficial 1ª recadación	19	C1	B		1	III.3	C		AG/AE	3/8		Conducción de vehículos. Especial dedicación.	13.121,35

													(*)	
1.1.384.9	Oficial 1ª recadación	19	C1	B		1	III.3	C		AG/AE	3/8		Conducción de vehículos. Especial dedicación. (*)	13.121,35
1.1.385.13	Oficial 2ª recadación	17	C1	B		1	III.4	C		AG/AE	3/8		Conducción de vehículos. Especial dedicación. (*)	12.930,75
1.1.385.14	Oficial 2ª recadación	17	C1	B		1	III.4	C		AG/AE	3/8		Conducción de vehículos. Especial dedicación. (*)	12.930,75
1.1.385.15	Oficial 2ª recadación	17	C1	B		1	III.4	C		AG/AE	3/8		Conducción de vehículos. Especial dedicación. (*)	12.930,75
1.1.385.16	Oficial 2ª recadación	17	C1	B		1	III.4	C		AG/AE	3/8		Conducción de vehículos. Especial dedicación. (*)	12.930,75
1.1.385.17	Oficial 2ª recadación	17	C1	B		1	III.4	C		AG/AE	3/8		Conducción de vehículos. Especial dedicación. (*)	12.930,75
1.1.385.18	Oficial 2ª recadación	17	C1	B		1	III.4	C		AG/AE	3/8		Conducción de vehículos. Especial dedicación. (*)	12.930,75
1.1.367.3	Técnico financeiro tributario	22	A1			1	N	C		AE	1			8.643,78
1.1.33.18	Técnico de xestión tributaria	21	A2			1	N	C		AE	2			7.821,12
ZONA 4														
1.1.389.1	Xefatura territorial de zona 4	22	C1	B		1	III.3	C		AG/AE	3/8		Conducción de vehículos. Especial dedicación. (*)	20.320,88
1.1.383.4	Oficial maior de recadación	20	C1	B		1	III.1. B	C		AG/AE	3/8		Conducción de vehículos. Especial dedicación. (*)	15.941,58
1.1.384.10	Oficial 1ª recadación	19	C1	B		1	III.3	C		AG/AE	3/8		Conducción de vehículos. Es	13.121,35

													pecial dedicación. (*)	
1.1.385.19	Oficial 2ª recadación	17	C1	B		1	III.4	C		AG/AE	3/8		Conducción de vehículos.Es pecial dedicación. (*)	12.930,75
1.1.385.20	Oficial 2ª recadación	17	C1	B		1	III.4	C		AG/AE	3/8		Conducción de vehículos.Es pecial dedicación. (*)	12.930,75
1.1.385.21	Oficial 2ª recadación	17	C1	B		1	III.4	C		AG/AE	3/8		Conducción de vehículos.Es pecial dedicación. (*)	12.930,75
1.1.385.22	Oficial 2ª recadación	17	C1	B		1	III.4	C		AG/AE	3/8		Conducción de vehículos.Es pecial dedicación. (*)	12.930,75
1.1.385.23	Oficial 2ª recadación	17	C1	B		1	III.4	C		AG/AE	3/8		Conducción de vehículos.Es pecial dedicación. (*)	12.930,75

SERVIZO DE ASISTENCIA
TÉCNICA A MUNICIPIOS

1.1.342.1	Xefatura de servizo de asistencia técnica a municipios	28	A1			1	S	CE		AG/AE	10		Especial dedicación	27.976,70
1.1.409.1	Xefatura de sección	24	A1	A2		1	S	C		AG/AE	10/9			14.291,72
1.1.210.2	Arquitecto	24	A1			1	N	C		AE	17			10.472,93
1.1.179.1	Enxeñeiro técnico industrial	24	A2			1	N	C		AE	18		Especial dedicación	24.969,12
1.1.210.3	Arquitecto	24	A1			1	N	C		AE	17			10.472,93
1.1.210.1	Arquitecto	24	A1			1	N	C		AE	17			10.472,93
1.1.175.2	Arquitecto técnico	24	A2			1	N	C		AE	19			9.715,45
1.1.99.4	Delineante	19	C1	B		1	N	C		AE	20			6.427,90
1.1.15.82	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.49	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90

SERVIZO DE VÍAS E OBRAS

1.1.39.1	Xefatura de servizo de vías e obras	28	A1			1	S	CE		AG/AE	10		Especial dedicación	27.976,70
1.1.152.1	Enxeñeiro de camiños, canles e portos	24	A1			1	S	C		AE	21		Especial dedicación	25.677,11
1.1.152.2	Enxeñeiro de camiños, canles e portos	24	A1			1	S	C		AE	21		Especial dedicación	25.677,11
1.1.313.1	Enxeñeiro técnico de obras públicas	24	A2			1	S	C		AE	22		Especial dedicación	24.969,12
1.1.313.2	Enxeñeiro técnico de obras públicas	24	A2			1	S	C		AE	22		Especial dedicación	24.969,12
1.1.313.3	Enxeñeiro técnico de obras públicas	24	A2			1	S	C		AE	22		Especial dedicación	24.969,12
1.1.313.4	Enxeñeiro técnico de obras públicas	24	A2			1	S	C		AE	22		Especial dedicación	24.969,12
1.1.313.5	Enxeñeiro técnico de obras públicas	24	A2			1	S	C		AE	22		Especial dedicación	24.969,12
1.1.86.1	Enxeñeiro técnico en topografía	22	A2			1	N	C		AE	23		Especial dedicación	18.702,41
1.1.86.2	Enxeñeiro técnico en topografía	22	A2			1	N	C		AE	23		Especial dedicación	18.702,41
1.1.314.1	Auxiliar técnico de vías e obras	19	C1	B		1	N	C		AE	3/8		Especial dedicación conducción de vehículos	13.134,36
1.1.314.2	Auxiliar técnico de vías e obras	19	C1	B		1	N	C		AE	3/8		Especial dedicación conducción de vehículos	13.134,36
1.1.314.3	Auxiliar técnico de vías e obras	19	C1	B		1	N	C		AE	3/8		Especial dedicación conducción de vehículos	13.134,36
1.1.314.4	Auxiliar técnico de vías e obras	19	C1	B		1	N	C		AE	3/8		Especial dedicación conducción de vehículos	13.134,36
1.1.314.5	Auxiliar técnico de vías e obras	19	C1	B		1	N	C		AE	3/8		Especial dedicación conducción	13.134,36

													de vehículos	
1.1.314.6	Auxiliar técnico de vías e obras	19	C1	B		1	N	C		AE	3/8		Especial dedicación .conducción de vehículos	13.134,36
1.1.314.7	Auxiliar técnico de vías e obras	19	C1	B		1	N	C		AE	3/8		Especial dedicación .conducción de vehículos	13.134,36
1.1.314.8	Auxiliar técnico de vías e obras	19	C1	B		1	N	C		AE	3/8		Especial dedicación .conducción de vehículos	13.134,36
1.1.314.9	Auxiliar técnico de vías e obras	19	C1	B		1	N	C		AE	3/8		Especial dedicación .conducción de vehículos	13.134,36
1.1.314.10	Auxiliar técnico de vías e obras	19	C1	B		1	N	C		AE	3/8		Especial dedicación .conducción de vehículos	13.134,36
1.1.314.11	Auxiliar técnico de vías e obras	19	C1	B		1	N	C		AE	3/8		Especial dedicación .conducción de vehículos	13.134,36
1.1.314.12	Auxiliar técnico de vías e obras	19	C1	B		1	N	C		AE	3/8		Especial dedicación .conducción de vehículos	13.134,36
1.1.314.13	Auxiliar técnico de vías e obras	19	C1	B		1	N	C		AE	3/8		Especial dedicación .conducción de vehículos	13.134,36
1.1.314.14	Auxiliar técnico de vías e obras	19	C1	B		1	N	C		AE	3/8		Especial dedicación .conducción de vehículos	13.134,36

1.1.314.16	Auxiliar técnico de vías e obras	19	C1	B		1	N	C		AE	3/8		Especial dedicación conducción de vehículos	13.134,36
1.1.314.15	Auxiliar técnico de vías e obras	19	C1	B		1	N	C		AE	3/8		Especial dedicación conducción de vehículos	13.134,36
1.1.401.1	Auxiliar técnico en topografía	16	C2			1	IV.6	C		AE	4		Especial dedicación (*)	11.496,24
1.1.401.2	Auxiliar técnico en topografía	16	C2			1	IV.6	C		AE	4		Especial dedicación	11.496,24
1.1.99.5	Delineante	19	C1	B		1	N	C		AE	20			6.427,90
1.1.99.6	Delineante	19	C1	B		1	N	C		AE	20			6.427,90
1.1.359.1	Xefatura de negociado	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3			9.539,41
1.1.15.39	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.60	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.138	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.3.115	Auxiliar admón. xrl.	16	C2			1	N	C		AG	4			5.802,91

SERVIZO DE XESTIÓN DE PLANS

1.1.246.1	Xefatura de servizo de xestión de plans	28	A1			1	S	CE		AG/AE	10		Especial dedicación	27.976,70
1.1.255.1	Xefatura de sección de plans especiais	24	A1	A2		1	S	C		AG/AE	10/9			14.291,72
1.1.257.1	Xefatura de sección de plans provinciais	24	A1	A2		1	S	C		AG/AE	10/9			14.291,72
1.1.214.1	Xefatura de negociado de plans especiais	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3			9.539,41
1.1.225.1	Xefatura de negociado de plans provinciais	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3			9.539,41
1.1.15.14	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.76	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.77	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90

1.1.15.85	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.93	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.3.138	Auxiliar admón. xrl.	16	C2			1	N	C		AG	4			5.802,91

SERVIZO DE ARQUITECTURA E
MANTEMENTO

1.1.337.1	Xefatura de servizo de arquitectura e mantemento	28	A1			1	S	CE		AG/AE	10		Especial dedicación	27.976,70
1.1.340.1	Xefatura de sección de arquitectura e mantemento	24	A1	A2		1	S	C		AE	19		Especial dedicación	25.023,84
1.1.75.3	Arquitecto técnico	22	A2			1	N	C		AE	19			9.715,45
1.1.75.5	Arquitecto técnico	22	A2			1	N	C		AE	19			9.715,45
1.1.79.2	Enxeñeiro técnico industrial	21	A2			1	N	C		AE	18			7.821,12
1.1.320.1	Delineante coordinador	19	C1	B		1	N	C		AE	20		F4	7.942,90
1.1.99.1	Delineante	19	C1	B		1	N	C		AE	20			6.427,90
1.1.131.1	Operario/a de oficios varios	13	AP			1	N	C		AE	5			4.914,36
1.1.338.1	Enxeñeiro técnico agrícola	24	A2			1	N	C		AE	24			9.715,45
1.1.336.1	Operario de servizos II	16	C2			1	N	C		AE	4		F5-F11	11.689,41
1.1.336.2	Operario de servizos II	16	C2			1	N	C		AE	4		F5-F11	11.689,41
1.1.402.1	Operario de servizos I	16	C2			1	IV.3	C		AE	4		F4-F5-F11 (*)	13.204,41
1.1.402.2	Operario de servizos I	16	C2			1	IV.3	C		AE	4		F4-F5-F11 (*)	13.204,41
1.1.402.3	Operario de servizos I	16	C2			1	IV.3	C		AE	4		F11 (*)	9.549,17
1.1.403.1	Técnico/a de son	16	C2			1	IV.3	C		AE	4		(*)	8.001,26
1.1.404.1	Oficial de mantemento	15	C2			1	IV.4	C		AE	4		(*)	7.679,29
1.1.15.34	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.43	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90

SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA,
TURISMO E EMPREGO

1.1.362.1	Xefatura de servizo de promoción económica, turismo e emprego	28	A1			1	S	CE		AG/AE	10		Especial dedicación	27.976,70
-----------	---	----	----	--	--	---	---	----	--	-------	----	--	---------------------	-----------

1.1.351.1	Xefatura de sección de promoción económica e emprego	24	A1	A2		1	S	C		AG/AE	10/9		F2-F5-F6	20.956,53
1.1.220.1	Xefatura de negociado de promoción económica	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3			9.539,41
1.1.15.40	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.152	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.3.132	Auxiliar admón. xrl.	16	C2			1	N	C		AG	4			5.802,91
1.1.363.1	Xefatura de sección de promoción e desenvolvemento turístico	24	A1	A2		1	S	C		AG/AE	10/9			14.291,72
1.1.70.5	Técnico de xestión de proxectos	22	A1			1	N	C		AE	1/6/7			8.643,78
1.1.32.7	Técnico de xestión económico-financeira	21	A2			1	N	C		AE	2			7.821,12
1.1.352.1	Xefatura de sección de coordinación de proxectos técnicos	24	A1	A2		1	S	C		AG/AE	10/9			14.291,72
1.1.70.1	Técnico de xestión de proxectos	22	A1			1	N	C		AE	1/6/7			8.643,78
SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E MEDIO AMBIENTE														
1.1.349.1	Xefatura de servizo de desenvolvemento territorial e medio ambiente	28	A1			1	S	CE		AG/AE	10		Especial dedicación	27.976,70
1.1.70.2	Técnico de xestión de proxectos	22	A1			1	N	C		AE	1/6/7			8.643,78
1.1.15.20	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.57	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.350.1	Xefatura de sección de desenvolvemento territorial, cooperación e medio ambiente	24	A1	A2		1	S	C		AG/AE	10/9			14.291,72
1.1.70.4	Técnico de xestión de proxectos	22	A1			1	N	C		AE	1/6/7			8.643,78
1.1.70.3	Técnico de xestión de proxectos	22	A1			1	N	C		AE	1/6/7			8.643,78

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL
E DEPORTES

1.1.360.1	Xefatura de servizo de acción social, cultural e deportes	28	A1			1	S	CE		AG/AE	10		Especial dedicación	27.976,70
1.1.406.1	Técnico administración xeral	22	A1			1	N	C		AG	1			8.643,78
1.1.15.16	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.44	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.51	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.52	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.56	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.74	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.84	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.102	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.124	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.127	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.3.140	Auxiliar admón. xrl.	16	C2			1	N	C		AG	4			5.802,91
1.1.252.1	Xefatura de sección de educación, cultura e deportes	24	A1	A2		1	S	C		AG/AE	10/9			14.291,72
1.1.215.1	Xefatura de negociado de deportes	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3			9.539,41
1.1.218.1	Xefatura de negociado de cultura	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3			9.539,41
1.1.251.1	Xefatura de sección de servizos sociais	24	A1	A2		1	S	C		AG/AE	10/9			14.291,72
1.1.219.1	Xefatura de negociado de servizos sociais I	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3			9.539,41
1.1.395.1	Xefatura de negociado de servizos sociais II	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3			9.539,41

1.1.209.1	Técnico de políticas de igualdad	22	A1			1	N	C		AE	25			8.643,78
1.1.208.1	Técnico de servizos sociais	22	A1			1	N	C		AE	25			11.895,42
1.1.182.1	Técnico servizos sociais	22	A2			1	N	C		AE	26			11.895,42
1.1.182.2	Técnico servizos sociais	22	A2			1	N	C		AE	26			11.895,42
1.1.182.3	Técnico servizos sociais	22	A2			1	N	C		AE	26			11.895,42
IES RAFAEL PUGA RAMÓN														
1.1.56.15	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32		(***)	7.546,09
1.1.56.32	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32		(***)	7.546,09
1.1.56.1	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32		(***)	7.546,09
1.1.56.2	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32		(***)	7.546,09
1.1.56.4	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32		(***)	7.546,09
1.1.56.5	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32		(***)	7.546,09
1.1.56.6	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32		(***)	7.546,09
1.1.56.8	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32		(***)	7.546,09
1.1.56.9	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32		(***)	7.546,09
1.1.56.10	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32		(***)	7.546,09
1.1.56.11	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32		(***)	7.546,09
1.1.56.12	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32		(***)	7.546,09
1.1.56.13	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32		(***)	7.546,09
1.1.56.14	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32		(***)	7.546,09
1.1.56.16	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32		(***)	7.546,09
1.1.56.17	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32		(***)	7.546,09

1.1.56.18	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32		(***)	7.546,09
1.1.56.19	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32		(***)	7.546,09
1.1.56.20	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32		(***)	7.546,09
1.1.56.21	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32		(***)	7.546,09
1.1.56.22	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32		(***)	7.546,09
1.1.56.23	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32		(***)	7.546,09
1.1.56.24	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32		(***)	7.546,09
1.1.56.25	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32		(***)	7.546,09
1.1.56.26	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32		(***)	7.546,09
1.1.56.27	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32		(***)	7.546,09
1.1.56.28	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32		(***)	7.546,09
1.1.56.29	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32		(***)	7.546,09
1.1.56.30	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32		(***)	7.546,09
1.1.56.31	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32		(***)	7.546,09
1.1.56.33	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32		(***)	7.546,09
1.1.56.34	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32		(***)	7.546,09
1.1.56.35	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32		(***)	7.546,09
1.1.56.36	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32		(***) F9	8.447,24
1.1.56.39	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32		(***)	7.546,09
1.1.56.42	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	I.2	C		AE	32		(*) (***)	7.546,09
1.1.56.43	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32		(***)	7.546,09
1.1.88.1	Profesor/a educación física	24	A1			1	S	C		AE	32		(***)	7.546,09

1.1.88.2	Profesor/a educación física	24	A1			1	S	C		AE	32		(***)	7.546,09
1.1.153.1	Profesor/a de apoyo	21	A2			1	N	C		AE	9		F9	8.447,24
1.1.15.150	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F8	7.148,76
1.1.15.154	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F8	7.148,76
1.1.201.2	Subalterno/Celador/a	13	AP			1	N	C		AE	5		F13	7.710,54
1.1.11.16	Subalterno	13	AP			1	N	C		AG	5		F13	7.686,26
1.1.396.1	Mozo/a de servicio axudante	13	AP			1	V.2	C		AE	5		F13 (*)	11.275,94

IES CALVO SOTELO

1.1.57.1	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32			7.546,09
1.1.57.2	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32			7.546,09
1.1.57.3	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32			7.546,09
1.1.57.4	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32			7.546,09
1.1.57.5	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32			7.546,09
1.1.57.7	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32			7.546,09
1.1.57.8	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32			7.546,09
1.1.57.9	Profesor/a de secundaria	24	A1			1	S	C		AE	32			7.546,09
1.1.93.2	Profesor/a técnico de F.P.	24	A2			1	S	C		AE	33			7.546,09
1.1.93.3	Profesor/a técnico de F.P.	24	A2			1	S	C		AE	33			7.546,09
1.1.93.4	Profesor/a técnico de F.P.	24	A2			1	S	C		AE	33			7.546,09
1.1.93.5	Profesor/a técnico de F.P.	24	A2			1	S	C		AE	33			7.546,09
1.1.93.7	Profesor/a técnico de F.P.	24	A2			1	S	C		AE	33			7.546,09
1.1.93.8	Profesor/a técnico de F.P.	24	A2			1	S	C		AE	33			7.546,09
1.1.93.9	Profesor/a técnico de F.P.	24	A2			1	S	C		AE	33			7.546,09

1.1.93.10	Profesor/a técnico de F.P.	24	A2			1	S	C		AE	33			7.546,09
1.1.93.11	Profesor/a técnico de F.P.	24	A2			1	S	C		AE	33			7.546,09
1.1.93.12	Profesor/a técnico de F.P.	24	A2			1	S	C		AE	33			7.546,09
1.1.93.13	Profesor/a técnico de F.P.	24	A2			1	S	C		AE	33			7.546,09
1.1.93.14	Profesor/a técnico de F.P.	24	A2			1	S	C		AE	33			7.546,09
1.1.93.15	Profesor/a técnico de F.P.	24	A2			1	S	C		AE	33			7.546,09
1.1.93.16	Profesor/a técnico de F.P.	24	A2			1	S	C		AE	33			7.546,09
1.1.93.17	Profesor/a técnico de F.P.	24	A2			1	S	C		AE	33			7.546,09
1.1.93.1	Profesor/a técnico de F.P.	24	A2			1	S	C		AE	33		F9	8.447,24
1.1.93.6	Profesor/a técnico de F.P.	24	A2			1	S	C		AE	33		F9	8.447,24
C.R.D. CALVO SOTELO														0,00
1.1.125.2	Cociñeiro/a	15	C2			1	N	C		AE	4		F13 - F14	11.722,65
1.1.125.9	Cociñeiro/a	15	C2			1	IV.5	C		AE	4		F13 - F14 (*)	11.722,65
1.1.125.10	Cociñeiro/a	15	C2			1	IV.5	C		AE	4		F13 - F14 (*)	11.722,65
1.1.128.1	Axudante de cociña	13	AP			1	N	C		AE	5		F13 - F14	11.313,70
1.1.128.5	Axudante de cociña	13	AP			1	V.6	C		AE	5		F13 - F14 (*)	11.313,70
1.1.129.1	Costureiro/a	13	AP			1	N	C		AE	5			4.914,36
1.1.133.6	Operario/a de servizos varios	13	AP			1	V.1 0	C		AE	5		(*)	4.914,36
SERVIZOS XERAIS CALVO SOTELO														
1.1.118.5	Telefonista	13	AP			1	V.5	C		AE	5		F13 (*)	9.216,73
1.1.118.6	Telefonista	13	AP			1	N	C		AE	5		F13	9.216,73
1.1.15.165	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F8	7.148,76
1.1.3.122	Auxiliar admón. xrl.	16	C2			1	N	C		AG	4		F8	6.523,91

1.1.3.131	Auxiliar admón. xrl.	16	C2			1	N	C		AG	4		F8	6.523,91
1.1.397.2	Ordenanza	13	AP			1	N	C		AG	5		Parte proporcional de F12	6.096,60
1.1.397.1	Ordenanza	13	AP			1	V.8	C		AG	5		F13 (*)	7.710,54
1.1.11.17	Subalterno	13	AP			1	N	C		AG	5		F13	7.686,26
CENTRO RESIDENCIAL CULTURAL PAZO DE MARIÑÁN														
1.1.398.1	Gobernante/a	20	C1			1	III.1. B	C		AE	3		Residencia cultural F13 (*)	10.596,09
1.1.116.1	Subgobernanta	16	C2			1	N	C		AE	4		Residencia cultural F13	8.641,94
1.1.125.8	Cociñeiro/a	15	C2			1	N	C		AE	4		Residencia cultural F13	9.611,90
1.1.128.3	Axudante de cociña	13	AP			1	N	C		AE	5		Residencia cultural F13	9.154,24
1.1.130.1	Camareiro/a	13	AP			1	N	C		AE	5		Residencia cultural F13	9.154,24
1.1.130.3	Camareiro/a	13	AP			1	N	C		AE	5		Residencia cultural F13	9.154,24
1.1.130.5	Camareiro/a	13	AP			1	N	C		AE	5		Residencia cultural F13	9.154,24
FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY														
1.1.149.1	Director/a	22	A1			1	N	C		AE	27		Especial dedicación F9	20.363,01
1.1.71.1	Psicólogo	22	A1			1	N	C		AE	28		1/2 xornada	4.321,89
Novo	Educador/a infantil	20	B			1	N	C		AE	30		F13 - F14	10.248,81
1.1.15.135	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F9	7.329,04
1.1.118.3	Telefonista	13	AP			1	N	C		AE	5		F13 - F14	11.386,09
1.1.399.3	Encargado/a de portería	13	AP			1	N	C		AE	5		F13 - F14	10.680,37
1.1.125.1	Cociñeiro/a	15	C2			1	N	C		AE	4		F13 - F14	11.722,65
1.1.125.3	Cociñeiro/a	15	C2			1	N	C		AE	4		F13 - F14	11.722,65

1.1.125.7	Cociñeiro/a	15	C2			1	N	C		AE	4		F13 - F14	11.722,65
1.1.125.11	Cociñeiro/a	15	C2			1	IV.5	C		AE	4		F13 - F14 (*) (**)	11.722,65
1.1.128.2	Axudante de cociña	13	AP			1	N	C		AE	5		F13 - F14	11.313,70
1.1.173.1	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13 - F14	10.248,81
1.1.173.2	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13 - F14	10.248,81
1.1.173.3	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13 - F14	10.248,81
1.1.173.4	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13 - F14	10.248,81
1.1.173.5	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13 - F14	10.248,81
1.1.173.8	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13 - F14	10.248,81
1.1.173.9	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13 - F14	10.248,81
1.1.173.10	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13 - F14	10.248,81
1.1.173.13	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13 - F14	10.248,81
1.1.173.14	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13 - F14	10.248,81
1.1.173.17	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13 - F14	10.248,81
1.1.173.20	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13 - F14	10.248,81
1.1.173.22	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13 - F14	10.248,81
1.1.173.23	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13 - F14	10.248,81
1.1.173.25	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13 - F14	10.248,81
1.1.173.26	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13 - F14	10.248,81
1.1.173.28	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13 - F14	10.248,81
1.1.173.36	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13 - F14	10.248,81
1.1.173.38	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13 - F14	10.248,81
1.1.173.40	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13 - F14	10.248,81
1.1.173.43	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13 - F14	10.248,81
1.1.173.44	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13 - F14	10.248,81
1.1.173.47	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13 - F14	10.248,81
1.1.173.49	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13 - F14	10.248,81
1.1.173.50	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13 - F14	10.248,81
1.1.173.51	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13 - F14	10.248,81
1.1.173.52	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13 - F14	10.248,81

1.1.173.53	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13 - F14 (ocupado por celador/a)	10.248,81
1.1.174.3	Auxiliar educador/a nocturno	16	C2			1	N	C		AE	4		F12-F14	12.892,71
1.1.174.5	Auxiliar educador/a nocturno	16	C2			1	N	C		AE	4		F12-F14	12.892,71
1.1.174.6	Auxiliar educador/a nocturno	16	C2			1	N	C		AE	4		F12-F14	12.892,71
1.1.174.7	Auxiliar educador/a nocturno	16	C2			1	N	C		AE	4		F12-F14	12.892,71
1.1.120.9	Celador/a	14	AP			1	N	C		AE	5		F13 - F14	10.680,37
1.1.120.17	Celador/a	14	AP			1	N	C		AE	5		F13 - F14	10.680,37
1.1.120.33	Celador/a	14	AP			1	N	C		AE	5		F13 - F14	10.680,37
1.1.120.50	Celador/a	14	AP			1	N	C		AE	5		F13 - F14	10.680,37
1.1.120.51	Celador/a	14	AP			1	V.7	C		AE	5		F13 - F14 (*)	10.680,37
Novo	Educador/a	21	A2			1	N	C		AE	29		37,5 horas semanais que inclúen os fins de semana	7.821,12
Novo	Educador/a	21	A2			1	N	C		AE	29		37,5 horas semanais que inclúen os fins de semana	7.821,12
1.1.169.4	Educador/a	21	A2			1	N	C		AE	29		37,5 horas semanais que inclúen os fins de semana	7.821,12
1.1.169.5	Educador/a	21	A2			1	N	C		AE	29		37,5 horas semanais que inclúen os fins de semana	7.821,12
1.1.151.1	Titor/a	19	C1	B		1	N	C		AE	30			6.427,90
1.1.151.2	Titor/a	19	C1	B		1	N	C		AE	30			6.427,90
1.1.151.3	Titor/a	19	C1	B		1	N	C		AE	30			6.427,90
1.1.151.4	Titor/a	19	C1	B		1	N	C		AE	30			6.427,90
1.1.151.10	Titor/a	19	C1	B		1	N	C		AE	30			6.427,90

1.1.150.1	Titor/a de garda	19	C1	B		1	N	C		AE	30		Quendas de 24 horas	10.360,24
1.1.150.2	Titor/a de garda	19	C1	B		1	N	C		AE	30		Quendas de 24 horas	10.360,24
1.1.150.3	Titor/a de garda	19	C1	B		1	N	C		AE	30		Quendas de 24 horas	10.360,24
1.1.150.4	Titor/a de garda	19	C1	B		1	N	C		AE	30		Quendas de 24 horas	10.360,24
1.1.150.5	Titor/a de garda	19	C1	B		1	N	C		AE	30		Quendas de 24 horas	10.360,24
1.1.133.2	Operario/a de servizos varios	13	AP			1	N	C		AE	5			4.914,36
1.1.133.4	Operario/a de servizos varios	13	AP			1	N	C		AE	5			4.914,36
1.1.133.5	Operario/a de servizos varios	13	AP			1	N	C		AE	5			4.914,36

CENTRO DE DÍA DE MENORES DE FERROL

1.1.149.2	Director/a	22	A1			1	I.3	C		AE	27		Especial dedicación F9 (*)	20.363,01
1.1.3.150	Auxiliar admón. xrl.	16	C2			1	N	C		AG	4		F9	6.704,06
1.1.169.1	Educador/a	21	A2			1	N	C		AE	29			7.821,12
1.1.169.2	Educador/a	21	A2			1	N	C		AE	29			7.821,12
1.1.169.3	Educador/a	21	A2			1	N	C		AE	29			7.821,12
1.1.151.8	Titor/a	19	C1	B		1	N	C		AE	30			6.427,90
1.1.151.9	Titor/a	19	C1	B		1	N	C		AE	30			6.427,90
1.1.151.11	Titor/a	19	C1	B		1	N	C		AE	30			6.427,90
1.1.194.1	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13	8.176,74
1.1.194.2	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13	8.176,74
1.1.194.3	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13	8.176,74
1.1.194.4	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13	8.176,74
1.1.194.5	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13	8.176,74
1.1.194.6	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13	8.176,74
1.1.194.7	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13	8.176,74

1.1.194.8	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13	8.176,74
1.1.194.9	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13	8.176,74
1.1.194.10	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13	8.176,74
1.1.194.13	Auxiliar educador/a	16	C2			1	N	C		AE	4		F13	8.176,74
1.1.125.12	Cociñeiro/a	15	C2			1	IV.5	C		AE	4		F13 (*)	9.611,90
1.1.125.13	Cociñeiro/a	15	C2			1	IV.5	C		AE	4		F13 (*)	9.611,90
1.1.125.14	Cociñeiro/a	15	C2			1	IV.5	C		AE	4		F13 (*)	9.611,90
1.1.125.15	Cociñeiro/a	15	C2			1	IV.5	C		AE	4		F13 (*)	9.611,90
1.1.399.1	Encargado/a de portería	13	AP			1	V.3	C		AE	5		F13 (*)	9.519,90
1.1.399.2	Encargado/a de portería	13	AP			1	V.3	C		AE	5		F13 (*)	9.519,90
1.1.120.52	Celador/a	14	AP			1	V.7	C		AE	5		F13 (*)	8.520,91
1.1.120.53	Celador/a	14	AP			1	V.7	C		AE	5		F13 (*)	8.520,91
1.1.133.9	Operario/a servizos varios	13	AP			1	V.1 0	C		AE	5		(*)	4.914,36
1.1.133.10	Operario/a servizos varios	13	AP			1	V.1 0	C		AE	5		(*)	4.914,36
CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA														0,00
1.1.73.1	Profesor/a de danza	24	A1	A2		1	N	C		AE	35		F9	8.447,24
1.1.73.2	Profesor/a de danza	24	A1	A2		1	N	C		AE	35		F9	8.447,24
1.1.171.1	Profesor/a de danza	24	A1	A2		1	N	C		AE	35			7.546,09
1.1.171.3	Profesor/a de danza	24	A1	A2		1	N	C		AE	35			7.546,09
1.1.171.4	Profesor/a de danza	24	A1	A2		1	N	C		AE	35			7.546,09
1.1.171.5	Profesor/a de danza	24	A1	A2		1	N	C		AE	35			7.546,09
1.1.72.1	Profesor/a música-pianista	24	A1	A2		1	N	C		AE	34			7.546,09
1.1.72.2	Profesor/a música-pianista	24	A1	A2		1	N	C		AE	34			7.546,09
1.1.72.6	Profesor/a música-pianista	24	A1	A2		1	N	C		AE	34			7.546,09
1.1.72.7	Profesor/a música-pianista	24	A1	A2		1	N	C		AE	34			7.546,09

1.1.72.8	Profesor/a música-pianista	24	A1	A2		1	N	C		AE	34			7.546,09
1.1.3.76	Auxiliar admón. xrl.	16	C2			1	N	C		AG	4		F8	6.523,91
1.1.400.1	Operario/a auxiliar servizos Conservatorio de danza	16	C2			1	IV.6	C		AG	4		(*)	5.802,91
BIBLIOTECA														0,00
1.1.277.1	Arquiveiro/a-Bibliotecario/a	24	A1			1	S	C		AE	13		F9	15.192,86
1.1.15.122	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.147	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.137	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F8	7.148,76
1.1.3.90	Auxiliar admón. xrl.	16	C2			1	N	C		AG	4			5.802,91
1.1.3.151	Auxiliar admón. xrl.	16	C2			1	N	C		AG	4			5.802,91
1.1.3.152	Auxiliar admón. xrl.	16	C2			1	N	C		AG	4			5.802,91
1.1.146.1	Axudante arquivo e biblioteca	21	A2			1	N	C		AE	14			7.821,12
1.1.146.6	Axudante arquivo e biblioteca	21	A2			1	N	C		AE	14			7.821,12
1.1.146.7	Axudante arquivo e biblioteca	21	A2			1	N	C		AE	14			7.821,12
1.1.85.1	Axudante arquivo e biblioteca	21	A2			1	N	C		AE	14			7.821,12
1.1.85.2	Axudante arquivo e biblioteca	21	A2			1	N	C		AE	14			7.821,12
1.1.85.3	Axudante arquivo e biblioteca	21	A2			1	N	C		AE	14			7.821,12
1.1.85.4	Axudante arquivo e biblioteca	21	A2			1	N	C		AE	14			7.821,12
1.1.85.6	Axudante arquivo e biblioteca	21	A2			1	N	C		AE	14			7.821,12
1.1.108.1	Especialista educación infantil	19	C1	B		1	N	C		AE	30			6.427,90
1.1.108.2	Especialista educación infantil	19	C1	B		1	N	C		AE	30			6.427,90
1.1.11.27	Subalerno	13	AP			1	N	C		AG	5			5.575,51
1.1.11.30	Subalerno	13	AP			1	V.8	C		AG	5		F13 (*)	7.686,26
1.1.11.31	Subalerno	13	AP			1	V.8	C		AG	5		F13	7.686,26

													(*)	
1.1.11.32	Subalterno	13	AP			1	V.8	C		AG	5		(*)	5.575,51
1.1.400.2	Operario/a auxiliar servizos Biblioteca	16	C2			1	IV.6	C		AE	4		(*)	5.802,91
SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS														
1.1.243.1	Xefatura de servizo de planificación e xestión de recursos humanos	28	A1			1	S	CE		AG/AE	10		Especial dedicación F9	28.877,70
1.1.315.1	Xefatura de sección de xestión de RRHH	24	A1	A2		1	S	C		AG/AE	10/9		F2-F5-F6- F9	21.857,67
1.1.317.1	Xefatura de negociado de xestión	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3		F2-F5	13.830,82
1.1.223.1	Xefatura de negociado de nóminas	22	C1			1	N	C		AG/AE	3		Especial dedicación	17.558,70
1.1.224.1	Xefatura de negociado de Seguridade Social I	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3			9.539,41
1.1.226.1	Xefatura de negociado de Seguridade Social II	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3			9.539,41
1.1.289.7	Asesor técnico	22	A2			1	S	C		AE	2			7.821,12
1.1.15.180	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F1-F3-F8	10.077,76
1.1.15.81	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.316.1	Xefatura de sección de planificación de RRHH	24	A1	A2		1	S	C		AG/AE	10/9		F2-F5-F6	20.956,53
1.1.318.1	Xefatura de negociado de planificación I	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3		F2-F5	13.830,82
1.1.228.1	Xefatura de negociado de planificación II	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/3			9.539,41
NOVO	Técnico administración xeral	22	A1			1	N	C		AG	1			8.643,78
1.1.15.171	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.179	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F1-F3	9.356,90
SERVIZO DE ORGANIZACIÓN														
1.1.300.1	Xefatura de servizo de organización	28	A1			1	S	CE		AG/AE	10		Especial dedicación	27.976,70
1.1.392.1	Xefatura de sección de organización da prevención de riscos laborais	24	A1	A2		1	S	C		AG/AE	10/9			14.291,72

1.1.67.1	Técnico de prevención de riesgos laborales	22	A2			1	S	C		AG/AE	9	Como mínimo 2 Esp. ANEXO VIN RD 39/97		9.539,41
1.1.95.1	ATS/DUE de empresa	21	A2			1	S	C		AE	31	ATS/DUE Empresa		7.821,12
1.1.393.1	ATS/DUE	21	A2			1	II.3	C		AE	31		(*)	7.821,12
1.1.15.21	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.284.1	Xefatura de sección de organización	24	A1	A2		1	S	C		AG/AE	10/9		Especial dedicación	25.731,97
1.1.42.1	Técnico de organización	22	A1			1	S	C		AE	10		F2-F6	11.572,78
1.1.42.3	Técnico de organización	22	A1			1	S	C		AE	10		F2-F4-F6	13.087,78
1.1.42.4	Técnico de organización	22	A1			1	S	C		AE	10		F2-F4-F6	13.087,78
1.1.269.1	Xefatura de sección de formación	24	A1	A2		1	S	C		AG/AE	10/9			14.291,72
1.1.15.18	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.58	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.86	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.88	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90

SERVIZO DE INFORMÁTICA E ADMINISTRACIÓN
ELECTRÓNICA

1.1.302.1	Xefatura de servizo de informática e administración electrónica	28	A1			1	S	CE		AG/AE	10		Especial dedicación	27.976,70
1.1.303.1	Xefatura de sección de asistencia informática	24	A1	A2		1	S	C		AG/AE	10/9		F2-F6	17.220,72
1.1.45.12	Técnico superior informática	22	A1			1	N	C		AE	15		F2-F6	11.572,78
1.1.90.13	Analista técnico	22	A2			1	N	C		AE	36		F2-F6	10.750,12
1.1.90.15	Analista técnico	22	A2			1	N	C		AE	36		F2-F6	10.750,12
1.1.290.2	Analista programador	20	C1	B		1	N	C		AE	16		F2-F6	9.837,34
1.1.290.5	Analista programador	20	C1	B		1	N	C		AE	16		F2-F6	9.837,34
1.1.290.6	Analista programador	20	C1	B		1	N	C		AE	16		F2-F6	9.837,34

1.1.281.1	Xefatura de sección de administración electrónica	24	A1	A2		1	S	C		AG/AE	10/9		F2-F6	17.220,72
1.1.45.6	Técnico superior informática	22	A1			1	N	C		AE	15		F2-F6	11.572,78
1.1.45.11	Técnico superior informática	22	A1			1	N	C		AE	15		F2-F7	13.024,36
1.1.289.6	Asesor técnico	22	A2			1	S	C		AE	2		F1-F3	10.750,12
1.1.90.12	Analista técnico	22	A2			1	N	C		AE	36		F2-F6	10.750,12
1.1.290.7	Analista programador	20	C1	B		1	N	C		AE	16		F2-F6	9.837,34
1.1.290.14	Analista programador	20	C1	B		1	N	C		AE	16		F2-F6	9.837,34

SERVIZO DE SISTEMAS E SOPORTE

1.1.301.1	Xefatura de servizo de sistemas e soporte	28	A1			1	S	CE		AG/AE	10		Especial dedicación	27.976,70
1.1.319.1	Xefatura de sección de sistemas e infraestruturas	24	A1	A2		1	S	C		AG/AE	10/9		F7	18.027,55
1.1.45.7	Técnico superior informática	22	A1			1	N	C		AE	15		F2-F7	13.024,36
1.1.45.8	Técnico superior informática	22	A1			1	N	C		AE	15		F2-F7	13.024,36
1.1.90.14	Analista técnico	22	A2			1	N	C		AE	36		F2-F6	10.750,12
1.1.290.9	Analista programador	20	C1	B		1	N	C		AE	16		F2-F6	9.837,34
1.1.290.10	Analista programador	20	C1	B		1	N	C		AE	16		F2-F6	9.837,34
1.1.304.1	Xefatura de sección de soporte e atención a usuarios	24	A1	A2		1	S	C		AG/AE	10/9		F2-F6	17.220,72
1.1.45.9	Técnico superior informática	22	A1			1	N	C		AE	15		F2-F7	13.024,36
1.1.45.10	Técnico superior informática	22	A1			1	N	C		AE	15		F2-F6	11.572,78
1.1.90.10	Analista técnico	22	A2			1	N	C		AE	36		F2-F6	10.750,12
1.1.90.11	Analista técnico	22	A2			1	N	C		AE	36		F2-F6	10.750,12
1.1.290.15	Analista programador	20	C1	B		1	N	C		AE	16		F2-F6	9.837,34
1.1.290.16	Analista programador	20	C1	B		1	N	C		AE	16		F2-F6	9.837,34
1.1.290.17	Analista programador	20	C1	B		1	N	C		AE	16		F2-F6	9.837,34
1.1.15.167	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F1-F3	9.356,90

1.1.15.168	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F1-F3	9.356,90
1.1.15.170	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F1-F3	9.356,90

73
5

ESTRUTURA E ÓRGANOS DE GOBERNO

1.3.3.1	Técnico	24	A1			1	E	EV EN T					Especial dedicación Funcións de confianza e asesorament o especial	25.731,97
1.3.3.11	Técnico	24	A1			1	E	EV EN T					Especial dedicación Funcións de confianza e asesorament o especial	25.731,97
1.3.3.12	Técnico	24	A1			1	E	EV EN T					Especial dedicación Funcións de confianza e asesorament o especial	25.731,97
1.3.4.6	Técnico	21	A2			1	E	EV EN T					Especial dedicación Funcións de confianza e asesorament o especial	16.086,09
1.3.4.7	Técnico	21	A2			1	E	EV EN T					Especial dedicación Funcións de confianza e asesorament o especial	16.086,09
1.3.4.8	Técnico	21	A2			1	E	EV EN T					Especial dedicación Funcións de confianza e asesorament o especial	16.086,09
1.3.4.9	Técnico	21	A2			1	E	EV EN T					Especial dedicación Funcións de confianza e asesorament o especial	16.086,09
1.3.4.10	Técnico	21	A2			1	E	EV EN T					Especial dedicación Funcións de confianza e asesorament o especial	16.086,09
1.3.4.11	Técnico	21	A2			1	E	EV EN T					Especial dedicación Funcións de confianza e asesorament o especial	16.086,09

1.3.5.3	Administrativo	19	C1			1	E	EV EN T				Especial dedicación Funcións de confianza e asesorament o especial	13.121,35
1.3.5.4	Administrativo	19	C1			1	E	EV EN T				Especial dedicación Funcións de confianza e asesorament o especial	13.121,35
1.3.5.12	Administrativo	19	C1			1	E	EV EN T				Especial dedicación Funcións de confianza e asesorament o especial	13.121,35
1.3.5.13	Administrativo	19	C1			1	E	EV EN T				Especial dedicación Funcións de confianza e asesorament o especial	13.121,35
1.3.5.14	Administrativo	19	C1			1	E	EV EN T				Especial dedicación Funcións de confianza e asesorament o especial	13.121,35
1.3.5.15	Administrativo	19	C1			1	E	EV EN T				Especial dedicación Funcións de confianza e asesorament o especial	13.121,35
1.3.5.16	Administrativo	19	C1			1	E	EV EN T				Especial dedicación Funcións de confianza e asesorament o especial	13.121,35
1.3.5.17	Administrativo	19	C1			1	E	EV EN T				Especial dedicación Funcións de confianza e asesorament o especial	13.121,35
1.3.5.18	Administrativo	19	C1			1	E	EV EN T				Especial dedicación Funcións de confianza e asesorament o especial	13.121,35
1.3.5.19	Administrativo	19	C1			1	E	EV EN T				Especial dedicación Funcións de confianza e asesorament o especial	13.121,35
1.3.6.7	Auxiliar	16	C2			1	E	EV EN T				Especial dedicación Funcións de confianza e asesorament o especial	11.566,80

1.3.6.8	Auxiliar	16	C2			1	E	EV EN T				Especial dedicación Funcións de confianza e asesorament o especial	11.566,80
1.3.6.9	Auxiliar	16	C2			1	E	EV EN T				Especial dedicación Funcións de confianza e asesorament o especial	11.566,80
1.3.6.10	Auxiliar	16	C2			1	E	EV EN T				Especial dedicación Funcións de confianza e asesorament o especial	11.566,80
1.3.6.11	Auxiliar	16	C2			1	E	EV EN T				Especial dedicación Funcións de confianza e asesorament o especial	11.566,80
1.3.6.12	Auxiliar	16	C2			1	E	EV EN T				Especial dedicación Funcións de confianza e asesorament o especial	11.566,80
1.3.6.13	Auxiliar	16	C2			1	E	EV EN T				Especial dedicación Funcións de confianza e asesorament o especial	11.566,80
1.3.6.14	Auxiliar	16	C2			1	E	EV EN T				Especial dedicación Funcións de confianza e asesorament o especial	11.566,80

27

TITULACIÓN:	
1	Licenciatura en dereito, económicas, políticas ou empresariais, intendente mercantil, actuario ou equivalente
2	Diplomatura en dereito, económicas ou empresariais, relacións laborais ou graduado social ou equivalente
3	Bacharel, técnico ou equivalente
4	Graduado/a en educación secundaria obrigatoria ou equivalente

5	Sen requisito de titulación
6	Enxeñería industrial, enxeñería de camiños canais e portos, licenciatura ou enxeñería en informática, enxeñería de telecomunicacións, licenciatura en administración e dirección de empresas, psicoloxía, psicopedagogía, periodismo, publicidade e relacións públicas, física, matemáticas, química, socioloxía ou ciencias do traballo ou equivalentes.
7	Licenciatura en socioloxía, filoloxía inglesa, alemá, italiana ou francesa, historia, periodismo, documentación, bioloxía ou equivalentes.
8	Técnico/a superior ou equivalente
9	Diplomatura universitaria ou equivalente
10	Licenciatura universitaria ou equivalente
11	Licenciatura en Dereito ou equivalente
12	Licenciatura en filoloxía hispánica, especialidade: galego ou equivalente
13	Licenciatura ou graduado nunha titulación da rama de artes e humanidades ou da rama de ciencias sociais e xurídicas
14	Diplomatura ou graduado nunha titulación da rama de artes e humanidades ou da rama de ciencias sociais e xurídicas
15	Licenciatura ou enxeñería en informática ou equivalente
16	Técnico/a superior en desenvolvemento de aplicacións informáticas ou equivalente
17	Arquitecto/a ou titulación equivalente que habilite para o exercicio da profesión de arquitecto
18	Enxeñeiro/a técnico industrial ou titulación equivalente que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro/a técnico/a industrial
19	Arquitecto/a técnico/a ou titulación equivalente que habilite para o exercicio da profesión de arquitecto/a técnico/a

20	Técnico/a superior en proxectos de edificación ou en proxectos de obra civil ou en deseño en fabricación mecánica ou en deseño e edición de publicacións impresas e multimedia, ou equivalentes
21	Enxeñeiro/a de camiños canais e portos ou máster nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro/a de camiños, canais e portos
22	Enxeñeiro/a técnico/a de obras públicas ou graduado/a nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro/a técnico/a de obras públicas
23	Enxeñeiro/a técnico/a en topografía ou graduado/a nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro/a técnico/a en topografía
24	Enxeñeiro/a técnico/a agrícola ou graduado/a nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro/a técnico/a agrícola
25	Licenciatura en socioloxía, psicoloxía, dereito, ciencias políticas e da administración, psicopedagogía ou pedagogía ou equivalente
26	Diplomatura en traballo social ou grao nunha titulación equivalente da rama de ciencias sociais ou xurídicas
27	Licenciatura en psicoloxía, pedagogía ou psicopedagogía ou equivalente
28	Licenciatura en psicoloxía ou equivalente
29	Diplomatura en educación social, pedagogía ou profesor de educación primaria ou grao oficial universitario equivalente
30	Técnico/a superior en educación infantil ou equivalente
31	Diplomatura en enfermería ou grao nunha titulación que habilite para a profesión de enfermería
32	Licenciatura ou equivalente a efectos de docencia e máster nunha titulación que habilite para o exercicio de profesor de secundaria ou equivalente

33	Diplomatura ou equivalente a efectos de docencia e máster nunha titulación que habilite para o exercicio de profesor de secundaria ou equivalente
34	Graduado/a en música ou equivalente
35	Graduado/a en danza ou equivalente
36	Diplomatura ou enxeñaría técnica en informática ou grao oficial universitario equivalente

FACTORES DE COMPLEMENTO ESPECÍFICO		
FACTOR	DESCRIPCIÓN	IMPORTE EUROS 2016
Factor 1	Help Desk 1 ^{er} nivel	1.111,00
Factor 2	Help Desk 2 ^o nivel	1.313,00
Factor 3	Atención e soporte continuo 1 ^{er} nivel	1.818,00
Factor 4	Coordinación e xestión de proxectos	1.515,00
Factor 5	Libre dispoñibilidade (10% das retribucións totais do posto de traballo)	0,00
Factor 6	Soporte "in situ"	1.616,00
Factor 7	Plena dispoñibilidade e continuidade de sistemas (10% das retribucións totais do posto de traballo)	0,00
Factor 8	Tramitación anticipos de caixa fixa	720,86
Factor 9	Habilitación anticipos de caixa fixa	901,14
Factor 10	Apertura público sábados Horario fixo non suxeito a conciliación	1.616,00
Factor 11	Dispoñibilidade festivos	1.547,97
Factor 12	Nocturnidade (17% retribucións totais)	0,00
Factor 13	Turnicidade	2.110,75
Factor 14	Festividade	2.110,75

A3 =Admón. do Estado, de comunidades autónomas e local (art. 101 Lei 7/1985. Únicos postos para cubrir con funcionarios das administracións expresadas)

(*) Ocupado por persoal laboral suxeito a funcionarización/promoción interna para extinguir

(**) Xubilación parcial/contrato remuda

(***) Contía fixada pola comunidade autónoma para os seus funcionarios docentes, que se aplica automaticamente

ACTUACIÓN DE CONTROL

I.MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA E O GRUPO DO BNG-ASEMBLEAS ABERTAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA SOBRE A REINVERSIÓN DO SUPERÁVIT.

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, os Grupos Provinciais Socialista e do BNG_Asembleas Abertas da Deputación Provincial de A Coruña desexan someter á consideración do Pleno a seguinte **Moción**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) recolle as tres regras fiscais de obrigado cumprimento: estabilidade orzamentaria, débeda pública e regra de gasto.

O artigo 11.4 da LOPESF sinala que “as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario”, mentres que o art. 32, referido ao destino do superávit, sinala que “este destinarase a reducir o nivel de endebedamento”.

A lei 9/2013 de débeda comercial, modificou a lei para permitir, aos concellos que cumprisen unha serie de requisitos, destinar o superávit a investimentos financieramente sustentables, unha definición de investimentos que recolleu o Decreto/Lei 2/2014, de 21 de Febreiro no seu DÁ 16. Estas excepcións en ningún caso deron satisfacción ás demandas municipais posto que as condicións para poder acollerse á medida eran importantes: rexistrar superávit orzamentario e remanente de tesouraría, que pagasen antes as débedas pendentes con provedores para cumprir coa lei de morosidade e destinar o sobranse a amortizar débeda.

Ao longo destes anos esta situación trouxo consigo un paradoxo: as entidades locais son as únicas administracións en superávit, están saneadas e cumpren os seus obxectivos pero non poden investir ese aforro.

Nestes momentos a administración local convertiuse na administración máis cumpridora cos obxectivos marcados: a débeda local xa chegou este ano aos obxectivos do 3% fixados para 2020, con catro anos de adianto; o superávit das Entidades Locais, achega ao cómputo total de España medio punto do PIB e tamén cumpre co teito de gasto e paga en prazo aos seus provedores.

Por iso, é ineludible que o Goberno atenda as demandas do conxunto das entidades locais, e tal e como expuxo a FEMP na reunión da Comisión Nacional de Administración Local (CNAL) do pasado día 30, permítalles utilizar o superávit, que este ano rolda os 4.500 millóns de euros.

Chegou a hora de que o Goberno escoite, e sexa sensible ás reivindicacións das entidades locais, cuxas demandas son xustas, razoables e necesarias para seguir poñendo os intereses da veciñanza por diante de calquera outro, e continuar levando a cabo investimentos, desenvolvemento e o fortalecemento do Estado de Benestar

Os gobernos locais son a administración máis próxima a(o)s cidadá(n)s, e máis nestes momentos de crise, o Goberno non debe pór trabas ao seu labor na prestación de servizos públicos de calidade.

Por todo iso, os Grupos Provinciais Socialista e do BNG-Asembleas Abertas da Deputación Provincial da Coruña presentan para a súa consideración e aceptación polo Pleno da Deputación a seguinte **MOCIÓN instando o Goberno de España a:**

- Permitir que as entidades locais reinvestan o seu superávit en 2017, sen necesidade de xerar novos ingresos polo mesmo importe, a través dunha autorización legal para esa reinversión que xurda da prórroga orzamentaria dos PGE.”

Sr. Sacristán de Diego

Bos días, presidente, deputados, deputadas. Non vou proceder a dar lectura á moción que presentamos, xa que coído que todos os Grupos políticos dispoñen dela.

En síntese, trátase de solicitar ao Goberno que na Lei de acompañamento ou na prórroga dos orzamentos para o 2017 se contemple a posibilidade de que as administracións locais poidan investir o superávit do 2017 sen necesidade de xerar novos ingresos polo mesmo importe. Esta é unha reivindicación que veñen facendo todas as federacións de municipios rexionais, e ademais a Federación Española de Municipios e Provincias que adoptou o acordo por unanimidade.

A proposta baséase fundamentalmente en varias cuestións, é dicir, as administracións locais son as únicas que xeraron un superávit de 4.500 millóns, é dicir, o 0,5% do PIB, a débeda local xa alcanza neste momento o previsto polo Goberno do 3% fixado para 2020, acadamos ese obxectivo con moitísima antelación, estase, en xeral, a pagar a provedores maioritariamente nos prazos establecidos, e logo despois consideramos que é unha cuestión de equidade que todas as administracións sexamos iguais. Nese sentido cremos que a administración local con esta medida o que nos impide é fundamentalmente a aqueles concellos ou administracións locais que están a funcionar ben se lles penaliza. É un paradoxo, e ademais a administración local coidamos que hai que tratala cos mesmos criterios que se trata a outras administracións, porque todas somos iguais e recoñecidas todas na Constitución, e polo tanto cremos que os obxectivos deben ser para todos igual,

non obstante o que estamos a ver é que hai un trato diferenciado entre o que se considera a nivel estatal ou autonómico.

Con esta medida o que pretendemos é que todas aquelas administracións locais que neste momento xeraron superávit, que teñen as contas ao día, que pagan loxicamente a provedores, teñan unha posibilidade que aqueles que contribuíron a xerar ese superávit o poidan gastar, non parece lóxico que unha Corporación actual que xera superávits constantes, que non poida gastar ese diñeiro e que sexa ao mellor a Corporación seguinte a que se aproveite desa circunstancia. Ademais, tendo en conta que temos unha serie de obrigas que temos que cumprir as administracións locais, que estamos a ver que hai unha situación de necesidade en moitos dos nosos veciños, e que non podemos atender adecuadamente por non poder investir ese superávit, e ademais consideramos que un dos grandes problemas que ten o país é a xeración de emprego, con estes 4.500 millóns pensamos que se poden xerar uns cantos postos de traballo, eu creo que máis de 20.000 se poderían xerar, e é unha mágoa que non se poida facer. Polo tanto, cremos que non xera ningún problema para o Estado, nin para as Comunidades Autónomas, que o único que xera son beneficios.

Por exemplo, para facernos unha idea, a Deputación, na que estamos, podíamos dispoñer, se se modifica esa norma, duns entre 25 e 30 millóns máis para o curso 2017, polo cal non nos parece que se siga mantendo esa circunstancia tendo en conta que somos os únicos que fixemos os deberes.

Invito, desde logo, tendo en conta a unanimidade que houbo na Federación Española de Municipios, que aquí tamén haxa esa unanimidade, invito a todos os Grupos a votar favorablemente.

Sr. Díaz Grandío

Bo día, esta si que é a última intervención do ano pola nosa parte.

Pola nosa banda, apoiamos esta moción, tanto no fondo como na forma, cremos que é bo que se comecen a poñer enriba da mesa cuestións referidas a minorar o marco legal do que chamamos austericidio, porque á parte da situación socioeconómica, estamos nunha situación na que está vixente un marco legal absolutamente lesivo contra o benestar social. Mentres, o Estado e as Comunidades Autónomas van tendo unha marxe máis flexible a este nivel, de aí o aumento do orzamento na Xunta para o 2017. As entidades locais seguimos téndoo difícil para o reinvestimento do superávit, como o temos difícil para a contratación, e como o temos difícil para a prestación de novos servizos e para outras moitas medidas que terían repercusión, como dicía, sobre o benestar dos cidadáns.

Esta cuestión que conecta perfectamente co prometido pola miña banda no Pleno de orzamentos, que non é outra cousa que a nosa axenda vai estar protagonizada pola denuncia deste marco legal que favorece o austericidio, no que entra a Lei Montoro, a Lei de racionalización e sostibilidade das administracións locais ou o artigo 135 da CE, e que por iso prestarémoslle apoio a esta moción traída aquí polo Grupo de Goberno. Grazas.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Nós xa adianto que imos apoiar esta moción, pero si que me gustaría aproveitar para facer algunha reflexión, especialmente escoitando ao señor portavoz de Marea Atlántica falando de austericidio e facendo unha serie de reflexións e, polo tanto, nós tamén imos facer algunhas reflexións. En todo caso, o único que estamos facendo nesta moción, poderíamos facer algunha observación respecto da súa redacción, pero en todo caso non imos entrar nesa cuestión, imos apoiar esta moción tal e como está, e estamos en definitiva ratificando e apoiando o que a FEMP solicitou ao Goberno de España a través da Comisión Nacional de Administración Local na xuntanza celebrada o día 30.11.2016 e ao respecto da cuestión que o Goberno aínda non se posicionou.

Pero en todo caso gustárame facer unha reflexión respecto á situación que tiñan as entidades locais que tiveron unha situación complexa que obrigou ao Partido Popular a adoptar unha serie de medidas como as recollidas na Lei de Estabilidade presupostaria 2/2012 do 27 de abril. Loxicamente iso non xurde dun capricho dunha forza política nin dunha administración. Gustárame facer unha serie de reflexións que non son froito dunha opinión partidaria deste Grupo provincial, senón que reflicten o que subliña o propio Tribunal de Contas no seu informe de fiscalización do sector público local.

No ano 2010 só unicamente o 28% dos concellos de España rendían as súas contas en prazo, tras as medidas en 2014 é o 65%. Tamén o Tribunal de Contas sinala no seu informe de fiscalización que no ano 2010-2011, só o 12% dos concellos aprobaban os seus orzamentos en prazo, 852 concellos de España, é dicir, o 88% dos concellos deste país non aprobaban os seus orzamentos en prazo. Tras esas medidas, en 2014 aprobaron en prazo os seus orzamentos o 34% dos concellos, pasamos de menos de 900 concellos a máis de 2.000 concellos que aproban os seus orzamentos en prazo. Tamén sinala o Tribunal de Contas que no 2011 só o 64% dos concellos aprobaban a liquidación en prazo, 3.786 concellos, tras esas medidas, duras, é evidente que foron duras, en 2014 ese número de concellos que aprobaban a súa liquidación en prazo subiu ao 77%, máis de 4.600. Tamén o Tribunal de Contas sinala que en 2011 o resultado presupostario nas entidades locais en xeral, que mide a suficiencia dos ingresos liquidados para financiar as obrigas recoñecidas, foi de 1.025,97 millóns de euros, en 2014 ese resultado foi 1.000 millóns de euros superior, 2.280 millóns de euros. E tamén o Ministerio de Facenda sinala que en 2011 os concellos tiñan un remanente de tesourería de 2.300 millóns, que é certo, subiu en 2014 a 4.700.

Polo tanto, obviamente esas medidas permitiron sanear as contas das entidades locais e, polo tanto, tamén é certo que agora toca pedir tamén que haxa unha flexibilización desas medidas, pero obviamente o que non podemos escoitar e non estar calados é que esas medidas foron froito dunha circunstancia, dunha situación absolutamente excepcional, que requiría ese tipo de medidas. Moitas grazas e máis nada.

Sr. Requeira Varela

Antes de nada, bo día a todos e a todas, desexarlles unhas boas festas, máis que nada para probar o novo aparello e xa que se fai unha reflexión moi política desta

moción, que o BNG subscribe integramente, a min non me gustaría pasar a ocasión sen facer unha pequena reflexión.

Eu recordo perfectamente cando desde o Goberno do Estado se tomaron certas medidas políticas, con forma de lei, para facer axustes presupostarios que contribuíran a minorar a débeda do Estado. É unha mágoa que eu non teña os datos aquí, pero recordo claramente a miña intervención que reflectía datos reais e datos estatísticos de administracións públicas onde se demostraba que a débeda do Estado non era debida precisamente ás administracións locais, senón que se estaba trasladando unha situación crítica do Estado xustamente aí, ás administracións locais, e aínda a día de hoxe as administracións locais son as que lle serven de escusa, a través das medidas de aforro ás que están sometidas, para minorar a débeda do aparato do Estado en certos casos. Polo tanto, hai que facer esa reflexión. O grande aforro que temos que facer os concellos do Estado español serve para que o Estado non aforre todo o que debería aforrar.

Polo tanto, as administracións mellor xestionadas, que teñen plan de axuste, que fixeron plans de estabilidade económico-financeiro, que cada ano aforran, que están sometidas a unha lei moi rixida, ao final van acabar afogadas en diñeiro. Eu, que veño dun concello e tamén teño esa dupla faceta á que aludía o portavoz do Partido Popular como concelleiro de Compostela e como deputado provincial, eu tamén que son concelleiro nun concello que está saneado e que ten débeda cero, o que nos tememos a Corporación, eu creo que sexa cal sexa a cor política, que dentro duns cantos anos é probable que teñamos tanto remanente como orzamento municipal aprobemos, iso é terrible, e iso o que está servindo é para xustificar o gasto doutras administracións que non están sometidas a esa rixidez orzamentaria.

En todo caso, insisto, e remato a miña intervención, nós imos votar a favor e, sobre todo, boas festas a todas e a todos, eu alégrome que esta unanimidade chegue ao Congreso e chegue tamén ao Goberno do Estado e que realmente reflexione politicamente sobre o que está pasando coas administracións locais.

Sr. Sacristán de Diego

Eu precisamente a prol desa unanimidade que cremos que todos estamos de acordo en que se debe de adoptar esta medida, non fixen precisamente mención ningunha ao pasado, é dicir, o pasado, pasado está, e a situación real é a que eu describín e, polo tanto, eu creo que o que debemos de facer é camiñar cara adiante porque todas as corporacións locais están nesa liña de investir, porque ademais temos necesidades e competencias que temos que cumprir e, polo tanto, necesitamos que se nos permita esa marxe e poder reinvestir o superávit que se xera.

Por outra banda hai que dicir que, efectivamente, os concellos nun momento determinado non aprobamos os orzamentos en prazo pero hai que ter en conta que dependemos das decisións que se adoptan tanto no Goberno central como nas Comunidades Autónomas, e dificilmente podemos ter uns orzamentos serios se non temos os datos que nos van corresponder do Fondo de Cooperación Local ou da participación dos concellos nos tributos do Estado e unha serie de propostas que afectan aos concellos desde a Comunidade Autónoma nunha serie de competencias é difícil poder facer os presupostos dos concellos en tempo e forma.

E por outra parte, hai que dicir tamén que evidentemente as medidas xerais que se adoptaron, prexudicou aos concellos que verdadeiramente cumprían, é dicir, cando se xeneraliza precisamente esas medidas, que era un dos defectos que nós lle vimos, dá situacións que aqueles concellos que cumprían se sentiron evidentemente prexudicados, igual nos ocorreu co Consorcio das Mariñas, é dicir, xeneralizar que todas as empresas, ou todos os Consorcios teñen que desaparecer se xeraban, nos consorcios déficit, é o que veu complicar as situacións, son medidas xerais que, evidentemente, cremos que o único que fan é prexudicar a aqueles que cumpren. Eu non quero, evidentemente tivo efectos positivos, porque había concellos que non cumprían e hoxe cumpren e todo aquilo que sexa mellorar as administracións, nós imos estar de acordo. De todas formas, entenderá que había medidas que, efectivamente, prexudicaban a todos aqueles que cumprían.

Nada máis, e Feliz Nadal a todos, traballadores e compañeiros e compañeiras.

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA E O GRUPO DO BNG-ASEMBLEAS ABERTAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA SOBRE A REINVERSIÓN DO SUPERÁVIT.

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, os Grupos Provinciais Socialista e do BNG_Asembleas Abertas da Deputación Provincial de A Coruña desexan someter á consideración do Pleno a seguinte **Moción**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) recolle as tres regras fiscais de obrigado cumprimento: estabilidade orzamentaria, débeda pública e regra de gasto.

O artigo 11.4 da LOPESF sinala que “as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario”, mentres que o art. 32, referido ao destino do superávit, sinala que “este destinarase a reducir o nivel de endebedamento”.

A lei 9/2013 de débeda comercial, modificou a lei para permitir, aos concellos que cumprisen unha serie de requisitos, destinar o superávit a investimentos financieramente sustentables, unha definición de investimentos que recolleu o Decreto/Lei 2/2014, de 21 de Febreiro no seu DÁ 16. Estas excepcións en ningún caso deron satisfacción ás demandas municipais posto que as condicións para poder acollerse á medida eran importantes: rexistrar superávit orzamentario e remanente de tesouraría, que pagasen antes as débedas pendentes con provedores para cumprir coa lei de morosidade e destinar o sobranse a amortizar débeda.

Ao longo destes anos esta situación trouxo consigo un paradoxo: as entidades locais son as únicas administracións en superávit, están saneadas e cumpren os seus obxectivos pero non poden investir ese aforro.

Nestes momentos a administración local convertiuse na administración máis cumpridora cos obxectivos marcados: a débeda local xa chegou este ano aos obxectivos do 3% fixados para 2020, con catro anos de adianto; o superávit das Entidades Locais, achega ao cómputo total de España medio punto do PIB e tamén cumpre co teito de gasto e paga en prazo aos seus provedores.

Por iso, é ineludible que o Goberno atenda as demandas do conxunto das entidades locais, e tal e como expuxo a FEMP na reunión da Comisión Nacional de Administración Local (CNAL) do pasado día 30, permítalles utilizar o superávit, que este ano rolda os 4.500 millóns de euros.

Chegou a hora de que o Goberno escoite, e sexa sensible ás reivindicacións das entidades locais, cuxas demandas son xustas, razoables e necesarias para seguir poñendo os intereses da veciñanza por diante de calquera outro, e continuar levando a cabo investimentos, desenvolvemento e o fortalecemento do Estado de Benestar

Os gobernos locais son a administración máis próxima a(o)s cidadá(n)s, e máis nestes momentos de crise, o Goberno non debe pór trabas ao seu labor na prestación de servizos públicos de calidade.

Por todo iso, os Grupos Provinciais Socialista e do BNG-Asembleas Abertas da Deputación Provincial da Coruña presentan para a súa consideración e aceptación polo Pleno da Deputación a seguinte **MOCIÓN instando o Goberno de España a:**

- Permitir que as entidades locais reinvestan o seu superávit en 2017, sen necesidade de xerar novos ingresos polo mesmo importe, a través dunha autorización legal para esa reinversión que xurda da prórroga orzamentaria dos PGE.”

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. García Seoane

Para non ser menos que os demais desexarvos a todos boas festas, aqueles que se sentiran molestos con algunha intervención miña, principalmente nas Comisións Informativas, eu non vou contra ninguén, eu digo sempre o que penso, sen ánimo de molestar pero ás veces o que está ao outro lado pode sentirse molesto. Eu non teño nunca rancor contra ninguén, creo que a democracia é iso, respectar a todo o mundo e as distintas formas de ver a sociedade tanto política como relixiosamente, etc.

Si dicirvos a todos que hai algo que a min non me agrada neste país, e é que cando hai unha desgraza en Europa, bandeiras baixas, minutos de silencio, e cando todos os días hai desgrazas no mar, onde afogan milleiros e milleiros de persoas, onde matan a bombazos a milleiros de persoas en todo Oriente e outros países, ninguén se acorda diso. Eu non estou pedindo que haxa baixada de bandeiras nin minutos de silencio, creo que iso non conduce a nada, o que hai que loitar o que viola nenos hai que capalo, o que mata mulleres hai que exterminalo e os que arruínan as vidas no mundo de moitas de miles de persoas, aos Gobernos que o fan, hai que

eliminalos. Nada máis, o que pido é unha cooperación grande cos que sofren no mundo, nada máis e moitas grazas.

Sr. Dios Diz

Moitas grazas, Sr. presidente, tamén bo día e boas festas a todos e a todas. Un rogo relacionado coa reunión co pasado 19 de decembro tivo lugar na sede da Deputación do Padroado da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, FAEPAC, na cal se fixou o Plan de actuación para o exercicio 2017 e o meu rogo é que se dea conta deste plan, eu non sei, ao mellor xa está previsto, pero se renda conta da actividade de todo o 2016 ao conxunto da Corporación na Comisión que o propio Goberno considere máis axeitada. Máis nada.

Sr. Presidente

Está previsto na próxima Comisión. En nome desta casa, en nome de toda a Corporación, felicitar as festas loxicamente a cada un de vós e a todos os traballadores da casa, e tamén agradecer aos técnicos que instalaron o aparato, que saiban que funciona, porque era unha proba difícil de superar.

Moitas grazas, e que o 2017 sexa un bo ano para a toda a provincia. Grazas.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e cincuenta e cinco minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.